

Encrucillada

151


Nº 151 • xaneiro - febreiro 2007

REVISTA GALEGA DE PENSAMENTO CRISTIÁN Encrucillada



Nº 151 • xan - feb 2007

Encrucillada



REVISTA GALEGA DE PENSAMENTO CRISTIÁN

Complexa mocidade e complexa relixión

Xabier Blanco Vilar

Aproximación ao mundo xuvenil

Bernardo García Cendán

Algúns mozos por dentro

Rubén Aramburu Molet

A mocidade na sociedade actual

Madó Domínguez

Actualidade política, cultural e relixiosa

Xosé Luís Barreiro Rivas
Xoán Bernárdez Vilar
Rubén Aramburu Molet

Edita Asociación Encrucillada
Presidente: Andrés Torres Queiruga
Vicepresidente: Pedro Fernández Castelao
Secretaría: Engracia Vidal Estévez
Tesoureiro: Xosé Manuel Pensado

Mesa de Redacción

Pedro Fernández Castelao (dirección)
Marisa Vidal Collazo (secretaría)
Rubén Aramburu Molet (redacción)
Agustín Díaz Blanco (redacción)
Xosé Manuel Caamaño López (redacción)
Xaime M. González Ortega (corrección lingüística)
Xosé Manuel Pensado Figueiras (administración)

CONSELLO DE REDACCIÓN

Xesús Acuña Garrido	Xesús Portas Ferro
Xoán Bernárdez Vilar	Manuel Regal Ledo
Xoaquín Campo Freire	Xabier Rodríguez Madriñán
Hermelinda Dapena Tarela	María do Carme Ramos Somohano
Manuel Dourado Deira	María do Carme Solloso Blanco
Miguel Fernández Grande	Carme Soto Varela
Bernardo García Cendán	Andrés Torres Queiruga
Mariano Guizán Sánchez	Antón Vidal Andián
Xosé Antón Miguélez Díaz	Engracia Vidal Estévez
Xoán A. Neira Pérez	Pilar Wirtz Molezún
Pilar Pena Búa	<i>Carme Yebra Rovira</i>
Victorino Pérez Prieto	

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Travesa de Vista Alegre, 21 - 1º C
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 566 595
e-mail: encrucillada@mundo-r.com
Páxina web: www.encrucillada.org.es

Prezos da suscripción anual (5 números):

- Ordinaria 18 €
- De apoio desde 20 €
- Estudiantes ou parados desde 12 €
- Número solto 5 €

Publicación bimestral

CONTAS CORRENTES

Caixa de Aforros de Galicia: 2091-0342-28-3040000681 - Santiago
BBVA: 0182-5150-81-0201578208 - Pontevedra



Normas de publicación para os autores

Encrucillada defínese como revista galega de pensamento cristián e publica traballos que cadren con esta definición.

Publica fundamentalmente dous tipos de traballos: *Estudos* (de ata 32.000 caracteres, espazos incluídos) que estudarán un tema en profundidade, e *Achegas* (de ata 15.000 caracteres, espazos incluídos) que tratarán temas máis concretos ou aspectos puntuais dun tema. Os estudos deberanse acompañar dun resumo.

A revista publica tamén recensións de libros que traten os temas xa explicitados. Estas notas non deberán exceder os 4.000 caracteres (espazos incluídos) e terán a seguinte estrutura: Autor do libro analizado, Título, Editorial, cidade de publicación, ano de publicación, nº de páxinas. Comentario.

Os traballos pódense enviar por correo electrónico ao enderezo da revista. Se se envían por outro medio rogamos enviar unha versión informatizada no formato RTF (*Rich Text Format*, formato en que pode ser gardado un documento por calquera procesador e que está libre de virus). É moi importante na versión informatizada non utilizar máis códigos de formato que os estritamente necesarios (non usar estilos, nin tabulacións, columnas ou outros elementos de formato; non usar maiúsculas nos títulos). A revista utiliza as seguintes convencións tipográficas: subtítulos en **negra**, nomes de libros, publicacións, casas comerciais, institucións, etc en *itálica*, reservando as comiñas unicamente para as citas textuais. Non se utilizan nunca o subliñado nin as maiúsculas coa finalidade de destacar textos.

O autor/a consignará o seu enderezo completo para poder contactar con el/ a e a súa formación académica e actividade profesional. Tamén pode consignar o enderezo de correo electrónico se desexa que apareza na revista.

Os artigos poderán conter notas, que figurarán a pé de páxina, onde se citará tamén a bibliografía. Os libros citaranse da seguinte maneira: Inicial do nome, Apelidos, *Título en itálica*, Editorial, Cidade de edición, ano de edición, páxs. No caso dos artigos farase do seguinte xeito: Inicial do nome, Apelidos, *Título do artigo en itálica*, Nome da revista, número da revista, (ano de publicación), páxs.

A redacción da revista determinará nun prazo aproximado de tres meses a conveniencia da publicación. Neste prazo o autor será informado sobre a posible data de publicación ou lle serán suxeridos posibles cambios para que o artigo se axuste á orientación da revista.



Sumario

Nº 151
Volume XXXI
Xaneiro-febreiro de 2007

Guieiro

por Agustín Díaz Blanco **3**

Editorial

Trinta anos de *Encrucillada* enían o futuro
Mesa de Redacción **5**

Estudos

A complexa mocidade e a non
menos complexa relixión
por Xabier Blanco Vilar **8**

Aproximación sociolóxica ao mundo xuvenil
por Bernardo García Cendán **25**

Achegas

Algúns mozos por dentro
por Rubén Aramburu Molet **39**

A mocidade na sociedade actual:
perspectiva psico-educativa
por Madó Domínguez Santos **46**

A cuestión da apostasía
por Xosé Manuel Pensado Figueiras **51**
San Rosendo e o seu impacto en Galicia
por Segundo L. Pérez López **58**

Testemuño

O padre Seixas na nosa lembranza
por Quico Domínguez **69**



Crónicas

Política: Sensación de desacougo por Xosé Luís Barreiro Rivas	76
Cultura: Autonomía cultural por Xoán Bernárdez Vilar	82
Igrexa: Razóns para a esperanza por Rubén Aramburu Molet	88
Un silencio que interpela máis ca moitas palabras por Victorino Pérez Prieto	96

Recensións

La catequesis de toda la comunidad Bill Huebsch por Marcelino García Bermúdez	99
La autoestima del profesorado de religión Carmen Montaner Abasolo por Marisa Vidal Collazo	100
A ledicia de ser catequista: Manolo Cillero Hermida na lembranza Manuel Mejuto Sesto (coordinador) por Bernardo García Cendán	101

Libros chegados á Redacción

por Engracia Vidal Estévez	103
----------------------------	------------

Ilustracións

por Soledad Pite	15
	33



Encrucillada celebra gozosa

que xa cumpriu trinta anos de actividade, coa publicación dos 150 números que preceden a este. Ratifícase nos seus obxectivos e pretende adaptarse ao século XXI. Desde 1994, este proxecto converteuse nunha asociación, que ten como tarefa principal a publicación da revista, pero tamén organiza cada ano un foro de pensamento e debate, publica monografías e promove outras iniciativas, como a Escola de Espiritualidade.

Toda esta realidade ímola celebrar o 23 de marzo. E foi tamén a ocasión escollida para unha renovación de cargos, nos cales por primeira vez se establece unha distinción entre o que é a propia asociación rectora e mailo equipo xestor directo da revista. Na mancheta da publicación figura o novo organigrama e nas páxinas que seguen explícase o senso e alcance da renovación realizada, cos mellores desexos e coa esperanza de acertarmos.

Polo demais, este número 151 dedica unha atención especial á mocidade. No primeiro estudo Xabier Blanco Vilar analiza o mundo no que viven os mozos de hoxe e os seus desencontros coa igrexa. Segundo o autor, mesmo se moitos mozos teñen vivencias positivas da fe, esas “apenas se converten en experiencias; é dicir, non deixan pegada neles. Dende o punto de vista da evanxelización e da educación cristiá é importante que as vivencias de fe que podan chegar aos mozos se convertan para eles en auténticas experiencias cristiás. Para iso son necesarios os procesos, os itinerarios, e tamén a acollida, o acompañamento, o seguimento e a referencia testemuñal dos educadores e educadoras”.

Bernardo Gacía Cendán analiza a situación da mocidade desde a perspectiva sociolóxica. Pon o acento no seu afastamento das prácticas relixiosas e das crenzas tradicionais. Pero tamén abre algunha posibilidade de diálogo: “a disposición a valorar esa *autonomía persoal* sería un bo punto de arranque para que a mocidade chegue a descubrir na mensaxe cristiá unha promesa de vida interesante, que diso se trata: non de pertencer por facer número e converter en poderosa a unha institución, senón de *experimentar* nela un xeito de vivir satisfactorio”.



Rubén Aramburu achéganos testemuños da súa experiencia no contacto cos mozos.

Tamén el cre que somos os adultos os chamados a promover solucións: “Creo que o gran reto dunha pastoral e atención aos mozos non é posíbel se non se fai antes un traballo que implique os pais e as familias. É un enorme esforzo e quizais os tempos de desidia non axuden”.

A profesora Madó Domínguez reférese, entre outros aspectos, á violencia no ámbito escolar e pide que os adultos adopten medidas de prevención e remedio “establecendo eles mesmos un clima de respecto e de non discriminación; algúns profesores que exacerbaban a competitividade de forma que todo vale para destacar... deberían pensar que deste xeito están creando un caldo de cultivo propicio para as condutas irrespectuosas e agresivas entre o alumnado”.

Xosé Manuel Pensado dedica o seu artigo ao fenómeno da apostasía, buscando na rede as razóns desta actitude, que contrasta cos datos oficiais das diferentes dioceses. “Non se pode meter nun mesmo saco sen máis a todos os que abandonan a fe, é preciso, coma sempre, coñecer as persoas concretas para ver as motivacións particulares que levan a dar este paso”.

Achegarnos hoxe á figura de San Rosendo, da man de Segundo Pérez López, é ver a imaxe dun bispo que promove santidade, xustiza e liberdade a carón de si; que se entrega con exuberante xenerosidade ao seu ministerio evanxelizador, de diversas formas e con compromisos de tipo social e político, que fan da súa figura unha das personalidades máis relevantes de Galicia e Portugal.

Por suposto, contamos coas seccións habituais que da actualidade política, cultural e relixiosa do país, recensións de publicacións recentes e coa listaxe doutros libros recibidos na revista, xunto coas ilustracións coas que Sole Pite traduce en imaxes o cerne das ideas das páxinas circundantes. Nesta ocasión tamén damos acollida a un traballo de Victorino Pérez Prieto, sobre unha película de éxito e fondo significado relixioso, como é *“El gran silencio”*.

Agustín Díaz
tintxu@teleline.es



Trinta anos de *Encrucillada* enfían o futuro

Mesa de Redacción

A vida consérvase renovándose. *Encrucillada* séntese viva. O 27 de febreiro de 1977 viu a luz o seu primeiro número, baixo o impacto do Vaticano II. Precederan tres anos de xestión e moito traballo, moito esforzo e ilimitadas doses de ilusión e esperanza. Con motivo dos 10 e dos 25 anos (números 50 e 126), fixemos memoria e evocamos a historia. Agora, aos 30 anos, trátase de encarar o futuro. Pensamos que soou a hora dunha renovación a fondo.

Houbo xa moitos cambios no consello da revista (a lista chega case aos cen nomes). Con todo, o núcleo central da dirección permaneceu ao temón todo este tempo. A revista navegou sempre tratando de se manter na onda da actualidade, cun consello sempre xeneroso e creativo, atento aos cambios que ían pedindo a nosa realidade galega e eclesial. Nunca se consegue todo o que se arela, pero non estamos descontentos do acadado. Pensamos que *Encrucillada* cubriu unha etapa importante na historia da igrexa galega.

Pero o tempo é inflexible. Nin a igrexa nin a Galicia do 2007 son as do 1977. Nos anos sesenta e setenta o espertar conciliar acaparou a nosa actividade, afirmou o noso compromiso cristián e aportou novo zume vital ás raíces da nosa fe. A esperanza encheu as velas e lanzounos ao mar dunha Galicia tamén en transo de renovación, que estaba a pedir unha Igrexa encarnada, á medida das novas esixencias e con respostas ás novas posibilidades. Agora case todo cambiou de maneira radical.

Cambiou a teoloxía, que tras o entusiasmo e explosión creativa do Vaticano II, intenta encontrarse a si mesma, tensa hoxe entre un estancamento forzado e a chamada dos novos e irrenunciabes camiños abertos. Cambiou Galicia, cunha autonomía nunca antes soñada, pero aínda dilacerada entre realizacións innegables e fondas esperanzas frustradas. Cambiaron, por iso, as demandas que a nosa sociedade lle puña a *Encrucillada*; e apareceron novas revistas que, cubrindo campos específicos, piden unha nova concentración no que pode ser a nosa peculiar achega á tarefa común. Cambiou mesmo a fasquía dos subscritores: o paso do tempo vai roubando a moitos dos primeiros, e aínda non se configurou con claridade o perfil dos seguintes.

Todo está a esixir unha renovación a fondo. Demasiadas veces, cando isto sucede, espérase demasiado e acábase por arranxar tristes ruínas ou recompoñer os restos dun naufraxio. Por iso nós queremos xustamente actuar agora, cando a revista marcha ben, a ilusión segue viva e a esperanza se mantén intacta. Queremos renovar sen romper: cambiar de temoneiro, pero manter o rumbo.

Porque segue viva, en *Encrucillada* foi nacendo un equipo de xente máis nova, cos mesmos ideais, pero coa sensibilidade propia do seu tempo: con máis acaída sintonía para os novos problemas e as novas xeracións. Xunto coa diminución da idade, aumenta tamén de maneira significativa —signo dos tempos— o protagonismo dos segrares. Mesmo temos a sorte de contar cunha nova sede: grazas á xenerosidade da Congregación das Relixiosas Doroteas, a revista ten a partir deste ano unha casa propia. ¿Será tamén un símbolo que a nova xeira comece cun número dedicado á mocidade?

Os que damos o relevo, non marchamos. Os novos contan non só co noso agradecemento, senón tamén co noso apoio incondicional. Seguimos con eles. Pero agora, porque é súa a responsabilidade máis directa, cremos que súa debe ser tamén a iniciativa. Tócalles a eles e a elas configurar unha nova fasquía para o futuro de *Encrucillada*. Á súa xenerosidade e ao seu compromiso queda agora entregado o desafío da permanencia e o encargo de manter acesa a responsabilidade da misión.

Á inevitable saudade dos traballos e os días dunha etapa cumprida, únese a satisfacción certa de ollar o gratificante panorama dunha xeración disposta a testemuñar unha fe pensada e reflectida á altura do novo tempo e da nova circunstancia. Unha vez máis, o anuncio do Evanxeo, é dicir, da boa nova dun Deus *Abbá* que, porque é amor, chama ao amor e convoca ao servizo, ten que traspasar unha soleira histórica.

Pasar do século XX ao século XXI vai marcar a nova xeira de *Encrucillada*. Non vai ser fácil. O clima non é favorable, nin por parte da oferta oficial da igrexa nin pola receptividade social nun momento cultural que non sempre distingue entre secularidade e secularismo. Pero a esperanza, que se apoia en Deus e no fondo mellor da humanidade, segue presente e actuante. Esperar “contra toda esperanza” foi sempre a marca do movemento relixioso fundado por un Crucificado e animado pola súa Resurrección.

Non queremos ser cegos ante as dificultades. Pero tampouco renunciámos á confianza. Noso segue a ser o lema que nos une con tantos devanceiros: *Deus fratresque Gallaeciae*. Nosa segue a ser a ilusión anunciada no díptico co que en 1977 se facía a presentación inicial de *Encrucillada*: ser desde a fe “instrumento de toma de conciencia, de plataforma de encontro, de obradoiro de ideas e tarefas”.

Mesa de Redacción



A complexa mocidade e a non menos complexa relixión

Xavier Blanco Vilar

1. Un aviso previo

Todo intento de clasificación e análise da mocidade ten moito de relativo dado que:

1º) Non se pode falar da mocidade coma dunha categoría uniforme e real. Non hai mocidade, senón mozas e mozos, cunha enorme diversidade e pluralidade de talentos, ideas, formas de ser, valores... Valla coma exemplo estes dous textos de dúas adolescentes da mesma idade e dun contexto sociocultural bastante semellante:

Texto 1:

“Hola otra vez, Cris. ¿Cuánto pesas? Pues Lucía se metía los dedos. Pesaba 48 y llegó a pesar 34, ¡flipa! Y ahora todos los pavos dicen que está cachondísima. Y ella es bajita como yo, bueno un poquito más alta, pero muy poquito más que yo.

A mi me cuesta un mazo adelgazar, por lo menos eso me parece. Pero lo chungo son mis padres. Con ellos no puedo pasar de comer. Dime truquillos para que no se den cuenta. ...”.

Texto 2:

“Son eu, e estou aquí. Son pequena, e ás veces sinto que todo é grande. Son eu, estou chea de erros, teño medos, e angurias, e risos. Son débil, choro moito. Dou pasos en falso, non sei desprenderme das cousas. Vou rápido, e quixera ver máis do que vexo. (...). Son luz feble que anceia alumear, pero, como a auga, desexo que a miña luz tire para abaixo. Só son un reflexo, un proxecto de reflexo que outr@s foron, e créome auténtica, porque ti es quen me devolve a autenticidade. (...): Son só verbas

inventadas nun papel imaxinario. Son só soños que soñan ser verdade. Pensamentos que voan no vento, pero que ti rescatas en cada respiración. (...). Son semente do Espírito de Deus que agardo en min para xermolar. Non son terra fértil porque non son valente. Son principio ao amor que intenta saír...”.

En concreto, cando falamos de mocidade galega estamos a falar de 543.583 persoas que teñen entre 15 e 29 anos. E se falamos de mocidade española en xeral estamos a falar de 9.245.420 persoas (4.759.015 homes e 4.486.405 mulleres)¹. E como a franxa de idade é tan ampla existe un feixe de posibilidades de división: xoves-adolescentes; xoves-xoves; xoves-adultos.

A este respecto resulta interesante a tripla división que fai Olabuénaga²: os xoves cidadáns adultos (un de cada catro) que adquiriron a autonomía total marcada polo final dos seus estudos, a adquisición dun traballo e dunha célula familiar propia; os xoves de cidadanía precaria (a metade deles) que prolongan a súa reclusión escolar e viven nunha familia-hotel; e os xoves libertos (un de cada catro) que xa abandonaron os estudos, acadaron a maioría de idade, pero viven no paro: “Gozan de todos os dereitos democráticos, menos do dereito de saír da xuventude e asentarse como persoas adultas³”.

Esta premisa é moi importante porque podemos caer na trampa de pensar que estamos a facer un retrato da mocidade e resulta que, no fondo, o que fixemos foi unha auténtica caricatura.

2º) Propiamente hai que dicir que non hai “problemas ou cuestións xuvenís”, senón problemas sociais que se reflicten ou condensan nas mozas e mozos. Daquela, sería outra caricatura separar en compartimentos-estancos mocidade-adultos-sociedade en xeral.

2. Unha constatación

A partir dos anos 90, en España prodúcese unha crecente

¹ INE, *Revisión del Padrón Municipal de Habitantes a 1 de Enero de 2005*.

² Cfr. José I. Ruiz Olabanuega (Dir.), *Juventud liberta*, Fundación BBV, Bilbao 1998, 121-125.

³ *Idem*. p. 125.

preocupación polos mozos e mozas. Tal preocupación reflíctese, sobre todo, na grande edición de estudos, análises e reflexións sobre o tema xuvenil. Se nos preguntamos a que se pode deber tal preocupación, os estudosos e estudosas dan unha tripla resposta⁴:

Os mozos e mozas están abandonando ou ignorando as institucións sociais, especialmente 4 delas: a igrexa, o exército, os partidos políticos e o matrimonio (non a familia). Estase a dar na mocidade unha enorme sospeita-desconfianza das institucións.

a) As mozas e os mozos manifestan un supremo desapego dos criterios normativos da sociedade: as normas dítanas eles, elas mesmas, extraídas das súas experiencias, dos seus acertos e dos seus erros, da súa convivencia co grupo de iguais. Non admiten ningunha norma que veña de fóra, sobre todo as que teñen que ver cos seus “coutos privados”: o sexo, as relacións de amizade, o ocio-tempo libre-diversión.

b) Os mozos e mozas son percibidos como unha ameaza; ameaza á nosa tranquilidade, ás nosas expectativas, á orde que demos en chamar “social”, ás nosas tradicións, a todo o que damos por suposto e que por iso fundamenta tantas crenzas e actitudes que consideramos imprescindibles.

3. Mocidade e relixión. Panorama descritivo e narrativo

3.1. Panorama descritivo

Xa no ano 2003 o chorado Mardones escribía que “*se botamos unha ollada aos mozos españois actuais temos que confesar que camiñamos cara unha mocidade predominantemente non relixiosa. O mundo xuvenil amósase escasamente receptivo á dimensión relixiosa. Un rechamante 70% non ofrece sensibilidade relixiosa ou, cando menos, non a mostra. Con estes datos non é esaxerado falar de xoves sen relixión, ou digámolo máis cautamente, de mozos sen manifestacións relixiosas claras*”⁵.

⁴ Cfr. Juan González-Anleo, *Luces y sombras de la juventud actual*, en Instituto Superior de Pastoral, *La Iglesia y los jóvenes a las puertas del siglo XXI*, Verbo Divino, Estella 2002, pp. 39 e ss.

⁵ J.M Mardones, *La indiferencia religiosa en España. ¿Qué futuro tiene el cristianismo?* Ediciones HOAC Madrid 2003, p. 31.

Das moitísimas categorías sociolóxicas que aparecen nos moitos análises realizados nestes últimos anos en torno ao binomio mocidade-relixión voume centrar agora en tres:

a) *Unha mocidade marcada pola indiferenza relixiosa*⁶:

Estamos asistindo a un debilitamento intelectual da relixión e de Deus. Non hai un amplo discurso racional de negación da existencia de Deus; pero tampouco non hai un discurso no sentido da súa afirmación. O tema “Deus” queda separado do pensamento especulativo.

Non é doado definir con precisión este fenómeno da indiferenza dado que se trata dunha tendencia complexa, caracterizada subxectivamente pola ausencia de inquietude relixiosa e obxectivamente pola afirmación da irrelevancia de Deus e da dimensión relixiosa da vida: aínda que Deus existise, non é un valor para a persoa indiferente.

A persoa indiferente vive na despreocupación fronte ao “mundo relixioso”. Non se pronuncia nin a favor nin en contra de Deus. A problemática relixiosa non lle interesa. Vive sen horizonte transcendente. Pero a indiferenza non constitúe unha ideoloxía, senón unha mentalidade: espállase como unha atmosfera envolvente.

b) *Unha mocidade marcada por unha “relixiosidade difusa”*:

Na mentalidade imperante, o sagrado non queda habitado nin confinado a ningunha relixión, senón que circula libremente pola realidade. Por iso a busca actual de Deus realízase fóra, á marxe das institucións relixiosas. O único que pode xestionar o sagrado é o propio suxeito. En caso de haber busca de encontro con Deus, tal busca realízase dende o experiencial, dende a intimidade; é unha relixiosidade da experiencia. Esta subxectividade non exclúe o grupo ou a comunidade; pero trátase de “grupos cálidos” de pertenza débil, nos que predomina o emocional.

Daquela, a relixiosidade é libre e está composta de elementos tomados de moitas tradicións, moitas relixións, elementos culturais

⁶ Cfr. A. Jiménez Ortiz, *¿Qué hacer frente a la indiferencia religiosa?* en RAZON Y FE 237 (1998) 391-403.

diversos. Estamos ante unha relixiosidade ecléctica, “de supermercado” onde calquera elemento é considerado bo se satisfai ao suxeito; é dicir, se lle axuda a realizar a experiencia relixiosa. De aí que sexa unha relixiosidade pouco estruturada, na que prevalece a espontaneidade; e tamén pouco intelectualizada, estudada, racionalizada. Esta devandita espontaneidade non significa que se xere unha relixiosidade a-ritualizada, senón con novos ritos onde prima a emotividade e a creatividade, o simbólico fronte aos ritos xa establecidos que carecen de significado para o suxeito.⁷

c) *Unha Mocidade en convivencia co “fundamentalismo relixioso”*⁸.

“Relixión forte” é como denominan algúns autores á relixiosidade fundamentalista hoxe en día tan presente. Os obxectivos de tal “relixión forte” son protexer e profundar na identidade relixiosa; promover unha presenza relixiosa clara e definida competindo con outros movementos relixiosos, coas instancias seculares e as ideoloxías ou filosofías da modernidade e posmodernidade.

Mardones sinala os seguintes trazos e actitudes da relixiosidade fundamentalista: a busca de seguridade e certeza, o sentimento de minoría, a protección da comunidade, e a percepción de Deus como Aquel que falou nitidamente.

¿Cal é a lectura do “sagrado” que se fai dende o fundamentalismo relixioso?

a) O sagrado aparece coma algo obxectivado: está presente nos textos sagrados e na tradición relixiosa á que se pertence, que posúe a “verdade perfecta” ou a verdade toda da revelación de Deus. A recta interpretación de todo o referente ao sagrado correspóndelle unicamente aos propios líderes ou autoridades da comunidade, auténticos depositarios do “depósito da fe”.

b) A actitude relixiosa que prevalece é a do sagrado posuído: o sagrado é recibido como algo que se pode gardar, ter, posuír, perder.

⁷ Cfr. J.J. Cerezo e Pedro J. Gómez Serrano, *Jóvenes e Iglesia. Caminos para el reencuentro*. PPC, Madrid 2006, p. 57.

⁸ Cfr. J. Mardones, *La transformación de la religión. Cambio en lo sagrado y cristianismo*, PPC, Madrid 2005, páxs 86 a 103.

c) O sagrado que se habita como un universo que caracteriza un mundo e un xeito de pensar, vivir e comportarse é un sagrado claro, onde non hai ningunha dúbida respecto ao fundamental.

d) É un sagrado que proporciona certeza e seguranza. A persoa crente de sensibilidade fundamentalista coñece e sabe en que sitio ten que estar e de que forma ten que comportarse e que ten que sentir. Trátase, pois, dunha relixiosidade que proporciona unha identidade forte, unificadora da persoa e da vida

e) Este sagrado ten un carácter totalizante: a relixión abrangue e envolve toda a vida.

Quizais o que resulta máis curioso dos militantes do “fenómeno fundamentalista” é que, como ben analiza Mardones⁹, tratan de escindir a modernidade en dúas metades. Por unha banda, a modernidade técnico-económica á que se apuntan sen ningún tipo de prevención (pensem no fenómeno dos telepredicadores ou da fascinación que os medios técnicos espertan nos líderes fanáticos por exemplo islámicos). Por outra banda iría a modernidade crítico-ilustrada que rexeitan coa súa actitude contraria a todo o que nos chega dende as ciencias históricas e sociais.

Detrás do fenómeno fundamentalista está a actitude demonizadora, tan frecuente no eido eclesiástico, que ve no mundo e na cultura actual só tebras e erros. O contexto actual é condenado sen fisuras e, fronte a un mundo considerado perdido asúmense posicións integristas, cheas de nostalxia do pasado e de rixidez doutrinal. As vías de saída adoitan ser dúas: ou “o espírito de cruzada” e a contraposición, coa fin de converter o mundo e reconquistar o espazo perdido; ou, polo contrario, “a fuga do mundo”, considerado irrecuperable, para refuxiarse no niño tranquilizador do grupo, do movemento, da seita elitista.

3.2. Panorama narrativo

Todo intento é aproximado e traidor, pero non podemos deixar de intentalo.

⁹ *Cfr. Idem. páx. 102.*

Haiche para todos os gustos e de todas as cores. Empezando polos que negan en público calquera “contacto con ela” (a relixión), pero logo deixan capelas coma a Corticela (na catedral de Compostela) cheas de mensaxes ao Cristo agoniante pedindo a súa axuda ante os fracasos amorosos ou as notas da universidade... Pura maxia... ou invocación terxiversada?

Hainos (e hainas) tamén que encontraron nese mundo (o da relixión) o agarimo, a protección, a tenrura, a “calefacción” que non encontran na propia casa nin na intemperie do anonimato das rúas e das aulas. Aférranse ao grupo da parroquia, do colexio ou do centro xuvenil como a cravo ardendo, dispostas e dispostos a todo con tal de non morder máis voltas o po da soidade e o esquecemento: se hai que rezar, rézase; se hai que reflexionar, reflexiónase... todo por un suculento prato de lentellas: sentirse chamados e chamadas polo seu nome, tidos en conta, recibindo o sorriso cómplice de quen se sente no mesmo asunto. ¡Estes si que saben botarlle emoción ás celebracións da fe: os cantos, as mans unidas, e as bágoas que asoman nos momentos clave!

Cómo non citar aos que fixeron dela unha boa ideoloxía? Convéncelles o estilo de Xesús, os seus valores, o seu proxecto de fraternidade, pero... a outra parte do contrato, o amor dun Deus que acompaña e promove, que está aí falando de mil xeitos... iso xa non, iso é demasiado como para crelo, ou quizais o problema está en que aínda non apareceu o mistagogo ou mistagoga que saiba dar coa “tecla máxica” que disipe prexuízos, abra o entendemento e faga xurdir dende o máis fondo un gozoso eureka! Sonche cristiáns ateos ou case por moi forte e contradictorio que soe... E, dito en baixiño, non che é pouco para os tempos que corren cando algúns das súas mesmas idades gozan queimando mendigos ou machucando aos compañeiros e compañeiras da aula. Mentres iso fan, eles e elas apostan por uns cantos valores de Xesús: a ocupación e preocupación polos outros, a busca de ambientes máis humanizadores... o problema é que “iso de Deus” soa a algo demasiado abstracto, etéreo, afastado... E cando a institución nomea machuconamente a palabra Deus e as súas palabras *ad lateres*: redención, graza, salvación... a cousa complicase aínda máis, e quizais de novo, “revelar” tórnase “velar” (cf. GS 19).



Tamén che están os militantes duros que a nada nin a ninguén temen e que se fartaron do “cristianismo vergoñante” dos xa desaparecidos *progres...* e como compensación métenche a Deus polos ollos e as orellas, predicando nas prazas as súas consignas: “Cristo es el señor, María es la reina de la paz”... Non hai moitos anos atopeinos na praza do Obradoiro. Era a véspera do Día do Apóstolo e da Patria Galega... Estabamos milleiros e a todas e todos nos evanxelizaron cos seus cantos, e todos soubemos que María é a raíña da paz e Cristo é o señor da historia... E, cun sorriso nos beizos, regalábanche velas e biblias e a festa de todos converteuse, de novo, en festa bautizada grazas aos novos cruzados antiseccularistas... Viven eles e elas un bo momento, con todas as simpatías oficiais imaxinables...

Hainos que aló por onde pasan sementan vida coa súa xenerosidade e non pouco heroísmo: fins de semana ao servizo da xente máis noviña, metidos con alma e corpo nos currunchos máis escuros do cuarto mundo das nosas periferias, levando aire limpo e alento aló onde todo cheira a podremia, fracaso, frustración, desesperanza... E cando tenta o desalento e o abandono pónense nas mans do Deus de Xesús e seguen camiñando, empeñados en transformar a historia agora que tantos anunciadores de transformación dimitiron, ou renunciaron ou “pasáronse ao inimigo”... Cren e apostan polo reino, aínda que cada día se tropecen mil voltas co poder esmagante e implacable do anti-reino... Non che len moita encíclica e documento, pero a súa faciana transparente satisfacción cando soan nomes coma Ellacuría, Romero, Casaldáliga, Rigoberta Menchú, as teólogas feministas... Sábense nesa igrexa e con esa Igrexa soñan e nela atopan os motivos que outras historias máis oficiais lle negan.

E tamén che están os outros e outras, os que bocexan nada máis intuír que, dalgún xeito, se fai presente o “mundo relixioso” nalgunha das súas mil formas: amárganos as clases de relixión só con fixarse na postura que adoptan no pupitre; dinamitan o discurso máis apaixonante e apaixonado coa súa cara de cansazo e indiferenza, abúrreos a película de Romero ou a Misión, e a madre Teresa parécelles pouca cousa...

De cando en vez, un pensaría que “non hai Deus” que consiga motivalos e facerlles soñar con algo un pouquiño máis entrañable

que os vómitos do xoves, venres ou sábado noite... E un supón que ao outro Deus, ao de Xesús de Nazaré, tamén o deben ter preocupado co déficit de vida no que andan envoltos estes seus fillos e fillas derrotados, aínda que moitas voltas burguesiños...

As súas miradas dispersas e superficiais, a súa canseira ante toda contemplación e todo esforzo de pensar ou ler foron o trauma dos axentes de pastoral dos anos 90 e tamén da nova década.

Se alguén encontrou o camiño para que o Evanxeo volva ser saboreado coma liberadora e boa noticia por estes e por estas, que monte un máster con urxencia e que nos convoque en concilio...

Quedan moitos máis. E, sobre todo, queda cada un que é un pouco algo de todos os narrados e, na súa orixinalidade, é máis que todo o apuntado porque aquí son verdade cumprida os versos do poeta: “Nadie fue ayer...”.

E foiche tamén outro poeta quen deixou dito que do que se trata é de “sacar de tí tu mejor tú” e nesa tarefa de axudar e acompañar a que xurda o “mellor tú” de cada un seguimos moitas e moitos dende os mares de Fisterra ata os olivos de Andalucía... e máis...

4. Que facer ante este panorama?

Se tentamos ser honestos coa realidade só cabe dicir que todos os datos que manexamos no binomio mocidade galega/española-relixión nos levan a falar do declive e esborrallamento da relixión entre as xeracións novas.

Que facer? Coido que varias son as tarefas que compre levar a cabo. A primeira de todas consiste precisamente en ser honestos con esa constatación, non mirar para outro lado e analizar cales poden ser as causas de tal declive.

Así, para Anleo¹⁰, as causas son as seguintes:

1) A secularización ambiental xeou o corazón relixioso de moitos mozos e mozas. A relixión aparece coma algo irrelevante na vida pública e mediática e é abismal o descoñecemento popular da

¹⁰ Cfr. Anleo, artigo citado, páxs 56 a 58.

relixión, o cristianismo, o evanxeo, a igrexa, a súa historia. Ademais, brillan pola súa ausencia os modelos sociais e culturais católicos –intelectuais, artistas, políticos, científicos, deportistas, escritores– cos que a xente nova poida identificarse e “respirar” en católico. Brillan pola súa ausencia, porque se agocharon dado que o “católico” non está de moda.

2) A quebra da socialización relixiosa familiar. Antes, sobre todo a nai e máis a avoa, transmitían a nenas e nenos un rico e amplo caudal relixioso, aprendían ao fillo ou á neta as primeiras oracións e con eles rezaban; contábanlle historias e lendas da Biblia e o Evanxeo... Todo iso está desaparecendo. A reclusión dos avós en residencias para anciáns rompeu un precioso elo de socialización relixiosa difícil de substituír.

3) O escaso atractivo social da oferta eclesial para mozos e mozas.

4) O xurdimento do que poderíamos cualificar como “relixións de substitución”: os novos movementos sociais, as novas “misións” protagonizadas polas ONG e os voluntariados, e todas as formas de “misioneirismo civil” que tomaron o relevo do relixioso...

Pola súa banda, Javier Elzo¹¹, pon de manifesto os déficits eclesiais máis salientables nos estudos empíricos sobre a xuventude. Velaquí o seu resumo:

1. A distancia da parroquia coma espazo vital para os mozos e os adolescentes: a vida da xente nova transcorre fóra da parroquia: a pastoral xuvenil deberá aceptar o policentrismo da acción pastoral, e identificar e valorar os “novos lugares” e as “novas vías” de acceso aos mozos, a todos, non só aos incondicionais.

2. Nesta mesma liña, a falla de instancias –grupos, proxectos, accións e actividades, tarefas– atractivas para a mocidade, a excepción dalgúns espazos cálidos onde a presenza de sacerdotes e relixiosos e relixiosas diminúe. De aí a importancia dos axentes de pastoral laicos.

¹¹ Cfr. J. Elzo, “La socialización religiosa de los jóvenes españoles”, en VII foro sobre tendencias sociales. Tendencias e identidades, valores y creencias. Madrid, UNED 2003.

3. O complexo de inferioridade que fai que se oculte a matriz relixiosa de moitas obras sociais e de voluntariado¹².

4. A difícil comprensión por parte da mocidade do papel da muller na Igrexa, sobre todo nesta hora da definitiva ascensión social, cultural e profesional das mulleres.

5. A fenda entre a doutrina oficial sobre a vida sexual e a praxe sexual das novas xeracións.

Unha vez asumido o diagnóstico (declive e esborrallamento da relixión entre a xente nova) e analizadas as súas causas, a segunda tarefa consiste, en palabras do teólogo José Luis Moral, en aliarse (que non “learse”) cos mozos e mozas.¹³

Expliquemos primeiro qué significa iso de “aliarnos”.

O primeiro elemento de toda pastoral xuvenil, sen o que resultaría imposible traducir a boa nova que queremos transmitir, non é outro que o da alianza e a acollida incondicional das mozas e mozos.

“Pedagoxía da alianza”; máis que amor, alianza: mentres que o amor ou caridade acentúan máis o protagonismo dos que queren, a palabra alianza –ademais das resonancias bíblicas– despraza o acento á reciprocidade da relación –conxugando tanto o amor coma o respecto e o dereito á diferenza– e subliña o compromiso. Antes de nada, temos que poñernos descarada e incondicionalmente da

¹² *Pequeno desafío de pastoralista: ¿como non imos ter algúns cristiáns complexo de inferioridade cando nos temos que presentar como membros dunha institución que non se fai ningún tipo de problema en despedir polo rito católico a un ditador coma Pinochet e ás poucas semanas prohibe a despedida polo rito católico a Piergiorgio Welly, que durante 30 anos sufriu unha distrofia muscular que o tivo prostrado nunha cama e conectado a un respirador automático do que pediu insistentemente ser liberado ata que, por fin, o conseguiu?*

¹³ *Sigo aquí ata o final e case que ao pé da letra as ricas achegas de José Luis Moral, do que recomendo vivamente os artigos que foi quitando na revista Misión Joven coma director dende o curso 90-91 ata o curso 2002-03 e que, en grande parte, lle custaron o posto de director da mesma. Tamén recomendo o seu artigo “Una pastoral juvenil para el cambio (de época) en Misión Joven 354-355, páxs 17 a 32. Cando este presente artigo de Encrucillada estea publicado deberían ter saído dous libros deste autor: J. L. Moral, ¿Jóvenes sin fe? Manual de primeros auxilios para repensar con los jóvenes la fe y la religión, CCS, Madrid 2007; e J.L. Moral, Ciudadanos y cristianos. Reconstrucción de la teología pastoral como teología de la praxis cristiana, Ed. San Pablo, Madrid 2007.*

parte dos mozos e mozas: o mesmo que Deus promete estar co seu pobo, pese á infidelidade con que Israel vive a alianza; así temos que estar “con e de parte” dos mozos e mozas.

Tomarse en serio esta alianza cos mozos e mozas, comporta algunhas serias esixencias na praxe pastoral con eles e elas:

1. Unha actitude educativa básica de “acollida incondicional”.

Nun mundo onde todo se colorea coa tinteira da utilidade, onde todo se compra e se vende, onde máis que amizade existe intercambio pois o que importa é ter boas relacións máis que bos amigos, a acollida incondicional vén ser a profecía por excelencia da praxe cristiá cos mozos e mozas.

2. O rostro dos xoves como “lugar teolóxico”, “lugar onde Deus nos está a falar”.

Resulta habitual, nos nosos ambientes cristiáns, encarar os problemas recorrendo ou comezando “por onde sempre hai que comezar” (adoitamos dicir). Isto é: orando, escoitando a palabra de Deus, retirándonos a reflexionar e discernir, examinando os criterios e demais orientacións da igrexa ou da propia congregación relixiosa, en fin, colocándonos diante do sagrario para que sexa Deus quen nos oriente.

Todo isto está moi ben e é aconsellable, pero cando falamos de teoloxía práctica e en concreto de pastoral xuvenil cómpre recordar que o seu “lugar teolóxico” por excelencia está na vida e na situación das persoas. É dicir, os axentes e teólogos pastorais non tratan de pensar e interpretar a palabra de Deus ou de organizar doutrinas para comunicar e axudar a vivir a homes e mulleres. Todo o contrario: en contacto directo con estes homes e mulleres descubren as súas esperanzas e frustracións, os seus anhelos e contradicións... e, dende aí, re-pensan que e como anunciar a salvación, o “evanxeo” ou as boas novas de parte de Deus.

Aterrando na realidade dos mozos e mozas, ha ser a súa vida, os seus rostros o lugar básico e punto de partida para educar a fe. En principio, será cuestión de reflexionar a fondo “con eles e elas” como e por que lles resulta difícil ou imposible crer, e logo reconstruír o que queremos dicirlles cando falamos de Deus, de Cristo... Non podemos esquecer que moitos xoves cristiáns non

logran a maduración da súa fe na situación actual, entre outras razóns, porque non terminan de casar a súa busca con canto ofrece a comunidade eclesial.

Todo isto quere dicir que estamos chamadas e chamados a reconstruír cos mozos e mozas a fe e máis a relixión¹⁴. Polo tanto, o camiño pasa por saírmos das fortalezas doutrinais ou institucionais á fragilidade da intemperie que habitan os mozos e mozas.

Facer este camiño con honestidade e seriedade levaranos a asumir os retos e desafíos que ten hoxe en día a pastoral xuvenil:

Un primeiro reto ven da indiferenza e o desapego que os mozos e mozas viven con respecto á relixión, do seu afastamento e da súa manifesta ignorancia; tamén da escasa credibilidade que lles merece a igrexa e da percepción que dela teñen como unha institución anacrónica.

A igrexa, no seu labor pastoral, ha procurar vencer ese escepticismo e limpar esa imaxe negativa que dela se fixeron os mozos. Ha achegarse a eles e elas de maneira sinxela, humilde e transparente, sen poñerse á defensiva e sen agocharse nos bastións da seguridade ou do dogma. Ha de acudir aos mozos, nos seus “centros vitais de interese”: ten que saír ao encontro dos mozos e mozas –non simplemente esperalos ou “estar a velos vir”–, para compartir con eles e elas tempos, espazos e temas. O tempo da vida cotiá, no espazo privilexiado da escola, para resucitar constantemente o tema do sentido; o tempo libre, tempo de rúa e de centro xuvenil, para introducir o tema da solidariedade nunha identidade tecida no grupo de iguais e exposta ao perigo do illamento egoísta; o “tempo interior”, amasado na soidade, para abrir ocos á invocación e á transcendencia.

Un segundo reto provén do materialismo e pragmatismo que profesan moitos mozos e mozas. Inclinados ao consumismo hedonista e ao goce, os mozos amósanse hoxe en día ávidos de sensacións e desexosos de obter gratificación inmediata. Como actuar nesta

¹⁴ *De aí a impagable importancia, ao meu parecer, do intento de reelaboración das principais categorías teolóxicas que marca a andaina intelectual do director desta revista, Andrés Torres Queiruga. Con permiso dos nosos bispos, permítome dicir que só cabe a gratitude por este intento de volver “facer falar” ao cristianismo dun xeito intelixible aquí e agora.*

circunstancia? Un camiño pode ser o da invitación persuasiva a resistirse ao consumo e a programar un estilo de vida máis austero, e outro camiño é o de favorecer a xenerosidade e a solidariedade, estimulando o gozo que hai en dar e en compartir.

Un terceiro reto vén do clima posmoderno que xera desconfianza nos “metarrelatos” e fai que as persoas vivan fragmentadas, pouco unificadas. Aquí trátase de propoñer a Xesucristo como o modelo que acadou de maneira perfecta a identificación e a unificación de toda a súa persoa.

A valoración do presente e o desexo de aproveitalo “a tope” é un indicador da intensidade de vida que gusta de levar a xente moza. Pero esa polarización no presente, no aquí e agora, representa un recorte á dimensión do tempo nas súas categorías de pasado-presente-futuro e dificulta a posibilidade de acceder a unha verdadeira experiencia cristiá, enraizada tamén ela nas categorías temporais. Que debe facer a pastoral? Iniciar e educar na vivencia do que é o tempo, particularmente por medio das celebracións nas que se condensa dunha maneira intensa a dimensión do tempo (toda celebración cristiá é á vez un recordo e evocación da bondade de Deus, actualización da mesma e proxección en esperanza cara o futuro). Ademais, a pastoral ha de insistir e traballar o proxecto persoal e grupal, que evita que se afronte a vida a golpe de improvisación ou “do que saia”.

Na “reconstrución subxectiva” do relixioso a igrexa ha saber ver, ademais do perigo de arbitrariedade e reduccionismo, a intención das mozas e mozos de personalizar máis a fe, de non aceptala como algo imposto senón máis ben darlle un sentido propio. Contando coa inclinación dos mozos e mozas a valorar o aspecto experiencial e convivencial da fe, a pastoral fará ben en recuperar e activar o verdadeiro sentido da “iniciación cristiá”, que ten como base a experiencia, a relación comunitaria e o testemuño de vida.

As linguaxes nas que hoxe en día se expresan os mozos e mozas (a música, a imaxe, a relación e expresión corporal, os sentidos, etc) constitúen un reto para a pastoral: actualizar e exercitar unhas linguaxes que sempre foron propias da fe (a linguaxe icónica e simbólica, a linguaxe testemuñal, a linguaxe da narración, etc). E debe saber ver aí un estímulo para darlle máis importancia ao factor emocional na experiencia de fe.

Cos sectores mozos que se amosan sensibles ás inxustizas e que se poñen de parte dos pobres e dos excluídos, practicando con eles a solidariedade... a igrexa ten un enorme desafío e unha tarefa apaixonante: a de motivar e impulsar aos xoves ao compromiso de denuncia e de anuncio; a de afianzar neles a “cultura da pobreza” e a “opción polos pobres”; a de promover os valores do reino, e a de estimular as “solidariedades de curto alcance” a fin de que se convertan en empeños duradeiros.

Cos mozos e mozas que queren ser parte activa da igrexa, que colaboran xenerosamente nos labores de evangelización ou catequese, que queren facer valer a súa propia voz no seo das comunidades cristiás, que reclaman a súa parte de corresponsabilidade como bautizados e membros de pleno dereito do pobo de Deus, a pastoral non pode facer outra cousa máis que amparalos e apoialos. Pero cun apoio que se traduza en recoñecemento efectivo, e non meramente nominal, da súa vocación e da súa misión, dos seus carismas propios. Pois nada decepciona tanto a estes mozos como que se lles diga que son “sabia nova e esperanza da Igrexa” (Xoán Paulo II) e que logo non se lles deixe tomar parte nela.

5. Concluindo:

Precisamos, pois, unha acción pastoral que se dedique a dar boas noticias aos mozos e mozas e a acompañar os seus procesos de maduración na vida e na fe.

Aos mozos e mozas que viven as présas de que chegue a fin de semana para poder gozar e ter sensacións novas ou que din querer “montar a vida” ao seu capricho hai que darlles a boa nova da vida; da vida, si, entendida como agasallo e coma chamada de Deus, como don e como tarefa. Unha vida que non ten por que decaer na rutina ou o aburrimiento senón que ten que ser saboreada e gustada momento a momento. O primeiro que debe facer a pastoral é transmitirle á mocidade ilusións e ganas de vivir, facer dela xente apaixonada pola vida.

Tamén a boa e grande noticia de Xesucristo, debe ser dada aos mozos e mozas que se amosan tantas veces faltos de referencias,

carentes de horizontes de sentido, fragmentados e dispersos nos seus comportamentos, cunha identidade insegura ou incerta... Para eles o achegamento vital á figura de Xesús, da súa persoa plenamente identificada e realizada, libre e liberadora... pode constituír un anuncio liberador e unha referencia de vida.

E para aqueles mozos e mozas que non lle ven saída á súa vida, que non atopan traballo, que se perciben vítimas dunha globalización que exclúe e discrimina... estamos chamados e chamadas a ofrecerlles un futuro con esperanza, un futuro modesto pero posible.

Tamén nos tocará axudarlles aos mozos e mozas a pasar das vivencias ás experiencias. Sensacións e vivencias os mozos hoxe en día teñen moitas; o problema está en que esas moitas vivencias apenas se converten en experiencias; é dicir, non deixan pegada neles. Dende o punto de vista da evanxelización e da educación cristiá é importante que as vivencias de fe que podan chegar aos mozos se convertan para eles en auténticas experiencias cristiás. Para iso son necesarios os procesos, os itinerarios, e tamén a acollida, o acompañamento, o seguimento e a referencia testemuñal dos educadores e educadoras.

En definitiva, e coma xa queda dito, cómpre aliarse cos mozos e mozas como Deus se aliou e se alía co seu pobo máis aló de todo mérito e de toda fidelidade ou infidelidade.

Nese senso, quero rematar aquí con dous lemas que expresan dous grandes desafíos que os cristiáns temos de cara aos mozos e mozas. O primeiro lema é o título da revista de Pastoral Xuvenil “Misión Joven” no número correspondente aos meses de xullo e agosto de 2006. Di así: “Pastoral Xuvenil: Estar e escoitar”. O segundo lema foi o título da revista *Sal Terrae* de hai uns anos. Decía así: “Igrexa española: dialogar para converxer”. Pois diso se trata. Deixémonos de lamentacións e de condenas e dediquémonos a estar cos mozos e mozas, a escoitalos e a dialogar con eles e elas para poder converxer.

Xabier Blanco Vilar



Aproximación sociolóxica ao mundo xuvenil

Bernardo García Cendán

Cando, no verán, se estaba a preparar a programación anual desta revista, xurdiu como un relampo o tema da mocidade. A prensa daqueles días facíase eco da última entrega dun estudo periódico¹ sobre a situación da xuventude. As cifras avanzadas eran desacougantes para moitas institucións, pero dun xeito moi particular para as igrexas. Con motivo de contextualizar o problema, collín, xa que logo, o compromiso de destacar algúns trazos de situación social deste tramo de idade que, por certo, non é doado delimitar, porque a mesma delimitación forma parte xa da problemática que lle afecta: a súa tardía emancipación, por unha banda, e, por outra, unha certa precocidade dos adolescentes de clase media en adoptaren comportamentos xuvenís. Fálase xa de “*adomocidade*”² que quere dereito de voto. Os datos que aquí utilizamos refírense á poboación de entre 15 e 29 anos que require un tratamento diferenciado, xa que non se reduce a un simple segmento de idade: a xuventude é o expoñente máis significativo do intenso cambio social que estamos a vivir e ten en si mesma unha consistencia sociolóxica que cómpre detectarmos.

Cunha excesiva xeneralización, adóitase reprocharlle aos máis novos unha dramática falta de valores no seu comportamento. Isto non é novidade. Unha frase ben coñecida di algo así: “A nosa xuventude adora o luxo, está mal educada, detesta a autoridade e non ten o menor respecto polas persoas de máis experiencia, os nosos fillos son verdadeiros tiranos”. Creo que moitos dos adultos actuais asinarían este aserto que fixo Sócrates hai dous mil cincocentos anos. Tiranos tamén hoxe: un novelista actual, L. Mateo Díaz, aseguraba que a atención aos fillos volveuse tan esixente e tan sometida a control social

¹ Fundación Santa María. *Jóvenes Españoles 2005*. Ediciones SM. 2006.

² Santos Ortega. *Jóvenes de larga duración*. RES, nº 3, 2003.

que se ten convertido para seus pais nunha auténtica *relixión coactiva* que se lles impón, mesmo a aqueles, subliña, que nunca tiveron relixión algunha na súa vida. Tópicos, claro. E, polo tanto, procede non caermos en alarmismos esaxerados: moito do considerado xuvenil tamén é participado polos adultos. De todos os xeitos, non podemos pasar por alto a consideración das dinámicas sociais que afectan á xente moza dun xeito ben diferente do que viviron as xeracións anteriores, e isto, efectivamente, converte a súa situación en algo diferente da que viña sendo.

Traballo e trama do seu vivir

Por exemplo, o que lles acontece co traballo dentro do chamado “novo capitalismo”. Di o sociólogo alemán R. Sennett que a ética do traballo está sacudida por un novo modelo económico no que resulta absurdo traballar duramente para un empresario que só pensa en liquidar o negocio e mudarse, coa bolsa chea, a outra cousa. A *corrosión do carácter*³, unha frase ben expresiva coa que titula un dos seus libros. Non é cuestión de pararse en exceso na análise, pero é necesario salienta un par de características do traballo actual que marcan profundamente a vida da mocidade. Antes que nada, o concepto clave de *flexibilidade*, un principio organizativo que afecta tanto á forma de traballar coma á definición do posto de traballo. Derivada das novas tecnoloxías de produción e de organización, esta esixencia destrúe a vella *carreira lineal previsible* e fai inútil a posesión dunha experiencia no mundo laboral, tanto por parte dos adultos como dos mozos traballadores. Consecuencia: un estado de incerteza e inseguridade que se presenta na vida social dos mozos en forma de *precariedade laboral*. Bourdieu fala de *flex-explotación* para indicar un novo xeito de dominación que mantén submisos aos empregados. *Filios da desregulación* chámalles Fernando Conde⁴ aos mozos actuais que soportan desde os anos noventa a desregulación do mercado laboral, con moitas formas de microcontratos de pouco valor cada un. As consecuencias son previsibles, tanto na elección dos estudos coma na

³ *La Corrosión del carácter. Consecuencias del trabajo en el nuevo capitalismo*. Anagrama, 2000.

⁴ Conde, F. *Los hijos de la desregulación*. El País, 22 xaneiro 2001.

dificultade de se emancipar ata idades tardías. Un terzo dos que andan nos 29 anos non teñen aínda ningún ingreso económico propio. E isto tradúcese acotío en decepción, apatía, refugamento do esforzo e desafección da preparación escolar: desánimo.

Naturalmente, as situacións son moi variadas, segundo, sobre todo, as clases sociais de procedencia, e, por outra banda, tampouco podemos esquecer o segmento, poida que algo máis dun 20%, dos que se despreocupan da adquisición inmediata de diñeiro para se entregaren a un proceso educativo de longo prazo (másters, posgraduacións, etc.) coa esperanza dun futuro traballo satisfactorio. Pero aínda estes, na persecución das súas posibilidades laborais, non están exentos da incerteza e ansiedade inducidas pola pantasma da flexibilidade: no ano 2004 só un 2.4% dos contratos subscritos tiveron carácter de indefinidos. As súas carreiras, xa que logo, non se consolidan doadamente, e os postos de traballo carecen frecuentemente de definición tranquilizadora. Por riba, descubren axiña, tristemente, que están sobrecualificados para os empregos aos que, por fin, logran acceder, cun salario que xa é coñecido ironicamente como *mileurismo*. Ao final, o máis da mocidade vese na obriga de aceptar, resignada, a precariedade do emprego, cunha correspondente actitude submisiva nas relacións de autoridade cos xefes de empresa. O resultado social é que, pouco a pouco, o traballo, coma criador de *status*, deixa de ser a compoñente máis salientable da identidade dos mozos: importa só como fonte de ingresos. A identificación asenta na posibilidade de consumo inmediato, que traducen en *distinción*: posuír de todo e das mellores *marcas*.

Carpe diem

O que nos interesa subliñar é que ese estado de inseguridade parece transmitirse a todas as dimensións da vida social. Recórdanos o sociólogo alemán U. Beck⁵ que o tránsito do modelo de traballo de tipo *fordista*, onde todo estaba previsto, a un modelo de *risco* en que todo é provisional e inseguro, retrata o gran cambio social que se está a producir e que leva consigo, especialmente para os máis novos, unha progresiva *ausencia de tradicións* e unha intensa *individualización* na súa dinámica vital. O pasado, con toda a súa carga de experiencia

⁵ Beck, U. *Un nuevo mundo feliz*, Paidós, Barcelona, 2000.

acumulada, xa non lles serve, e a preocupación pola súa propia situación deixa en segundo plano, escurecido, o compromiso cos problemas colectivos. Ante tal situación xorden neles mecanismos defensivos, entre os que destaca a valoración excesiva do presente, o famoso *carpe diem* ao que todos aluden e que viven nun continuo consumo, gastar e gozar. Así pois, individualización, incerteza, ansiedade, desánimo, consumo, precariedade, velaí a trama na que se desenvolve, ao meu ver, a xuventude actual e a súa valoracións da vida social, incluída a relixiosa.

Características da xuventude actual

As consecuencias da situación socio-laboral proporcionan o marco preciso para termos un retrato da nosa xuventude, pero facelo non é doado porque non hai unha xuventude senón moitas, e dentro de cada unha habería aínda moito que diferenciar ata chegar a cada un dos mozos e mozas. Pero, se queremos falar, non temos máis remedio ca categorizar, sabendo que cada categoría non é máis ca unha abstracción. Que pode ser útil, aínda que non moi nítida. Así que, por non trabucarme eu só, acóllome á axuda do relevante sociólogo americano-catalán M. Castells⁶ para destacar uns trazos que tenten definir o colectivo xuvenil.

Despois do que deixamos exposto, non hai dúbida de que a característica máis salientable é o *individualismo* moi competitivo. Non se trata tanto dunha actitude ética negativa, aínda que poida chegar a selo, senón da necesidade e do propósito de organizar cada un a súa propia vida de xeito independente: autonomía. Mesmo en relación coa familia: un profesor de antropoloxía, Carles Feixa⁷, **elaborou** un notable ensaio, “A habitación dos adolescentes”, onde examina a obsesión que estes manifestan polo espazo propio e exclusivo na vivenda, algo que, polo descenso da natalidade, é agora unha posibilidade evidente e que aproveitan ata o punto de expulsar del aos seus pais, chave por medio. A emerxencia da cultura dixital (móviles, ordenadores, *chats*, *messenger*) permítelles a creación, desde os seus redutos individualizados, de mundos virtuais, comunicados con amigos reais ou ficticios, onde pasan horas gozando da independencia que lles

⁶ *El Periódico de Cataluña*, 1 maio 2005.

⁷ Feixa, C. *La Habitación de los adolescentes. Papeles del CEIC*, maio 2005.

é posible. Neste mesmo senso cómpre estudar a escolla da noite e de certos lugares públicos como tempo e espazo autónomos, sen control alleo. Progresivamente, a conciencia de se facer un lugar no mundo enmarañado que os acolle, a *competitividade*, resta impulsos para se comprometeren, ao menos organizadamente, con outras causas solidarias que, porén, din admirar moito, aínda que non pertenzan. En efecto, todos os estudos constatan a escasa participación en asociacións de todo tipo, non só nas relixiosas, o que é, seguramente, un corolario do descrito. Son moi coidadosos, en cambio, coa *amizade*, que valoran moi especialmente, e nela a *fidelidade*, por contraste coas infidelidades que perciben no seu arredor e coas que, paradoxalmente, se ven obrigados a ser permisivos.

As normas

Non podemos esquecer que a mocidade de hoxe é culturalmente a máis autónoma da historia e crea a súas *propias normas* que, no terreo do individual, non subordinan a outras que lles veñan impostas de fóra. Son, polo tanto, *tolerantes* con calquera decisión que afecte ás vidas privadas, tal como quedou palpable na súa aceptación sen fisuras do matrimonio homosexual, por exemplo. Pero moitos deles toleran tamén certos comportamentos que consideran facilmente desculpables, como se formasen parte da normalidade dunha vida adolescente: viaxar sen billetes, pintar graffitis en lugares inadecuados, ou mesmo furtar pequenas cousas dunha grande área comercial. Móstranse, porén, menos dispostos a xustificar accións contrarias á ética civil, como aceptar subornos ou molestar aos veciños (desculpado o *botellón*, claro) e, por suposto, son totalmente contrarios á violencia. Non é preciso dicir que a sexualidade é o mascarón de proa da súa autonomía: considéranse como algo moi persoal para a que non aceptan máis normativa que a que cada un se impoña. Mesmo moitos dos que se consideran católicos practicantes seguen, neste aspecto, pautas similares. Son, xa que logo, especialmente *permisivos*, moito máis ca os adultos. Os sociólogos que seguiron ao longo dos anos a evolución de actitudes e comportamentos xuvenís destacan as grandes diferenzas en tolerancia e permisividade que se produciron ao longo dos últimos vinte anos: a nosa mocidade volveuse tan liberal que xa supera, neste aspecto, aos seus coetáneos europeos. Por certo que Galicia está, con vascos e navarros, á cabeza deste liberalismo.

A proximidade como matriz para valorar institucións

Como se pode deducir do afirmado na primeira parte, a xente nova vive moi intensamente o presente (o famoso *presentismo*) e, xa que logo, son moi sensibles a todos aqueles elementos da vida social (organizacións, asociacións, etc.) que lles resultan máis próximos porque compoñen o esencial da *vida cotiá* que, para eles e elas, resulta un referente ineludible. Polo tanto, as situacións e os organismos que teñen máis incidencia directa nos comportamentos do día a día resultan moito mellor valorados, a moita distancia, que os que teñen un espectro máis global ou consecuencias máis colectivas. Cómpre termos moi presente este trazo para comprender as grandes diferenzas que se producen na valoración das *institucións* públicas. Ao longo dos últimos vinte anos, os nosos rapaces incrementaron progresivamente o grao de valoración do conxunto das institucións, agás a igrexa; pero a distribución da confianza que depositan nelas permanece similar: as máis queridas son as organizacións de voluntariado, o sistema de ensino, a seguridade social e mesmo a policía. Máis lonxe están os medios informativos e a administración de xustiza, e quedan xa moi distantes os organismos políticos e sindicais, ata caer, ao final, nas empresas multinacionais (ben explicable polo xa dito) e, en derradeiro lugar, na Igrexa que suscita un 20% de confianza fronte, por exemplo, ao 70% das ONGs⁸. En consecuencia, temos unha mocidade que é máis institucional do que o eran os de xeracións anteriores. E, curiosamente, menos rebelde. De feito, entre os cualificativos que se lles presentaron na enquisa citada para se auto-identificaren, non foron moitos os que elixiron o de *rebelde* (algúns adolescentes) senón que preferiron con moito o de *xuventude divertida*, epíteto, por certo, moi suxestivo, pois, quizais, a diversión instantánea é un xeito tácito de rebeldía.

Temos, pois, unha xuventude suficientemente integrada, poida que en demasía, pero, iso si, moi centrada na súa individualidade e autonomía. O que non os priva da busca dun acubillo seguro que os alivie de incerteza e de inseguridade nunha sociedade de risco e sobresalto. Valoran, en consecuencia, dun xeito total, como algo primordial, a vida familiar, onde buscan acollida segura e apoio emocional, coa condición de ver respectada, xa desde moi novos, a súa

⁸ Datos do estudo citado da Fundación SM. 2005.

autonomía. E, polo mesmo motivo, a amizade ocupa un lugar moi preponderante nas súas vivencias. *Familia* e *amizade* obteñen un auténtico plebiscito nas respostas a todas as enquisas, de xeito que a importancia que lles conceden pasa por diante do traballo, da posibilidade de acumular diñeiro, do pracer do tempo libre, de ter unha vida sexual satisfactoria, e mesmo da pretensión de levar unha vida moral e digna. O traballo, evidentemente, preocúpaos moito, pero confórmanse con valorar nel o aspecto instrumental máis ca o expresivo, como queda dito. Compréndese así que baixara notablemente, ao longo do último decenio, o número dos que lle conceden *moita* importancia ao estudo, á formación e á competencia profesional.

Xa sabemos a dificultade de comparar cousas tan heteroxéneas coma as citadas que son as que se adoitan investigar nas enquisas, pero, malia todo, o xeito de se decantaren por unhas ou por outras non deixa de ser significativo dunha actitude xeneral diante da vida. E, precisamente por comparación, resulta significativo que o 80% non lle dea ningún aprecio á relixión na realización da súa vida (70% á política), ao mesmo tempo que un 85%, por curioso contraste, consideran bastante importante levar unha vida moral e digna. Supoño que este distanciamento da política e da relixión estará en correlación coa valoración que a nosa mocidade fai dos diferentes problemas sociais. Persoalmente teño dificultade para entender que só un 6% de galegos considere problema importante neste país a corrupción na vida política, ou que non vaia máis aló do 15% a proporción dos que ven como moi lamentable a contaminación do medio ambiente en Galicia, ou o incremento da pobreza e marxinação dunha parte da poboación. Entendo mellor que sexan os máis novos dos galegos os que superen en máis de cinco puntos a media española en se laiar da falta de perspectiva de futuro que obriga a moitos, tamén hoxe, a emigrar. Xa imaxinará o lector que, para sermos máis precisos, habería que diferenciar actitudes segundo distintos factores, pero penso que co exposto queda suficientemente trazado o campo no que é preciso reflexionar a situación relixiosa da mocidade.

Relixión e igrexa


A verdade é que todo o que do relixioso se pode transvasar a cifras resulta desolador dabondo. A comezar polo aspecto máis superficial

da práctica relixiosa. Unha investigación recente⁹ afirmaba rotundamente que a porcentaxe de xente nova que se declaran católicos practicantes reduciuse á metade *en só catro anos*, pasando do 28 ao 14%, e segue a baixar moito máis axiña ca no resto de Europa: seguramente se está a facer aquí nunha xeración o que nos países europeos levou un século ao menos. O caso é que xa non podemos dicir que a mocidade católica sexa maioría no noso país: o 49% declárase tal dun xeito pouco definido, pero parece reducirse a un 20% os que se manifestan *abertamente* católicos por máis que moitos deles nunca ou case nunca acudan á igrexa¹⁰. A verdade é que nos ámbitos onde se moven xa non resulta politicamente correcto afirmar os seus convencementos relixiosos. Os practicantes máis asiduos contan, porén, cunha característica moi relevante en relación cos doutras xeracións: non teñen síndrome de culpabilidade en relación co relixioso. Detéctase así unha brecha inexorable entre as imposicións da Igrexa e a praxe da súa mocidade máis adicta. Xa deixamos dito o carácter laxista das novas xeracións, extremadamente permisivas cos comportamentos que sempre foron considerados desviados pola institución eclesiástica.

A igrexa segue a ser vista, valorada e, en moitos casos, condenada pola xente nova como institución anticuada e represiva en exceso. Persoalmente, como teño dito noutro artigo, resúltame especialmente preocupante, por significativo, que cando se lles pregunta polo lugar onde se din as cousas máis importantes sobre ideas e interpretacións do mundo e da súa vida, só dous de cada cen citen a igrexa. Hai vinte anos tampouco eran moitos, pero chegaban ao 16%. En efecto, a mocidade non confía nesa institución, como afirma un rotundo 80%. E trátase dunha desconfianza radical, global, sen matices, que se mantén, mesmo se moitos dos que tal manifestan consideran, porén, que se ven nela cousas moi positivas, coma a preocupación polos pobres, marxinados, inmigrantes ou sustento de misioneiros exemplares. Pero na imaxe degradada que dela teñen pesa moito máis a súa suposta riqueza, un pretendido cinismo na normativa sexual, a desconfianza cos avances científicos, ou, simplemente, a conexión da súa praxe coa defensa das propostas políticas da dereita. Algunhas de tales

⁹ INXUVE. *Juventud española 2004*.

¹⁰ *Informe Juventud Española 2005, xa citado (pax. 251)*.



percepcións poden resultar esaxeradas e posiblemente inxustas, pero ben sabido é que, en expresión de Thomas, o que se ve como real, é real nas súas consecuencias de comportamentos. En conclusión, con palabras do sociólogo Gonzalez Anleo, a xeración dos que están a entrar nas responsabilidades da vida pública resulta ser, sen comparación posible, a máis arredada da igrexa nos últimos cincuenta anos. Da igrexa en canto organización, claro, pero tamén de calquera tipo de relixiosidade, como manifestan tres cuartos dos enquisados.

Os axentes de socialización

Para superar esta desafección polo relixioso pouca axuda se pode agardar dos clásicos procesos de socialización. Cabería esperar moito da familia que é, con moito, a institución máis querida pola mocidade, pero hai que engadir de inmediato algunhas consideracións. Primeiro, que a entidade familiar tivo que se adaptar ás esixencias xuvenís para evitar os grandes conflitos xeracionais de tempos recentes. A conflictividade reduciuse moito, en efecto, pero foi preciso cambiar moitas cousas. A familia deixou de ser *normativa*, sancionadora e pouco dada á disciplina, para adoptar a función *identificativa*, persuasiva e promotora de rivalidade. Convívese na tolerancia mutua, por moi distantes que sexan as formas de pensar, que o son. Pero, segunda consideración, esa distancia no referente á relixión é dabondo reducida: non chega a un terzo a proporción de xente nova que se manifesta moi diferente de seus pais en actitudes relixiosas. Cómpre considerar que a xeración anterior xa recibiu o impacto dunha intensa secularización, coa consecuencia dunha forte desvalorización da mensaxe e, sobre todo, en moitos casos, dunha grande ignorancia nas cuestións relixiosas, e, polo tanto, incompreensión do que significa a vida cristiá. Non sorprende, pois, que case a metade dos proxenitores que andan nos 45 ou 50 anos, eles e elas, afirmen nas sondaxes que non ven na educación relixiosa algo importante. Subliño que tamén elas, as nais, porque ben sabido é que delas dependía moi especialmente a función socializadora. En consecuencia, tal indiferenza e falta de formación xa se está a percibir agora nos seus descendentes: os que día tras día nos atopamos no ensino coa mocidade universitaria non saímos do asombro diante do absoluto descoñecemento que manifestan en torno ao relixioso, mesmo no referente aos usos puramente culturais. Naturalmente, moitos destes rapaces xa non din buscar un sentido para a súa vida na

relixión: unha *fe* case absoluta na ciencia leva a que dous terzos deles afirmen que a felicidade e a salvación deste mundo perturbado virá antes dos avances científicos que da relixión. A cifra, por fortuna, baixa algo nos que teñen estudos universitarios, pero non tanto como sería razoable.

Cómpre recoñecermos que, seguramente, tampouco a mesma igrexa fixo os esforzos precisos para adaptar os contidos da súa mensaxe á mentalidade totalmente nova que xurdiu da entrada na modernidade ou, máis aínda, na posmodernidade que nos arrodea. Somos moitos a ter experiencia do que cambia o discurso cando se explican os elementos da fe desde as investigacións actuais, teolóxicas e bíblicas, que, porén, a institución tende a silenciar por excesivas sospeitas de heterodoxia, deixando desarmados aos mesmos profesores. E isto resulta especialmente penoso cando un ve que aínda son moitos os rapaces que, pola razón que sexa, escollen a materia de relixión no ensino medio, pero que, consonte cos datos das enquisas, valoran moi pouco: a metade dos que asistiron a este ensino din que non lles serviu practicamente de nada, e só nove de cada cen aseguran que lles valeu moito.

Os medios de comunicación social, pola súa banda, tampouco axudan: o referente ao mundo relixioso é obxecto de pouca preocupación para eles, agás, evidentemente, o que poida resultar escandaloso. Algún día haberá que facer un estudo pormenorizado deste abstencionismo dos *media*, pero a súa actuación pecha o círculo: non consideran obxecto de comentario serio a relixión e tampouco fan nada por que o sexa. E fan mal, creo, porque, de promoveren a crítica e fuxiren da apoloxética, axudarían a sandar a sociedade do nihilismo filosófico que a afoga. Pero non é así, e poida que esteamos no tronso que a socióloga francesa D. Hervieux-Leger¹¹ denunciaba para o seu país: a perda da memoria cultural, froito dunha secularización da mesma secularización, implica que o catolicismo non só non está *inculturado* senón que está claramente *ex-culturado*, xa non ten presenza. Hai uns días, diante das cifras catastróficas do catolicismo francés, un vello profesor meu, H. Madelin, profetizaba que, en pouco tempo, no seu país, a relixión católica *practicada* será unha contracultura. Funcionará como a

¹¹ Hervieux-Léger, D. *Catholicisme, la fin d'un monde*. Bayard, Paris, 2003.

contracultura dos sesenta? Será revolucionario presentarse como relixioso?

De todos os xeitos, non é só cuestión da ineficacia dos grandes axentes de socialización. As actitudes da xuventude tampouco fan doada esa función social. Como xa deixei indicado, as características de individualidade e do frenético pracer do presente teñen o efecto combinado de non valorar máis cá *experiencia persoal* como criterio único de validez. Na busca da mesma, tentean os mozos diferentes posibilidades que se traducen logo nun sincretismo notable de valoracións, sempre a proclamar constantemente o supremo valor das súas propias normas que adoitan ser intensamente condicionadas polos grupos de amigos, a vida da rúa, os seus músicos e novelistas preferidos ou as series televisivas nos que se ven retratados. Tales son os compoñentes da súa experiencia persoal. Polo tanto, raramente consultan cos seus pais cuestións relixiosas, aínda que o fagan máis frecuentemente, tampouco moito, para calibrar outros aspectos da súa vida.

Pesimismo

Ao reler o que estou a escribir, decátome de que ten unha tonalidade máis pesimista do que eu pretendía. Como se eu quixese afirmar que a xuventude perdeu definitivamente o norte relixioso e que toda acción pastoral fose, xa que logo, unha perda de tempo. Non pretendo tal. Dixen antes, efectivamente, que todo canto da relixión está transvasado a cifras estatísticas non dá pé a moito optimismo. Pero as estatísticas miden o que miden, e non sempre serven para entrar nas motivacións máis íntimas. Resultan desmoralizadoras, pero os máis tradicionais dos pastores poden observar que, de ler as porcentaxes con outra ollada, atoparían que onde descenderon moitos parámetros, remanece aínda un resto que pode encher, a millóns, a Xornada Mundial da Xuventude que presidiu o papa. Se non hai moito, a xente nova inzaba de presenza as igrexas, quizás por presión dos pais, agora son moitos menos, pero sen tal presión. Se a relixión, cos seus medos, exercía unha fundamental función de *control social*, a mocidade de agora non lle acepta tal control e, polo tanto, esquécense dela, pero os que quedan teñen unha actitude moito máis voluntaria e libre. Máis aínda, abundan mozos e mozas solidarios e xenerosos que posiblemente non van á misa nunca, pero colaboran con institucións altruístas, entre elas, moitas de igrexa. E

non son poucos os que valoran a oración persoal. En poucas palabras, sempre se pode ver a cara positiva de calquera investigación e dispoñerse a traballar co que hai. Un bispo belga, hai uns días, despois de dicirlle aos seus fieis, dramaticamente, que en pouco tempo a súa igrexa ía ser tan minoritaria coma o catolicismo en Turquía, non deixaba, porén, de alimentar a súa esperanza coa consideración de que esta dolorosa crise non deixa de ser unha purificación divina que prepara o nacemento dun catolicismo vigoroso. Quen sabe.

Pero tamén caben outras reaccións. Por exemplo, a de sermos realistas, aceptar os feitos e tratar de actuar en consecuencia. Como dicía un rapaz entrevistado, pode ser que Deus non se perdera senón que cambiara de tempo: un novo sagrado-profano que a mocidade está a configurar. O recordado J. M. Mardones deixou escrito un meditado libro¹² sobre as novas formas de relixiosidade que, con diferente grao de intensidade e validez, están na mente de moitos mozos. Poida que se precise investigar neses ámbitos sacralizados pola mocidade que se sente máis dirixida pola vivida experiencia persoal ca polos líderes relixiosos e as tradicións externas. Indagación moi arriscada no referente á igrexa, pois ben coñecida é a tendencia das organizacións, sobre todo as relixiosas, a permaneceren intactas nos seus postulados. Arriscada, pois, pero seguramente necesaria, pois tamén parece certo que unha esixencia primordial das organizacións é trataren de responder, de xeito máis complexo, á complexidade da vida que tratan de encadrar. De feito, a institución familiar soubo recuperar a súa importancia na vida xuvenil cedendo en aspectos que se consideraban innegociables. Posiblemente a disposición a valorar esa *autonomía persoal* sería un bo punto de arranque para que a mocidade chegue a descubrir na mensaxe cristiá unha promesa de vida interesante, que diso se trata: non de pertencer por facer número e converter en poderosa a unha institución, senón de *experimentar* nela un xeito de vivir satisfactorio.

Cambiar de modelo?

Ao final, lamentable ou non, creo que a mocidade actual é a mostra palpable de que un *modelo de relixión* que ata agora serviu, aparece

¹² Mardones, J.M. *Las Nuevas Formas de la Religión*. Ed Verbo Divino, 1994.

actualmente desprovisto de todo atractivo. Permítome aconsellar, neste senso, a lectura dun intenso e estimulante artigo de X. Pérez Vilariño¹³ que analiza o problema desde a perspectiva sociolóxica das organizacións. Afirma este autor que o modelo relixioso de *clausura e exclusión* está hoxe periclitado. Tanto na política coma na relixión, emígrase dos espazos *clausurados* para se instalar nos ámbitos abertos da *experiencia persoal* onde prima a liberdade do individuo. As formas tradicionais da vida relixiosa mostraron reticencias, na época moderna, a aceptar as propostas da razón, e agora, na posmodernidade, mostran as mesmas reticencias en relación coa liberdade e a autonomía persoal. Propón a hipótese dunha relación entre *idade e relixiosidade* que respondería a unha lóxica diferencial dos distintos *ciclos vitais*. En cada un deles, asegura, aparecen novas demandas de sentido, diferentes das dos outros ciclos: para os máis novos, lograren un traballo válido é moito máis urxente ca buscar sentido global á súa vida, que sería cousa de xubilados. Segundo Pérez Vilariño, o desafío actual do ciclo vital xuvenil sería o de atopar un lugar de encontro entre a *vida cotiá*, onde se desenvolven en autonomía, e o *sagrado* en que trocan moito do que era máis ben profano e que viven en experiencias de peregrinación, de grandes concentracións ou nas prácticas persoais do *tai chi*. Cómprenos dar cunha nova relixiosidade na que primará, seguramente, a *práctica* sobre a *doutrina*, onde a experiencia persoal terá prioridade sobre a submisión fiel ás xerarquías: non será algo disto o que tantos mozos buscan en Taizé ou encontros similares? Dando por suposto, claro está, que non se fan experimentos no baleiro senón dentro das tradicións nas que nacemos e vivimos; pero sabendo tamén que primar a *experiencia* transcende decotío a formulación concreta de doutrinas herdadas na tradición. Será verdade que o novo crente vén a ser, como afirma o sociólogo, un “terceiro home” (ou muller) distinto do practicante, pero tamén do indiferente ou do ateo, que atopará unha morte digna despois de se esforzar por vivir e axudar a convivir? A discutir.

Bernardo García Cendán

Sociólogo. Profesor da Escola de Ciencias Empresariais de Lugo

¹³ P. Vilariño: *Formas complejas de la vida religiosa, en Religión y Sociedad en España y USA, CIS, 2003.*



Algúns mozos por dentro

Rubén Aramburu Molet

O encargo inicial era algo pretencioso: os mozos por dentro. Primeiro porque non son ningún experto en mocidade, e segundo porque podo falar dalgúns mozos ou mozas cos que me atopei no camiño, a quen puiden escoitar e ás veces acompañar. Son uns poucos e é posíbel que non reflectan a mocidade en xeral. Non pretendo polo tanto facer unha análise sobre a mocidade, ademais temos moi bos materiais nestes momentos: o estudo da Fundación SM, ou do BBV, e quizais o último e interesante traballo do profesor Javier Elzo *Los Jóvenes y la felicidad, ¿dónde la buscan? ¿dónde la encuentran?* (PPC). Escribo pois desde a propia vivencia e desde a experiencia pastoral.

Que lle pasa aos mozos?

Hai anos traballei nunha parroquia urbana. Un gran equipo de catequistas atendía uns 400 nenos e mozos. Daquela, en torno aos dous cursos de preparación á confirmación había un cento de adolescentes. Era o *boom* da confirmación, que foi descendendo nos últimos anos. Recordo as reunións preparatorias, os debates e discusións co equipo de animadores: había un continuo reproche de cara aos mozos e as súas actitudes: non funcionaban as dinámicas, os manuais non servían, non había interese... Tamén estaba o reproche dos cregos, sobre todo porque os mozos non acudían á igrexa, non ían a misa. Despois de 8 anos vexo como este labor do catecumenado da confirmación non é doado, cando non se converte nunha tortura para os catequistas que están desexando que remate o curso, tralo cal, moitos abandonan. É certo que tamén hai experiencias maravillosas, cando tes a sorte de dar cun bo grupo. Eu reflexionaba sobre todo o traballo, todas as horas e enerxías invertidas, tantos esforzos, cursos, xornadas... o resultado era moi pobre: Tras a confirmación os mozos desaparecían da vida parroquial polo menos ata o día da voda, se

casaban pola Igrexa. Algunhas das preguntas que me facía eran: que lles pasa por dentro? Que é o que senten? Que os preocupa? Cales son os seus medos? Que os ilusiona ou motiva? Cales son as súas metas e esperanzas?... Era algo que faltaba no noso traballo. Dabamos tantas cousas por supostas, criamos ter tan claro como eran os mozos, sabíamos as respostas de sempre... pero non resultaba. Os mesmos mozos que confirmaba o bispo ás oito da tarde, andaban as dúas da mañá no botellón, algúns nin andaban. Recórdame aquel vello enfermeiro do colexio que daba a mesma medicina para todos os casos. Deberíamos preguntarnos que receitas lle estamos dando aos nosos mozos e se son as que precisan e se solucionan os seus problemas ou aclaran as súas teimas.

Encontros

O traballo nestes últimos anos levoume a ter conversas e encontros con moitos mozos e mozas. Algúns deles crentes, pero a maioría cunha ausencia total de experiencia relixiosa ou de fe, pese a proceder todos de familias tradicionalmente católicas. Descubro dúas carencias fundamentais no seu proceso: a ausencia dun acompañamento tanto por parte dos pais ou educadores e a falta de espazos nos que falar, expresar, comunicar... Con sorpresa escoito a algún mozo de 25 anos, que tras unha longa conversa revélame que é a primeira vez na súa vida que fala cun *adulto* do que lle está pasando e do que está sentindo. Paso agora a *relatar* algúns destes encontros¹, sen pretender xeneralizar, pero consciente de que son casos que se repiten. Non quixera dar un ton pesimista por iso acompañarei os relatos doutras experiencias positivas.

Fran. Debe andar polos 26. Non é da parroquia pero andaba na panda dos mozos. Foron os amigos os primeiros en falarme un día de que tiña problemas coas drogas e o alcol. Pertence a unha familia acomodada. Os pais acaban de separarse. Fracaso nos estudos, cartos no peto, coche, moto e horario libre... ningún tipo de límites (caso moi común e o que eu vou denominando *cóctel Motolov*). A velocidade debe ser a canle pola que baleira as súas tensións, converténdose nun serio perigo para todos, con varios accidentes ás costas. Botárono da casa ou marchou... andou deambulando polas casas dos amigos. Por fin

¹ Coa finalidade de preservar a intimidade das persoas utilízanse nomes supostos.

chegou á miña onde parou algúns meses. É un bo rapaz, con corazón, traballador se o motivas. O gran problema é a desorde vital na que está instalado, ademais da ausencia total de valores e de metas. A desorde abrangue os horarios de deitarse e erguerse, a alimentación, a hixiene, as relacións sexuais con distintas mozas, ademais da súa parella. Esta desorde explota ás veces en arranques de ira e violencia, sobre todo cando bebe. É un rapaz alto e forte, moitos téñenlle medo. A cocaína e o alcol, son como para moitos mozos, os seus acompañantes de fin de semana ao comezo, e a diario despois. Vai apañando traballos que lle duran pouco, pois así que ten cartos pasa varias noites de esmorga, deixa de asistir ao traballo e despídono.

Na casa sempre se portou ben, colaborando, axudando, mesmo sendo cariñoso e respectuoso. Pasaba semanas sen saír de noite, entón parecía outro. Falamos moitas veces, eu sempre lle insistía na necesidade de iniciar unha terapia, pero non estaba convencido. Horrorizábo a idea de ter que ingresar nun centro. Marchou da casa e foi vivir coa parella, souben despois de malos tratos e denuncias. Unha noite veu verme e ceou comigo, despois estivemos falando varias horas. Recoñecía o pozo onde estaba metido, a soidade... estivo chorando, o tipo duro, o das broncas e pelexas, choraba coma un meniño. Volvín a insistir na terapia. Parecía que quería aceptar. Quedou en chamarme pero non o fixo. Cambiou de lugares e de amigos, algunha vez crúzome con el e ven a falarme con cariño. Sempre me di que está ben.

Marta. Ten 13 anos. Cursa 3º da ESO nun dos colexios relixiosos onde de vez en cando colaboro no traballo pastoral. No advento tivemos unha celebración do perdón con todo o curso. Marta acudiu ao despacho porque dixeran que ía estar alí un tempo por se algún quería falar (para a miña sorpresa viñeron 15). Ao pouco comezou a tremer e chorar. Decía que lle daba vergonza falar do que lle pasaba e que viña porque unha amiga lle dixeran que o que estaba facendo era un pecado moi grave para a igrexa. Por fin contoume que estaba mantendo relacións sexuais cun mozo. Máis tranquila foi falando doutras cousas, das saídas, do botellón dos sábados en Pontevedra, das rifas cos pais... Cando estaba relaxada volvinlle sobre o tema inicial. Analizamos a situación, e confesou que non a preocupaba tanto o tema do pecado, aínda que se sentía mal e culpábel, senón se estaba a facer o correcto. Intentei que ela mesma fose dando respostas, e admitiu que non se

sentía ben, que pensaba que non era o momento, que non lle axudaba a medrar, que estaba acelerando as cousas... Pregunteille se falaba con alguén desas cousas, a nai, a titora... nunca falou con ninguén agás as amigas.

Bruno. 16 anos e repetidor de varios cursos. Está no mesmo colexio, pero é da miña parroquia e coñezoo da confirmación. É un “malote” como lle chamamos nós a certo tipo de *macarrillas* adolescentes. Provoquei varias conversas con el. Desta vez foi el quen chamou á porta. Tiña problemas cos pais. Cando lle pregunto a causa, respóndeme que chega moitas veces borracho. O día de San Xoán apareceu na casa pasado o mediodía e non se tiña de pé. Está preocupado porque discutiu co seu mellor amigo e agora non se falan. Recoñece que a culpa foi del e quere pedir perdón. Ten medo a que o amigo non llo acepte. Chora (é curioso que os mozos choran máis que as mozas) e solta todo o que leva por dentro. Séntese só, aos pais só os ve polas noites, pois traballan todo o día, non lle fan moito caso, gustaríalle facer cousas distintas: xogar ao fútbol, ir na bici, de campamento... pero non se atreve a dicirlllo aos colegas. Ao marchar dáme as grazas e pregunta se pode volver.

Os pais de Valentín chamaron unha noite á porta da casa. Viven nunha parroquia veciña, un amigo díxolles que viñeran falar comigo. Valentín ten 17 anos. Os pais danme a impresión de seren humildes e traballadores. Están desfeitos. Hai unha semana o rapaz chegou moi tarde. Despois de varias advertencias, o pai agardou por el e discutiron. Valentín volveuse contra el e pegoulle ao pai. O pai levanta a roupa e amósame as marcas dos golpes. A nai tamén recibiu golpes noutras ocasións pero non dixera nada. Acababa eu de ler *El pequeño dictador* do que é autor o que foi Defensor do Menor en Madrid, Javier Urrea, e non esperaba que asomara pola porta un caso como os que aparecen no libro. Despois de escoitar e intuír un novo caso de cóctel Motolov, aconsello por o caso na man de expertos. Contacto coa delegación correspondente na Xunta de Galicia, e cóntanme que so na provincia de Pontevedra teñen máis de 70 casos similares.

Pili. Aos seus 23 anos quedánlle poucas cousas novas por vivir. Acaba de saír da clínica onde abortou por terceira vez. Hai 10 meses tivo un fillo, pero non ten compañeiro. Non amosa unha miga de remordemento. Para ela o dos abortos é unha solución máis. Di que non cre en nada e

moito menos en Deus. Intento non facer xuízos e descubrir onde estarán as raíces da situación. Ten unha visión negativa de case todo: da familia, dos homes, da sociedade... di que non sabe ben porque vive. Confésase egoísta, pero preocúpase ás veces polos outros. Como moitos outros mozos, deixou de estudar, fáltalle formación cultural e crítica e non ten ningún tipo de proxecto. Bebe e fuma algún porro. O único que lle merece interese son os cartos e pensa que son a solución a todos os problemas. Despois dalgún encontro, atópoa máis receptiva comigo, menos hostil e desconfiada. Vai abrindo o corazón.

A *Pitu* atopeino unha noite sentado na porta do bar, pechado. Coñecía-o de vista. Pregunteille se estaba ben e comezou a súa historia: 24 anos, estudos ata 2º de BUP, traballa na construción, 10 ou máis horas ao día, mal *rollo* cos pais, coa moza. Durante a semana non vive: traballa e dorme. De venres a sábado é o saírse de madre, a gran evasión. Cando deixa a moza na casa, segue toda a noite e parte do día cos colegas. Beben moitísimo, e confesa que consume cocaína. Gasta o soldo en saír e no coche, de vez en cando van a algún club de prostitución. Unha gran confesión que acaba case coas luces do día. Ten unha botella de whisky que consumiu totalmente mentres falamos. Acepta que o leve á casa, mañá xa virá buscar o coche. Pregúntolle por que me conta todas esas cousas: necesitábo.

Xan e *Antón* son antigos alumnos do seminario. Remataron os estudos universitarios e xa teñen emprego. Ás veces veñen pola casa. Coñecinos cando eran nenos e compartín con eles moitas experiencias cristiás nas que se sentían integrados. Cando marcharon de Santiago quixeron facer algo nas súas parroquias, pois tiñan inquietudes e eran bos animadores. Topáronse coa indiferenza, ou negativas. Fóronse achegando a outras opcións, movementos veciñais e políticos que lles abriron as portas encantados. Foron deixando de lado a vivencia relixiosa. Hoxe son militantes comprometidos nun partido político, e con responsabilidade, pero Deus está fóra do seu horizonte. Cando falamos do asunto din que non necesitan a Deus para nada. Confesan que son felices e aceptan sen máis que existen por un puro accidente biolóxico. Permanecen moitos dos valores adquiridos como a xenerosidade e a solidariedade, o esforzo, o compromiso, o estudo... Deus non é necesario... vou escoitando esta resposta en moitos mozos e mozas.

Como Xan e Antón, centos de mozos, animadores e líderes en potencia, pasaron polas nosas institucións ao longo dos anos. Xente con inquietudes e vontade de facer cousas. Creo que a igrexa, adormecida, non soubo aproveitálos e foron abandonando.

Pareceranvos todos casos moi extremos. Pero son bastante normais nesta zona rural onde me movo, con varias vilas e cidades moi próximas e onde hai cartos para gastar. Por desgraza moitas das iniciativas e alternativas para mozos funcionan só nas cidades, incluíndo as actividades pastorais. A ausencia dunha pastoral conxunta, do traballo en equipo entre os cregos, dificulta o que podería ser unha gran acción no mundo rural. Vaia unha experiencia positiva e alentadora, onde a iniciativa é exclusivamente dun grupo de mozos.

Entra nos contos. É o nome dunha actividade que levan a cabo un grupo de mozos da miña parroquia, case todos universitarios. Hai anos formaron o grupo da Pascua Xove de Arousa. Nesa dinámica coñecéronse e fixéronse amigos. Reuníanse semanalmente, preparaban os temas e asistían aos encontros da pascua. Xa non están na pascua, pois como sabedes é unha dinámica pensada e ofertada para os anos seguintes á confirmación. Decidiron seguir como grupo (algúns son catequistas). Conscientes da pobreza cultural que nos rodea, comezaron a traballar nun proxecto de iniciación dos nenos á lectura e motivación para os pais. Este é o segundo ano. Durante as vacacións do nadal reuniron a uns 150 nenos, tres horas ao día, con actividades diversas: contacontos, teatro, xogos, dinámicas... todo orientado a coller amor á lectura. Ao mesmo tempo traballan cos pais... mais ben as nais. Son un grupo duns quince mozos, todos voluntarios, apoiados por distintas asociacións da parroquia. Meses de traballo e preparación, reunións ata a media noite e moitos atrancos por parte de quen non debería poñelos. Ningún deles responde aos perfís das situacións anteriores, aínda que se senten algo descolocados nesta igrexa que din anda fóra da realidade.

Xiras. Chámolle así a excursións que facemos de vez en cando con algún grupo de mozos, que pasan dos 25. A idea, copiada daquelas experiencias de Ferro Couselo cos mozos de Cordeiro. Algunhas duran días, como cando fomos a Roma ou aos Picos de Europa, outras unha xornada ou unha tarde, achegándonos a algún lugar interesante do país. Son experiencias que abren moitos horizontes, que axudan a

coñecerse, a observar, a compartir, a falar, a facernos amigos. Hai momentos de intimidade, nos que pode aparecer algunha preocupación, algún consello, algunha luz. Cos mozos é importante aprender a perder o tempo. Despois xorden debates, como o último sobre a eutanasia, ou sobre o dereito á vivenda... van aparecendo novas afeccións como o cine, a literatura, a historia. E son rapaces positivos, con ideais, con metas, soños, sen vicios... pero tamén baixo a presión do mundo no que viven, acompañados por mozos como os de antes. Tamén se percibe confusión, falta de formación crítica e ética, de interese polo colectivo, que creo que van a menos.

* * *

Podería rematar cuns trazos, xeneralizando, pero co risco de mirar desde a atalaia dos meus horizontes. Cando falo cos pais e nais, vexo que non entenden algunhas das preocupacións. Para moitos, criar os fillos consiste en cubrir as súas necesidades materiais, delegando o resto na escola, na parroquia... *estamos tan ocupados co urxente, que non temos tempo para o importante*. Creo que o gran reto dunha pastoral e atención aos mozos non é posíbel se non se fai antes un traballo que implique os pais e as familias. É un enorme esforzo e quizais os tempos de desidia non axuden. Pero haberá que empezar.

Non basta querelos. Non basta sequera ter unha reunión con eles e preparala ben e desenvovela con graza, interese e eficacia. Hai que acompañalos na súa vida cotiá, nas súas pequenas incidencias, nos seus problemas e nas súas alegrías: estar ao tanto das súas vidas e estar presentes. Non é doado, require tempo, calidades, e saber facer. A experiencia di que os mozos e mozas que permaneceron foi en gran parte por esta actitude mantida nos seus educadores. Luís Briones, Parroquia de Barrio Hoy, crónica de una búsqueda.(PPC)

Rubén Aramburu Molet



A mocidade na sociedade actual: perspectiva psico-educativa

Madó Domínguez Santos

Velaquí as miñas reflexións en clave psicolóxica e educativa ao fío dos informes sobre os valores dos mozos na actual sociedade, segundo a petición que se me fixo.

Adolescencia: apertura e vulnerabilidade

De sempre a adolescencia foi descrita como un período de transición caracterizado por unha serie de perdas e de novas adquisicións, no que existen vivencias de dó pola infancia que se perde con vivencias de adaptación ante novas situacións cargadas de expectativas e ilusións, ao tempo que de dúbidas e desacougo.

É esta unha etapa da vida na que se perde e se gaña: pérdese a identidade infantil e a protección dos pais e gáñase a identidade adulta, a adquisición dunha identidade sexual e a capacitación para asumir novas responsabilidades.

A andaina adolescente non é lineal, senón que consta de avances e paradas, a miúdo para coller forzas, de fuxidas cara adiante e cara atrás, de momentos de organización e de desorganización. A coexistencia dos aspectos infantís e dos adultos que inician o seu desenvolvemento fai que se enfronten forzas de progreso que conducen ao suxeito cara á etapa adulta con outras forzas que poden levalo mesmo á parálise do seu desenvolvemento. Este xogo de forzas contraditorias trae consigo situacións de confusión entre o que se é e o que se espera del, a vivencia do desamparo ante o descoñecido, ante a propia transformación persoal que non é raro que desemboquen en condutas que sorprenden aos adultos, provocan

situacións problemáticas para os adolescentes e tradúcense por veces en manifestacións de angustia e ansiedade, que non sempre se poden ver nas consultas por mor da dificultade que o adolescente acostuma a ter para decidir sobre a súa necesidade de axuda psicolóxica ou mesmo sobre a súa fragilidade e vulnerabilidade.

Trátase, polo tanto, dunha etapa de crise que é, desde logo, de risco e de vulnerabilidade, nunha etapa na que a influencia da sociedade, do contorno familiar, da institución educativa e moi especialmente dos compañeiros, poden contribuír a un desenvolvemento harmónico e saudable do adolescente ou, pola contra, poden inclinar a traxectoria cara a camiños de marxinalidade.

Son moitos os estudos sobre a adolescencia que conclúen que a maioría dos adolescentes rematan felizmente este período e que chegan ben equipados á etapa adulta, aínda que teñan vivido situacións de risco coma os que habitualmente se describen nesta etapa: o consumo de drogas, as condutas ilegais ou delitivas que habitualmente presentan as cuestións vinculadas á violencia e á agresividade, o abandono dos estudos e a ausencia dun proxecto vital.

Pero eses estudos lébrannos tamén as pequenas porcentaxes dos que non rematan felizmente a transición á vida adulta e que se perden nesas condutas de risco que diciamos, cunha tradución clara na vida marxinal do cárcere e a reincidencia ou na vía patolóxica do consumo de drogas e da enfermidade mental nas súas diferentes manifestacións. Salientan igualmente estes estudos a importancia que a sociedade no seu conxunto, concretada na familia, no grupo de compañeiros e nas institucións educativas, ten para contribuír á transición saudable dos adolescentes.

Nin a familia nin o centro educativo teñen un papel fácil xa que son ambas as dúas institucións coas que a miúdo o adolescente se enfronta e sobre todo teñen a misión de educar, é dicir, de poñer límites, de axudar a demorar a satisfacción inmediata aos desexos, de dicir non, ... e ao mesmo tempo, acompañar o proceso de crecemento dos mozos, apoiar as súas iniciativas, soste a súa fragilidade, protexelos respectuosamente da súa vulnerabilidade.

Orientacións en clave psicolóxica e educativa

A desafección dos mozos respecto da práctica relixiosa debe facernos pensar nos motivos da mesma. Chama a atención a simpleza coa que frecuentemente se xulga este fenómeno, desde a nostalgia de tempos máis doados para o proselitismo sobre audiencias cativas e a incapacidade de repensar a fe cristiá nunha sociedade secularizada. Súmome aos que pensan que, na actualidade, onde mellor pode prosperar o sentido da transcendencia é nunha sociedade plenamente secularizada.

Desde as familias, desde os centros educativos, desde a sociedade en xeral e en particular desde os medios de comunicación deberíamos poñer as bases dunha sólida educación que compensase a vulnerabilidade dos adolescentes coa construción dunha moralidade baseada en valores.

Consumismo. Os mozos vense a si mesmos como egoístas e consumistas. Tenden a esixir que as súas demandas sexan cumpridas de xeito inmediato. Os adultos botámoslles frecuentemente na cara que teñen pouca capacidade e aguante para o esforzo, tan necesario para saír adiante na vida e conseguir calquera meta valiosa. A imprescindible axuda dos pais e doutros adultos consistirá en facer contención, en poñer límites razoables ao gasto de diñeiro, ás horas de ver televisión e outras diversións; e todo isto sen mala conciencia, pensando, pola contra, que isto é o mellor para os rapaces. Ao mesmo tempo, temos a responsabilidade de ofrecerlles un modelo firme, honrado e coherente, facendo nós mesmos o que lles demandamos a eles. Hai que facer contención, coa paciencia e a firmeza de quen sabe que o trebón ha pasar. E na medida do posible axudándolles a descubrir as trampas do sistema. Todo isto non é nada doado porque a nosa sociedade funciona en boa medida a base de inventar necesidades e de incitar incesantemente a consumir para ser alguén. Pero, con ser tan poderoso o sistema, podemos facerlle resistencia e mesmo axudar a abrírlles pequenas fendas.

A ruína da educación obrigatoria. Parece que hai moitos mozos sen proxecto vital. Aumentan as horas de ver televisión e descenden as de lectura. Disque son moi ignorantes en coñecementos académicos. Quizais

nunca houbo tanta distancia entre o que lles interesa aos nosos mozos e o que ofrecen os colexios e institutos, entre as súas linguaxes e habilidades cognitivas e os métodos e materiais que se empregan nas aulas de educación secundaria, entre a necesidade de guía dos rapaces e a falta de compromiso educativo dunha parte importante do profesorado, que literalmente foxe dos centros. É especialmente preocupante o feito de que para moitos mozos aprender será sinónimo de aburrido e a escola terá para sempre o sabor amargo do fracaso.

Violencia entre iguais. O fenómeno da violencia xuvenil é un fenómeno difícil de entender, especialmente polo que parece ter de arbitrario e gratuíto. Penso sobre todo na violencia entre iguais. Nunca antes houbo tantos mozos, tan diferentes, tan pouco motivados para o logro de obxectivos, durante tantas horas concentrados nun espazo tan reducido. Sendo, sen dúbida un fenómeno complexo no que inciden factores de natureza diversa, quero sinalar a responsabilidade dos adultos na súa prevención e remedio. Primeiro establecendo eles mesmos un clima de respecto e de non discriminación; algúns profesores que exacerbam a competitividade de forma que todo vale para destacar, ou usan a burla e o ridículo como arma habitual de presión, deberían pensar que deste xeito están creando un caldo de cultivo propicio para as condutas irrespectuosas e agresivas entre o alumnado. Do mesmo xeito, é importante non consentir, disimulando que non se ve ou facendo oídos xordos a calquera comportamento de abuso ou agresión entre compañeiros. Por fin, resulta totalmente insuficiente, desenfocada e mesmo contraproducente a resposta represiva (nunha especie de círculo vicioso acción-reacción) para os casos reiterados ou máis graves de violencia. É necesario establecer procedementos baseados na escoita, na negociación e na mediación que limitan a arbitrariedade e o autoritarismo e fan posible a reparación e a reconstrución de vínculos positivos entre os afectados.


Reflexión final

Estes son algúns exemplos que, na miña opinión, invitan a reflexionar seriamente sobre o porvir da nosa sociedade. Neste contexto, a cuestión importante non debería ser se os mozos se declaran católicos en maior ou menor número ou que frecuenten a liturxia con maior ou menor

asiduidade. Está claro que a actual oferta para moitos xa non forma parte do seu ámbito vital ou sinxelamente non lles interesa. Analízala, poñendo de manifesto a súa rixidez e autoritarismo, a súa superficialidade e infantilismo, a súa inhumanidade e insensibilidade aos dereitos humanos, o seu ritualismo arcaico ... é un dos mellores servizos que se lle pode facer.

Pero, os que nalgún momento da nosa mocidade descubrimos o sentido profundamente humanizante e liberador do evanxeo, a riqueza das experiencias comunitarias de convivencia e festa en parroquias, o despertar do sentido crítico en movementos cristiáns, a vivencia dos lazos de pertenza a un grupo e a apertura a unha comunidade maior, as experiencias concretas de solidariedade cos necesitados... gustaríanos que os nosos fillos e os mozos e mozas da nosa época puidesen gozar libremente de experiencias semellantes no seo ou ao abeiro dunha comunidade cristiá do noso tempo e proxectada nun futuro mellor.

Madó Domínguez Santos
Psiquiatra e profesora da USC





A cuestión da apostasía

Xosé Manuel Pensado Figueiras

A ninguén nos escapa que a pertenza a unha entidade non é algo que se dea en todos os membros con igual intensidade. Hai dende quen se toma as cousas moi en serio ata o que está por estar.

Do mesmo xeito na igrexa hai quen toma moi en serio o seu bautismo coñecendo polo miúdo os contidos da fe, vivindo en fondura a relación persoal con Deus e expresándoa tanto na súa vida cotiá como nas celebracións litúrxicas e mesmo na súa colaboración activa nalgunha das diversas tarefas que na e dende a igrexa se poden realizar.

A partir de aquí, por razóns de fondura na vivencia, por circunstancias persoais, laborais, etc. etc., vaise “rebaixando” o nivel de pertenza; ás veces mantendo a convicción da religación con Deus e a igrexa e noutros casos mantendo unha pura pertenza sociolóxica baseada na tradición, no costume, no “sempre se fixo así”...

Continuando con esta liña argumental tamén será lóxico pensar que entre as persoas que dan o paso de apostatar non todas o fan coa mesma convicción, dependendo da vinculación e coñecemento que tiveran co universo da fe, da información e formación do que significa e implica dar ese paso¹.

¹ Neste mesmo número de *Encrucillada* teñen os lectores o artigo de X. Blanco Vilar *A complexa mocidade e a non menos complexa relixión que desenvolve polo miúdo esta cuestión da diversidade na vivencia da fe e que, en certo modo, tamén se pode aplicar á decisión de abandonala.*

Navegando pola rede

Navegando pola internet podemos atopar até 58.900 páxinas dedicadas a este tema aínda que moitas repiten contidos sen case engadir nada, e é moi frecuente que se utilicen para censurar á igrexa e ao cristianismo en xeral sen tan sequera mencionar a cuestión da apostasía. Cando entrei en páxinas como *apostasie.org/spanish* ou *wanadoo.es/pagiperso* sentínme decepcionado ao comprobar o xeito, no meu ver, panfletario no que desenvolven as cuestións que planean. Con todo non deixan de ser unha invitación a que analicemos a imaxe que damos como institución e o mal manexo que temos dos medios de comunicación social para achegar a nosa mensaxe ao mundo actual.

Problemas concretos como os escándalos sexuais dalgúns membros do clero –especialmente a pedofilia– o xuízo e condena dalgún cura por xenocida –caso de Ruanda²– cuestións de tipo económico –Gescartera–atribuílos como mal común en toda a igrexa é, máis que frecuente, o habitual.

Fan afirmacións sen ningún tipo de matización. Por exemplo, comparando os talibáns co Vaticano, afirmase que tanto os talibáns como o papa son infalibles, que uns queren “coranizar” e outros “evanxelizar” a terra, coma se iso, en por si, fose malo, e de ambos se afirma “non respecto aos dereitos humanos”. Por destacar só algunhas máis significativas.

Utilizar a historia pasada como argumento contra o presente é tamén frecuente. Recomendo ao respecto *herenciacrística.com*.

A modo de síntese recollo, moi resumidamente, a argumentación dunha persoa para apostatar exposta en *wanadoo.es/pagiperso*. Uso dos bautismos estatisticamente para obter beneficios sociais, bautismo como opción non libre, “engánannos, vede as inxustizas do mundo”. “Por que axudar, aínda que sexa aportando o nome, a unha entidade que foi causa principal, ou causa única, en multitude

²O caso do crego hutu que, tras dar refuxio na igrexa parroquial a moitos tutsis, denunciounos e foron todos masacrados. O crego foi condenado por xenocidio e crime contra a humanidade.

de guerras, colonización, corrupción no poder e na política, atraso científico e humano, explotación no nome de Deus e en proveito propio?”. Inquisición, Gescartera, SIDA, preservativo, aborto, actitude ante a ciencia –“Que esperanza venderían se a terra fose gloria bendita”– ante a homosexualidade, ante a muller, curas pedófilos, posición ante a eutanasia “non queren que a xente morra dignamente na compañía dos seus amigos”.

Véxase neste outro exemplo a argumentación da COGAM invitando á apostasía. En *13m.org* lese o seguinte: “Apostata, é o momento. Se aínda tes dúbidas de por que apostatar e loitar por unha sociedade laica... Nas declaracións máis recentes, o defunto papa, reunido cos bispos españois, criticou ao goberno Zapatero por ‘restrinxir a liberdade relixiosa’ e falou de que en España se vive ‘nunha apostasía silenciosa’. *Pois que a apostasía non sexa silenciosa*. Demóstralles aos bispos que estás en contra da súa campaña e da súa visión da sociedade, e únete á entrega masiva de sinaturas pedindo apostatar. A apostasía leva consigo deixar de pertencer á igrexa a todos os efectos.

Dende a chegada ao poder do PSOE, a Conferencia Episcopal mostrouse moi belixerante nalgúns temas, incluídos no programa electoral socialista, nos que se produciron reformas legais (matrimonios gais, investigación con células nai), sociais (promoción do uso do preservativo) ou mesmo algúns antes de que se chegase a abrir o debate (aborto ou eutanasia)”.

Esta argumentación e invitación a apostatar concrétase na entrega, no arcebispado de Madrid, de 1.500 declaracións de apostasía o día 8 de xullo de 2006, día que propoñen instaurar como “día do laicismo”.

Só engadir que en ningunha páxina atopei quen, facendo crítica, puxese ao carón valores e accións positivos da igrexa, aínda que non os compartisen dende dentro. Penso que se ante unha institución tan persistente no tempo e tan ampla no espazo non se atope nada que destacar positivamente resulta, cando menos, estraño.

Unha páxina que si sorprende, ao menos en comparación coa maioría, pola súa serenidade na exposición e que realmente se

centra en explicar que é a apostasía, dando unhas razóns para o facer e explicando con detalle o procedemento é *imfegranada.es/cescuela/Laico/ApostAteus.htm* organizada por “Ateus de Catalunya”.

Comeza afirmando que o cristianismo sociolóxico no que está inmersa gran parte da sociedade está baseado na ausencia de alternativas laicas para celebrar os acontecementos significativos na vida das persoas e así pódense atopar, na maioría de idade, pertencendo a unha confesión relixiosa que non escolleron e non se axusta ás súas ideas. Esta situación perpetúa o ritualismo relixioso e favorece que a igrexa se aproveite estatística e pasivamente duns membros que en realidade non o son. O único xeito de rachar este círculo vicioso é exercer o “lexítimo dereito á apostasía”. Define, a continuación a apostasía como “a renuncia á fe cristiá recibida por medio do bautismo... o abandono explícito e voluntario dos dogmas e crenzas da igrexa que, se supón, son infundidas durante o ‘sacramento’ do bautismo... independentemente de que o interesado poida ter consciencia do feito, nin posúa a capacidade crítica para decidir se desexará ou non algún día abrazar libre e voluntariamente a dita fe³”.

Á fin do apartado das motivacións afirma: “Nós entendemos que apostatar non é necesariamente un acto ofensivo nin de desconsideración cara ninguén, xa que recoñecer a propia condición, para aqueles que non comparten a fe da igrexa e non desexan que esta obteña proveito da súa indiferenza, é sinxelamente un acto de responsabilidade propio dun espírito libre, honesto e comprometido”. Por isto afirman non pretender facer campaña para promover a apostasía pero que distintos colectivos a recomendan como exercicio dun dereito que teñen. As razóns que presentan son: 1º: a falta de capacidade para valorar o significado e alcance do bautismo que leva a que no futuro non se identifiquen e mesmo se sintan incómodos coa fe recibida. A adscrición ideolóxica ou relixiosa é un dereito incuestionable recoñecido na constitución pero ha de ser exercido con liberdade. E 2º: a inxusta utilización por parte das confesións relixiosas desta pasividade para as estatísticas e así “obter maiores privilexios sociais e económicos” sen que preocupe

³Código de Dereito Canónico 751: “...apostasía é o rexeitamento total da fe cristiá.”

demasiado “a integridade das crenzas deses fieis nin se as súas prácticas se corresponden coa súa suposta condición”.

A apostasía en Galicia

Despois de consultar as vigairías xerais das dioceses galegas, en Santiago a de pastoral, que son os que levan este asunto pódense constatar aos seguintes datos⁴:

Na diocese de Santiago o arquivo sistemático de declaracións de apostasía comeza no ano 2004 e suman un total de 112 de homes e 62 de mulleres. O ano de maior cantidade foi o 2005 con 48 de homes e 25 de mulleres.

Na diocese de Tui-Vigo o número empeza a ser considerable a partir do ano 2000 e até hoxe achégase ás 100; aínda que hai máis de homes a diferenza é pouco significativa.

Diocese de Ourense: Só do 2005 e 2006 teñen declaracións de apostasía con 25 e 26 respectivamente. Predominan os homes moi lixeiramente. Destacaba o vigairo xeral que abondas, aínda que non precisou número, son de persoas residentes fora da diocese.

Diocese de Lugo: o arquivo é a partir do ano 2002 e contan con 25 e, igual ca antes, predominan aos homes aínda que sen diferenza considerable.

Diocese de Mondoñedo-Ferrol: Arquivo dende o 2003 con 16 casos de homes e 6 de mulleres.

Con anterioridade ás datas indicadas tamén había algunha declaración de apostasía, pero eran moi escasas e, basicamente, tratábase de testemuñas de Xeovah ou casos enviados dende os xulgados alemáns de persoas que trataban de evitar o imposto relixioso que existe nese país. O número era tan escaso que, aínda que se gardaban, non se creara un arquivo a tal efecto.

As razóns aportadas para apostatar, segundo os vigairos, resúmeas ben o correo enviado polo de Mondoñedo-Ferrol: fidelidade á propia conciencia, rexeitamento da decisión familiar unilateral de ser

⁴ *Quero agradecer encarecidamente a grande dispoñibilidade que mostraron os vigairos e o chanceler de Santiago ante a miña solicitude de información tanto en persoa, por teléfono ou por correo electrónico.*

bautizado de neno, ter profesado forzosamente a fe, engano doutrinal e abuso da Igrexa Católica, presión ideolóxica exercida pola Igrexa Católica, ter perdida a fe que a Igrexa Católica defende e non compartir as declaracións da Igrexa Católica sobre o matrimonio de persoas do mesmo sexo, eutanasia, interrupción voluntaria do embarazo, uso do preservativo, etc. Pódese engadir que se aduce nalgún caso que a fe é algo puramente privado e que non ten porque figurar en ningún ámbito público. Aparece tamén a cuestión da non utilización estatística dos datos por parte da igrexa, a actitude machista da igrexa e o que a igrexa fixo no pasado.

No caso de Vigo aportouse o dato da existencia dunha asociación chamada Lume Negro que, consideraba, está a influír moito nesta cuestión⁵. Nesta mesma diocese, afirmaba o vigairo, que, cando logra ter diálogo coa persoa que presenta a declaración⁶, é habitual, ao explicarlle as consecuencias que iso supón con respecto á Igrexa e ao intentar clarificar as motivacións, decida paralizar o proceso. No caso de Ourense dicía que nunca se lle dera o caso.

Rematando

Igual que dicimos con respecto a outras cuestións, non se pode meter nun mesmo saco sen máis a todos os que abandonan a fe, é preciso, coma sempre, coñecer as persoas concretas para ver as motivacións particulares que levan a dar este paso. Atoparemos, como dicíamos ao primeiro, que o fai como intento serio de afondar

⁵ Este nome corresponde á *Assemblea Anti-imperialista e Ateneo Libertario integrada no Centro de Medios Independientes de Galicia (CMI)*. *Galiza.indymedia.org*. Do CMI forma parte tamén a *Federación Anarquista Galega* que con respecto á cuestión que tratamos di: "A FAG, está a levar umha campaña pola apostasía, co fim de fazer o acto simbólico de rejeitar a nossa militancia Numa instituição que aínda en pleno século XXI tenta mostrar na rúa a súa forza para negar-lhe os seus directos ás vítimas das súas superstiçons. Convencidos de que contra a religiom há que fazer muito mais, iste é o primeiro paso para dizerlles aos negros corvos da igreja que non queremos estar Numa organizaron criminoso e opresora dos povos que a sufriron ao longo dos séculos. Anima-mos a toda a gente a que se sume a esta iniciativa".

⁶ Nas cinco dioceses se intenta manter unha conversa con eles aínda que non sempre é aceptada. O que si se dá nalgunhas ocasións é que tras apostatar soliciten, por exemplo, ser padriños de bautismo ou confirmación, ou casar na Igrexa.

no seu propio ser, co cal merece todo o respecto, e quen o fai sen consideralo moi a fondo, evidentemente, merece respecto e tal vez sexa unha oportunidade para que nós mesmos afondemos na propia fe e na imaxe que transmitimos dela.

Considerándoo só dende a perspectiva dos números, 372 dende o ano 2002, non é demasiado significativo. Pero isto non é o importante. Ver as motivacións aducidas, as actitudes belixerantes, pensar que isto é só unha parte dos moitos outros que optan polo mesmo por máis que non dean o paso para facelo público, debería darnos que pensar aos que intentamos ser membros da igrexa a pesar de tantas incoherencias e das críticas e disensións que sempre son positivas.

Tamén cabería dicir parecido dos que si dan o paso. A liberdade non é para rachar por rachar, á lixeira, senón a condición para tentar, e non sempre é doado, ser coñecedor obxectivo, e ser coherente e responsable coas opcións que se toman, tanto para si como para ofrecer o mesmo respecto que se solicita.

Xosé Manuel Pensado Figueiras

Párroco da Unidade Pastoral de Mazaricos

CELEBRÉMONOS MULLERES!

Hai agora xa 10 anos, xuntámonos por primeira vez unhas 30 mulleres, soñando un proxecto que demos en chamar **ASOCIACIÓN MULLERES CRISTIÁS GALEGAS-EXERIA**. Queremos celebrar toda a vida entretecida ó longo destes 10 anos, e por iso, **QUEREMOS INVITARTE** á

XORNADA FESTIVA DA VIDA E DA PALABRA COMPARTIDA

o **SÁBADO, 3 DE MARZO**, no **AUDITORIO DE GALICIA**

(Santiago de Compostela)

ACOLLIDA E PRESENTACIÓN da Xornada ás **10H30** da mañá

RECITAL de música e textos **"DONAS DA NOSA MEMORIA"**

COMUNICACIÓN E DIÁLOGO con **AMADA TRABA DÍAZ**

XANTAR

PROXECCIÓN FOTOGRÁFICA

MESA REDONDA: con

LUPE CES RIOBOO, MARÍA REIMONDEZ e LIDIA SENRA

CELEBRACIÓN da vida e a palabra compartida

REMATE da Xornada ás **19H30**

Comunica asistencia a Cristina Ledo Regal: cristinaledo@edu.xunta.es



San Rosendo e o seu impacto en Galicia

Segundo L. Pérez López

1. Naceu na Galicia que chegaba ao Douro

Celebramos neste ano o XI centenario do nacemento de San Rosendo, xa que naceu o 26 de novembro do ano 907 preto de Santo Tirso, nas inmediacións da cidade de Porto. Aínda hoxe se conserva a pía bautismal na parroquia de San Miguel do Couto, preto do monte Cordova, lugares vinculados á familia rosendiana¹, foi excepcionalmente obsequiado, cando aínda era un neno, con moi diversas doazóns por parte de persoas moi principais: en 916, con só 8 anos e medio de vida, recibiu de seus tíos Nepociano e Alagundia unha vila no territorio de Valhadares (Portugal). Non moito tempo despois, foi o bispo mindoniense Sabarico, seu tío avó e director espiritual (*sancti patris mei spiritualis Saurici episcopi*), o que lle doou propiedades no territorio de Nende (A Coruña). Coñecemos aínda outra máis outorgada polo bispo Ansur de Ourense, que o favoreceu no territorio de Armeá (Lugo). E da súa tía Gontroda recibiu así mesmo unha vila nas proximidades de Faro (A Coruña). E aínda podemos velo no ano 919, cando contaba 11 anos, acompañando a seu pai Gutier e ao seu tío Arias Menéndez na corte leonesa de Ordoño II e da raíña Dona Elvira Menéndez, que era súa tía paterna².

¹ Cf. F. Carvalho Correia, *Santo Tirso. Da cidade e o seu termo*, Santo Tirso 2002, pp. 403 ss.

² Vid. M. Carriedo Tejedo, "Noticias biográficas y documentos perdidos de los obispos gallegos, durante la primera mitad del siglo X": *Estudios Mindonienses*, 15, 1999.

2. Educado e asentado na Galicia do norte

Ao mosteiro-abadía de San Martiño de Mondoñedo ven formarse San Rosendo, a carón do seu tío Sabarico II, e moi novo aínda é elixido bispo-abade polos seus compañeiros³. Por iso, é en San Martiño onde se formou humana e espiritualmente San Rosendo, e desta igrexa foi santo bispo⁴, asinando como bispo dumiense ou mindoniense indistintamente. É probable que os monxes dumienses viñeran a este lugar por algún tipo de vínculo moi antigo, e estivese aquí presente a cultura e o tipo monástico procedente de Martiño de Dume⁵.

Verbo da relación da diocese-abadía dumiense con San Martín de Mondoñedo, F. Álvarez Villaamil, nun traballo certamente serio e rigoroso, dinos que a fundación de San Martín de Mondoñedo se remonta ao propio San Martiño Dumiense, situándose nese espazo o chamado mosteiro “Máximo”. Logo sinala que os monxes viñeron dende a “súa casa” de Dumio á “súa casa” de San Martiño, arredor do ano 738, data da destrución de Braga polos sarracenos; polo tanto, uns 130 anos antes de que o bispo Sabarico lle dese corpo definitivo a esta igrexa como diocese abacial-territorial, fronte á forma anterior de carácter monacal.

Algúns teses actuais verbo da presenza e impacto dos árabes no territorio de Galicia, darían unha certa consistencia a esta opinión.

O Cronicón Albeldense afirma que San Rosendo vivía en San Martiño de Mondoñedo, nun territorio que lle fora doado polo rei

³ Hai que deixar constancia de que para algúns autores San Rosendo comezou a súa prelatura en San Salvador e Santa Cruz de Portomarín, tal como consta nun documento do ano 925, cf. F. Carvalho Correia, *Santo Tirso... o. c.*, pp. 395-396.

⁴ A mellor síntese actual sobre a figura de san Rosendo atopámola en M. A. Araújo Iglesias, “San Rosendo, bispo e fundador”, en *Estudios Mindonienses*, 15, 1999, pp. 15-124, editado tamén en libro aparte en Celanova no ano de 1999. Ao longo deste traballo iremos aportando máis datos biográficos ofrecidos por outros autores como F. Carvalho Correia, *Santo Tirso. Da cidade e do seu termo*, 4, Santo Tirso 2002.

⁵ Hai un dato, polo menos curioso, segundo sabemos: San Martiño Dumiense trouxo a Galicia a devoción ao seu homónimo de Tours. Entre os bispos de Tours daqueles séculos atópase San Bricio, advocación descoñecida en Galicia salvo en dúas capeliñas da diocese de Mondoñedo, nas parroquias de Sante e A Pontenova, non lonxe de Bretoña nin de San Martiño de Mondoñedo. Habería que afondar máis para probar algo disto, cf. o artigo de U. García Amor, “Sante: presente e pasado. Notas documentais”, en *Estudios Mindonienses*, 18, 2002, pp. 1269-1293.

asturiano Afonso III. Isto explica que o pontificado de San Rosendo sexa fundamental en orde a establecer os límites territoriais do novo bispado. Isto tamén da razón das moitas liortas ás que tivo que facer fronte o santo bispo-abade dumiense-mindoniense para levar a cabo a configuración do espazo territorial da súa igrexa, que ven coincidir practicamente cos límites da actual diocese mindoniense-ferrolá⁶.

Algúns autores sosteñen que San Rosendo fixo construír unha igrexa en San Martiño como sé catedralicia. Tal é o caso de J. Villamil e Castro, que di literalmente⁷: "... asegura la tradición que fue construida por San Rosendo durante el tiempo que gobernó aquella Sede (928-947), y que no debe ser obra muy lejana a esta fecha, en razón a la marcada analogía que presenta con las construcciones asturianas del mismo siglo y de los anteriores". Os autores que estudan o templo actual falan de elementos prerrománicos que poden remontarse, sen dificultade, ao século de San Rosendo, quen, como sabemos, foi gran construtor e patrocinador de grandes edificios eclesiásticos na Galicia do seu tempo.

San Rosendo foi, pois, bispo de San Martiño de Mondoñedo (Foz) e Iria (Padrón); é promotor da fundación de numerosos mosteiros por todo o territorio do Noroeste peninsular⁸, sendo a súa fundación emblemática o mosteiro de Celanova (Ourense), onde falecería o día 1 de marzo de 977,⁹. Esta abadía foi centro de referencia para máis de cincuenta mosteiros e priorados de toda España¹⁰.

Celanova non sería gran cousa sen San Rosendo ata o día de hoxe. A vila nace ao calor dun mosteiro, San Salvador, a fundación máis querida de Rosendo, no século X. San Rosendo enche a historia da arte celanovesa. Máis amante do silencio e da soidade que do poder,

⁶ Cf. R. Yzquierdo Perrín (Dir.), *Las Catedrales de Galicia*, León 2005, pp.18-19.

⁷ J. Villamil y Castro, *Crónica de la Provincia de Lugo*, Madrid 1866, p. 56.

⁸ Unha fundación próxima á diocese mindoniense sería a do mosteiro de Caaveiro, que na tradición popular ten profundo arraigo, cf. a obra de C. de Castro Álvarez, *El monasterio de San Juan de Caaveiro*, A Coruña 1999, p. 20.

⁹ Cf. J. M. Andrade Cernadas, *O tomo de Celanova*, 1-2, Santiago de Compostela, 1995; cf. tamén o estudo co texto correspondente de M. C. Díaz y Díaz e outros, *Ordoño de Celanova. Vida y milagros de San Rosendo*, A Coruña 1990.

¹⁰ J. M. Andrade Cernadas, "Los orígenes del Monasterio de Celanova y su patrimonio documental", en *Actas: Patrimonio cultural de Galicia e norte de Portugal*, Ourense, 1997.

fundou este cenobio que tivo como primeiro abade a Franquila, retirándose a el no ano 944 ou un pouco máis tarde. O mosteiro rematou aceptando a regra beneditina trala reforma gregoriana do século XI. Reis, nobres e particulares fixérono rico, e aquilo que comezara por ser unha humilde “cella nova” converteuse nunha rica casa que ata o día de hoxe non deixa de admirar e sorprender o visitante. Algúns queren ver no nome “cella nova” a réplica ao nome de “cella vella” nas terras de Santo Tirso onde nacera San Rosendo.

Unha referencia especial merece a capela de San Miguel. Tal capeliña é o exemplo máis puro e mellor conservado da arte mozárabe en España. A súa construción parece remontarse aos tempos do fundador. É unha capela de devoción privada, dedicada a San Miguel e mandada construír polo irmán de San Rosendo no ano 963. A inscrición acredita a dedicación por Froila, irmán de San Rosendo, pero a tradición tena como oratorio do santo¹¹.

O rei Ordoño III deu a San Rosendo, no ano 955, o goberno de todos os territorios de Galicia que antes rexera seu pai, o conde Gutier, e durante o exercicio deste cargo tivo que facer fronte ao acoso dos normandos¹². Polo ano 968 ata o 976 administrou a diocese de Iria, que nesta época compartía cátedra con Santiago de Compostela (ata 1095)¹³. San Rosendo sucedeu en Iria-Compostela ao seu primo Sisnando (fillo de Hermexildo e Paterna, fundadores do mosteiro de Sobrado)¹⁴, quen falecera aseteado polos normandos

¹¹ M. Núñez Rodríguez, “San Miguel de Celanova”, Santiago, 1989.

¹² A mellor síntese actual sobre a figura de san Rosendo atopámola en M. A. Araújo Iglesias, “San Rosendo, bispo e fundador”, en *Estudios Mindonienses*, 15, 1999, pp. 15-124, editado tamén en libro á parte en *Celanova no ano de 1999 e reeditado en Celanova no 2006*. Ademais da obra de M. A. Araújo Iglesias seguen sendo útiles as obras de E. Flórez, *España Sagrada. XVIII. La Iglesia Britoniense y Dumienne incluídas en la actual de Mondoñedo*, Madrid 1764; a de A. López Ferreiro, *Biografía de San Rosendo*, Santiago, 1907. Unha aproximación máis recente atopámola na obra, “La Iglesia de Mondoñedo-Ferrol”, en J. García Oro (Coord.) *Historia de la Diócesis Españolas. Lugo, Mondoñedo-Ferrol, Orense*, 14, Madrid 2002, pp. 211-382.

¹³ Ademais da bibliografía das notas anteriores, vid. a obra de A. López Ferreiro, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, 2, Santiago 1899, pp. 359 ss.

¹⁴ Cf. para unha visión xeral, J. C. Valle Pérez, “La implantación de la orden del Císter en Galicia y su reflejo monumental durante la Edad Media”, en J. Rodríguez-

na batalla de Fornelos o 29 de marzo do ano 968¹⁵. Mais non por isto deixou nunca de estar moi estreitamente ligado á súa querida fundación de Celanova, onde viviu os seus últimos anos dedicado á oración e á contemplación. Parece ser que a principios do ano 977 sentiu certa indisposición que, ao seu xuízo, revestía sería gravidade. Era o día 17 de xaneiro. San Rosendo estaba tamén preocupado e temeroso pola futura sorte do seu querido mosteiro e dos seus amados monxes naqueles tempos revoltos. Sen perder a calma e maila presenza do espírito, tomou unha pluma e comezou a escribir coa súa mesma man o seu testamento, que é un modelo de serenidade e fe. Finou, logo de recibir os sacramentos, o día 1 de marzo do ano 977, mentres cantaban no coro *Nas túas mans, Señor, encomendo o meu espírito*. Os seus restos mortais, gardados nun ataúde de ciprés, foron soterrados nun sartego de pedra, que se colocou, segundo parece, preto da igrexa de San Pedro (*prope ecclesiam sci. Petri*). Estas palabras semellan indicar que a igrexa de san Pedro estaba separada da conventual, como aínda está hoxe a capela de San Miguel. Tamén se pode pensar que esta igrexa de san Pedro non era máis que a ábsida da igrexa primitiva, que estaba dedicada a san Pedro¹⁶. Aló polo ano 1172 trasladáronse os seus restos a outro lugar máis honroso, que parece ser o lugar onde está hoxe o seu altar para, en 1601, ser colocado na urna de prata na que se conservan actualmente os seus restos¹⁷.

Foi canonizado a finais do século XII, polo cardeal Xacinto Bobo, en 1172, sendo legado pontificio en España, quen en chegando a

X. C. Valle Pérez, *Arte del Císter en Portugal e Galicia. Arte del Císter en Galicia y Portugal*, A Coruña 1998, pp. 2-41. Máis en concreto M.^ª C., Pallares Méndez, *El monasterio de Sobrado. Un ejemplo del protagonismo monástico en la Galicia medieval*, A Coruña, 1979.

¹⁵ A. López Ferreiro, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago, 1898-1909, vol. 2, pp. 335 ss., para a situación de Compostela á chegada de San Rosendo *vid. especialmente a p. 359*.

¹⁶ Frei León de Santo Tomás di que S. Rosendo fora sepultado nunha capela chamada de S. Xoán, onde estaría case douscentos anos, *cf. Benedictina Lusitana*, II, p. 154.

¹⁷ En 1601, a 1 de Marzo, aniversario do seu *dies natalis*, no tempo en que presidía o mosteiro de Celanova Frei Claudio Tenorio, as reliquias de S. Rosendo foron metidas dentro dunha urna de prata, que se colocou no altar maior da igrexa do mosteiro. A arqueta é obra de Juan de Nápoles, que residía en Valladolid, tal como

Papa, co nome de Celestino III, o 9 de outubro de 1195 estendeu o seu culto a toda a igrexa.

3. O seu protagonismo na organización de Galicia

A súa figura vai máis alá dos lindeiros diocesanos de Mondoñedo ou Iria, e a súa mensaxe abrangue os máis diversos aspectos que marcan a vida e estrutura de Galicia dende o século X ata os nosos días: San Rosendo está ligado, antes que nada, á historia da diocese mindoniense; pero o seu influxo é tamén decisivo para a vida monástica en Galicia¹⁸; para as relacións entre as diversas familias que marcaron a historia da nosa terra, e mesmo para a conciencia política de Galicia en canto entidade política e culturalmente diferenciada¹⁹. Para comprender o impacto de san Rosendo na vida de Galicia, debemos ter en conta a estrutura da sociedade altomedieval e o significado das distintas correlacións familiares neste período. A familia de S. Rosendo ten fondas raíces na primeira nobreza e ata mesmo na estirpe rexia de León. A un círculo dominante na alta esfera político-militar e eclesiástica pertencía o noso santo. De feito, desde os finais do século IX aos comezos do século XI, todos os grandes eclesiásticos, todos os magnates galegos e ata os propios reis se relacionan por lazos de sangue coa familia de S. Rosendo. Así podemos sinalar os seguintes datos:

Tres bispos de Mondoñedo son da súa parentela: Sabarico Gatonez (907-925) é seu tío avó; Aires Nunes (948-962) e Aires Pais (977-

di a inscrición da mesma: "Aqui descansan os osos de Rosendo, insigne prelado, padroeiro e fundador desta casa. O Reverendo Padre Mestre Frei Claudio Tenorio, prelado deste mosteiro, aquí os depositou, no día 1 de Marzo de 1601. Autor desta obra João de Nápoles, morador de Valladolid". Nela están esculpidas catro escenas da vida e milagres de S. Rosendo, referentes ao anuncio do arcanxo S. Miguel a Ilduara. Cf. F. Carvalho Correia, Santo Tirso, o. c., p. 421.

¹⁸ Vid. unha aproximación xeral ao tema da igrexa e á vida monástica neste período en, E. Amann-A. Dumas, "El orden medieval", en A. Fliche-V. Martin, *Historia de la Iglesia*, 7, Valencia 1975, pp. 305-385.

¹⁹ Para facernos unha idea xeral podemos ver E. Sáez Sánchez, "Los ascendientes de San Rosendo", en *Hispania*, 8, 1948, pp. 3-76; R. García Álvarez, *Galicia y los gallegos en la Alta Edad Media*, Santiago de Compostela, 1985. Para un enmarque cultural da época desde a función social da muller, cf. M^a del C. Pallares Méndez, *Ilduara, una aristócrata del siglo X*, 2^a ed, Sada, 2004. Vid. tamén o traballo de J. Rodríguez Fernández, "La figura de San Rosendo en el reinado de Ramiro II de León", en *Archivos Leoneses*, XXVII, 1973, 287-307.

984), seus sobriños. Ou sexa, todos os bispos de Mondoñedo, do século X, son seus familiares. Outros tres parentes de S. Rosendo foron bispos de Iria, ou, como se chamará máis tarde, bispos de Compostela: Godesindo Alvitez (920-924); Sisnando Menendez (951-968); e Paio Rodrigues (977-985)²⁰. Ou sexa, se atendermos ao feito do noso santo ter asumido tamén a responsabilidade desta última diocese, podemos concluír que estas dúas igrexas, no século X, estiveron na dependencia case enteira da estirpe rosendiana.

Aínda máis, seis mulleres, ligadas ao noso santo bispo, polos lazos da consanguinidade e da afinidade, foron raíñas: Elvira Mendes, tía de S. Rosendo, casou con Ordoño II; Aragonta Gonzalvez casou, en segundas nupcias, como mesmo Ordoño; Goto Nunes, sobriña do noso bispo, fundador de Celanova, casa con Sancho Ordoñez, rei da Galicia; Ausenda Guterres casou con Ramiro II; Velasquita Ramirez, sobriña bisneta do santo, desposaría, á súa vez Vermudo II; e outra máis, chamada Elvira Menéndez, que casou con Afonso V²¹.

Á grande nobreza da Galicia altomedieval, co norte de Portugal, Asturias e León pertencía, pois, S. Rosendo. Naturalmente e en ligazón con toda a nobreza da que el fai parte será dono ou exercerá influxo sobre grandes bens e facendas en todo o territorio da antiga Gallaecia. Sabemos canto posuían os pais de Rosendo, Guterre Mendes e Ilduara Eiris, polo documento da partilla dos bens entre os fillos, os irmáns de San Rosendo, no ano 934²²: vilas, unhas cento

²⁰ Vid. M. Carriedo Tejedo, "Setenta obispos de Galicia, de 711 a 1073 (anteriores a la reforma gregoriana)", *Estudios Mindonienses*, 18 (2002), p. 1006 "la familia de San Rosendo".

²¹ Cf. F. Carvalho Correia, "San Rosendo, 'flashes' sobre un ilustre tirsense", en *Santo Tirso, da cidade e do seu termo*, pp. 385 ss., onde sinala a seguinte fonte: *Regalibus siquidem ortus natalibus*, n. 1. Cf. *Vida e Milagres de S. Rosendo*, texto latino, trad., pref. de María Helena da Rocha Pereira, ed. da Junta Distrital do Porto, 1970, p. 14.

²² Cf., J. M. Andrade Cernadas, *O Tombo de Celanova II*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1995, n. 478, pp. 162-164, onde transcribe o documento que comeza así: "En nome de Deus, Amen. A nós acima mencionados, o bispo Rosendo, Munio, Fruela, Ausenda e Ermesinda, Deus nos asista coa súa graza. Aprovou-nos facer, entre nós, un instrumento de partilla das vilas que nos adviram, por sucesión, dos nosos avós Hermenexildo e Ermesinda (avós paternos de S. Rosendo) e de Ero e Ausenda (avós maternos do santo) e dos nosos pais, Guerra e Ilduara, e que eles houberan por compra e doazón..."

tres: seis en León; tres en Asturias; unha en Zamora; vinte e tres na actual provincia da Coruña; vinte e unha na de Lugo; vinte e nove en Ourense; sete no Salnés e na comarca de Tui; máis trece no Portugal de hoxe. Por outra banda toda a familia gozaba de moitos bens. Unha tía do noso santo, de nome Iderquina que, co seu marido deu carta de aforo a unha centena de servos, doaran a un mosteiro a quinta parte das vilas que posuían entre o río Douro e Vouga. A saber, catro vilas. Eran tamén señores de vinte vilas no norte de Portugal. Grande era así mesmo a riqueza de Hermenexildo González e da súa esposa Munmadona Díaz, da familia de S. Rosendo que, no ano 959, tiñan unhas trinta vilas.

Cinguíndonos ao círculo máis achegado de San Rosendo, súa nai, ilustre polos vínculos de sangue, tivo un papel decisivo sobre o itinerario espiritual de S. Rosendo. Baixo o halo sobrenatural que circundou o nacemento e bautismo do noso santo, podemos comprender como, nos proxectos de Deus, os dous se encontran irmandados no mesmo destino providencial cunha mesma tarefa ao servizo do evanxeo²³.


De aí a particular auréola de santidade de que goza Ilduara, de modo concreto, en Galicia e sobre todo en Portugal. Non cabe dúbida, por outra banda, que tamén seu pai conectou perfectamente con eles na causa do ideal monástico. Co cal entendemos a formación, vida e ideais monacais de San Rosendo ao longo de toda a súa vida²⁴, isto lévanos a comprender a súa preferencia pola vida monacal fronte á forma diocesana territorial.

²³ A vida, milagres e empresas de San Rosendo podemos velas na edición crítica e comentada que da *Vita et miracula* fan M. C. Díaz y Díaz-M^a V. Pardo Gómez-D. Vilarinho Pintos e J. Carro Otero, *Ordoño de Celanova. Vida y milagros de San Rosendo*, A Coruña 1990. Tamén segue sendo útil o artigo de J. Matoso, "Études sur la *Vita et Miracula* S. Rudesindi", en *Studia Monastica*, 3/2, 1961, pp. 325-356.

²⁴ Nesta faceta insisten todos os biógrafos de San Rosendo, aos xa citados podemos engadir a síntese de J. Cardoso, *A vida de San Rosendo*, Braga 2003, que segue a *Vita et Miracula* de Ordoño de Celanova. Seguen a ser moi bos os traballos de J. Mattoso, en *Studia Monastica* 3, 1961, pp. 325-356 e en *Do tempo e da Historia*, 5, 1972, pp.5-27. A mellor edición e estudo da *Vita*, como dixemos na nota anterior, é a de M. C. Díaz y Díaz et alii, *Ordoño de Celanova. Vida y milagros de San Rosendo*, A Coruña 1990. Algunha precisión en J. Gerales Freire, "Problemas literarios das *Vitae Sancti Rudesinde*, especialmente dos catro libros de *Milagros*", Braga 1990, separata do vol. IV das *Actas das II Jornadas luso-Espanholas de Historia Medieval*.

Para facernos unha idea mais clara ofrecemos o seguinte esquema dos²⁵:

FAMILIARES DE SAN ROSENDO



²⁵ Debemos este cuadro a xentileza de D. Manuel Carriedo Tejedo, colaborador asiduo do noso anuario *Estudios Minionenses*.

4. Un bispo diferente

Do traballo pastoral de San Rosendo na diocese de Mondoñedo, pouco máis podemos dicir que o que nos ofrece Frei Ordoño na súa *Vita et Miracula*. Nomeado bispo da sede que fora do seu tío, Sabarico II, o primeiro que quixo e pediu ao Señor para a súa Igrexa foi a paz. Para conseguila, comezou por reconstruír, coa axuda dos seus pais, os mosteiros e igrexas que o precisaban. Con isto aquietou e conquistou aos abades de toda Galicia, que era, daquela, gran parte da nobreza galega.

Emparentado, pola súa liña paterna e materna, cos reis e condes –a nobreza civil daqueles tempos– gañou de seguida a súa amizade, reconciliando a uns, dirimindo as liortas doutros, aconsellando aos seus parentes, os reis de León²⁶. Emilio Sáez tivo a curiosidade de recoller por orde cronolóxica todas as sinaturas que se conservan de San Rosendo, e máis da metade botounas con motivo de particións ou amaños familiares.

Os documentos que conservamos de San Rosendo, no tempo en foi bispo de Mondoñedo, podemos sintetizalos dicindo que tratan máis de asuntos relacionados coa súa preocupación por dotar e estruturar o mapa monástico de Galicia, que de cuestións pastorais referidas á súa igrexa mindoniense. Compróbase como a súa gran preocupación é a dotación da obra da súa vida: os mosteiro de Celanova.

Sufriu moito ante os abusos do fenómeno da escravitude, que aínda se daba entre os moitos señores que se tiñan por cristiáns e os mesmos bispos. Traballou arreo pola súa abolición, comezando pola súa propia casa, dando paseniñamente a liberdade aos seus escravos e aconsellándolles aos nobres que fixesen o mesmo. Converteuse así na esperanza e no pai de todos aqueles que buscaban a liberdade. Con iso calmou os ánimos de todos os asoballados. Temos constancia da súa relación familiar con musulmáns: a súa ama de cría Muzalla, a quen deu carta de liberdade, e a muller do seu irmán, Froila, chamada Sarracina²⁷.

²⁶ Cf. J. Rodríguez Fernández, “La figura de San Rosendo en el reinado de Ramiro II de León”, en *Archivos Leoneses*, 27, 1973, pp. 287-307.

²⁷ Cf. M^a C. Pallares, “Aportes externos a la población...” art. cit., pp. 105-106; unha visión global deste período en C. TORRES, *El reino de los suevos*, A Coruña 1977.

Resumindo podemos afirmar que San Rosendo é a un tempo protagonista e símbolo de Galicia. Protagonista, coa súa familia tan determinante na vida galega do século X e moi activa na prolongación xeográfica e repoboadora cara ao Este e ao Sur, especialmente no Condado Portuense, berce do Portugal histórico²⁸. Símbolo e expresión dunha Galicia nobiliaria e monacal que está fixando as súas dimensións xeográficas, institucionais e políticas. Esta é a razón pola que San Rosendo é un Santo con proxección e devoción na Galicia de todos os tempos²⁹.

Ata hoxe segue viva a figura egrexia deste galego extraordinario xa que, aínda no século XX, son moitos os artistas galegos, portugueses e doutras partes do mundo que tiveron como motivo de inspiración a figura de San Rosendo. Por citar algúns, damos os nomes de Arturo Baltar, Prego d'Olivér, Manuel de Silva Buciño, Baldomero Moreiras, Vidal Souto, Félix Valcarce, Virxilio Fernández, Xosé Cid, Marisa Vázquez, Irene Vilar, Avelino Leite, e Xoán Puchades, este último veciño de Mondoñedo.

Achegarnos hoxe á figura de San Rosendo é ver a imaxe dun bispo que promove santidade, xustiza e liberdade a carón de si; que se entrega con exuberante xenerosidade ao seu ministerio evanxelizador, de diversas formas e con compromisos de tipo social e político, que fan da súa figura unha das personalidades máis relevantes de Galicia e Portugal.

Por obra súa, xunto con outras figuras como San Froilán e San Atilano ou San Pedro de Mezonzo, o século X non é un período de “ferro” en Galicia, como se ten escrito desta época respecto da igrexa en xeral, senón un período de renacemento e esplendor en que se poñen bases da igrexa e a sociedade galegas, chegando o seu influxo e configuración ata a actualidade.

Segundo L. Pérez López



O padre Seixas na nosa lembanza¹

Quico Domínguez

Nos días 1 e 2 de decembro do ano 2006, concentrámonos en Vigo unha mancha de amigos do padre Xaime Seixas Subirá, para celebrar o seu recordo, transcorridos xa 12 anos do seu pasamento. Os que integramos a Comunidade de Vida Cristiá Nosa Señora da Guía e Santiago Apóstolo, fundada no seu día polo P. Seixas, fixemos realidade un desexo moitas veces manifestado de axudar a que a memoria do noso amigo e guieiro se faga máis explícita e presente, tanto para as xeracións presentes como futuras da cidade de Vigo e tamén de Galicia enteira.

Os actos celebrados

Os actos consistiron nunha mesa de encontro e diálogo na que nos xuntamos a comentar a vida de Seixas, salientando moitas das súas ideas, aínda de actualidade hoxe en día, e revivindo moitos dos sentimentos xurdidos no trato coa súa persoa chea de carisma.

Tamén chantamos unha estela de pedra, na rúa de Vigo que leva o seu nome, na que aparece gravada a súa silueta e a seguinte frase súa: “este é o meu programa: para min todos son irmáns, de calquera relixión, raza ou posición económica”.

Como remate reunímonos nunha eucaristía na Igrexa dos Apóstolos de Vigo, onde el presidía as eucaristías en galego, para dar grazas polo que significou nas nosas vidas, achegándonos un

¹ *Esta lembranza non sería posible sen a existencia do libro “Conversas do Pai Xaime Seixas con Silvestre G. Xurxo”. Editorial SEPT. 1965.*

sentido de fe comprometida con Galicia, coa loita social e pola xustiza, e cunha verdadeira entrega aos pobres e marxinados.

Para a ocasión editouse un folleto co título “Padre Seixas na lembranza” que se repartiu entre todo os asistentes aos actos.

Na xuntanza que con posterioridade fixemos para facer balance do realizado, todos concordamos en sentir un alto grado de satisfacción por como foron os actos e sobre todo pola resposta da xente, cunha numerosa participación, que rebordou con moito as previsións feitas polos organizadores. Seixas finou no ano 1994, pero a súa enfermidade, unha isquemia cerebral que logo derivou nun derrame e nunha profunda hemiplexía, retirárono da vida pública aló polo ano 1985. Pasaron pois vinteún anos da presenza activa do P. Seixas entre nós e, a pesares do paso do tempo, a súa capacidade de convocatoria segue sendo moi importante, debido á concepción moi singular que el tiña da vida, animada polo espírito do evanxeo de Xesús, transmitindo un optimismo san que sempre vía o lado bo das persoas. Iso era o cerne da súa fe en Xesús e o que “engaiolaba”, empregando unha palabra moi súa, a todo aquel que se lle achegaba.

Por iso os actos convocaron tanto a persoas crentes e como non crentes. Con todos se entendía e en todos deixou a súa pegada.

Fe, bondade e firmeza. O galeguismo

O padre Seixas era unha persoa tocada de xeito especial pola bondade. Nunca falaba mal de ninguén. Para el todas as persoas tiñan o seu lado bo. Era moi acolledor, pero á par da súa bondade era moi firme nas súas conviccións. A súa fe estaba proxectada cara os demais e só a consideraba auténtica se era vivida no próximo: “cando fago algo bo aos demais estou vivindo a miña fe” e aplicábase a frase do padre Arrupe: “eu son un pobre home que procura estragar o menos posible a obra de Deus”. Seixas comeza os seus estudos para xesuíta en Bélxica, no ano 1935, aos 20 anos de idade, despois de rematados os estudos de maxisterio. Foi, polo tanto, un home de vocación tardía, ben consciente da súa decisión. Non obstante, será a súa estadía en Bordeos, Francia, nos anos 1950 a 1953, a que lle descubra una fe máis vivida, humana e

participada, á fin unha fe comunitaria, que sempre estará presente na súa vida. Alí atende unha parroquia de emigrantes españois, portugueses e sudamericanos, entre os que había uns cantos exiliados políticos da nosa Guerra Civil, sobre todo vascos.

Seixas era moi respectuoso coas persoas e cría profundamente na liberdade do ser humano. Cando celebra a primeira misa de Rosalía en galego, en San Domingos de Bonaval, o día 25 de xullo de 1965, na homilía pide que Deus abenzoe a todos os homes do mundo, de todas as razas, linguas, relixións e tamén a aqueles “que non a teñen ou non queren ter relixión ningunha”. Dificilmente poderemos encontrar alguén tan aberto aos demais e respectuoso coa súa liberdade. Por iso Seixas chegaba con moita facilidade ás persoas e estas encontraban nel un home comprensivo e bondadoso que translucía claramente o amor da Boa Nova de Xesús. Así se explica que a súa memoria siga perdurando na xente e teña hoxe o poder de convocatoria con que todos quedamos asombrados.

Nos seus anos mozos o padre Seixas deu os seus primeiros pasos de compromiso coa causa de Galicia e co galeguismo. Militou na Comuñón Carlista e adoitaba dicir que dela lle xurdiu o seu galeguismo. Mais tamén a vivencia da súa fe tivo moito que ver. “Cheguei a identificar fe e galeguismo observando a realidade: vendo as inxustizas que se cometían con Galicia. A fe dárame solucións para enfrontarme a tales situacións”. Recordaba acotío a frase do arcebispo Manuel Lago González e a influencia que tivo no seu compromiso: “amando a Galicia amaremos a Deus”.

O seu compromiso social

Seixas dicía: “para min Cristo é o Cristo obreiro”. E ese descubrimento tamén o fai en Francia, baseado no pensamento de monseñor Cardin. Cando regresa de Bordeos no ano 1953, por motivos de saúde, funda en Salamanca a Vangarda Obreira Social, a primeira fundada en España. As vangardas foron un auténtico viveiro de persoas comprometidas para os sindicatos e os partidos políticos.

Máis tarde fundaría as vangardas en Santiago de Compostela e na Coruña. Nesta cidade funda tamén a vangarda feminina con

Filomena Beiras. Todas elas marcadas cun fondo compromiso galeguista.

Nos seus anos de misión na República Dominicana traballa coa Xuventude Obreira Católica e chega a definirse como misioneiro obreiro.

Cando no ano 1965 se aposenta en Vigo, funda unha casa para obreiros sindicalistas, que chamaba “a moradía”. Nela proporcionaba acubillo e guía a un grupo comprometido coa loita pola xustiza no mundo do traballo. Esta acción estivo en total harmonía co espírito dos padres da Residencia de Xesuítas da rúa Velázquez de Moreno, que significou un grande apoio á clase obreira de Vigo nos anos que precederon á democracia.

Os anos de misión e o mundo negro

Desde o ano 1961 ata o 1965 Seixas está en terras de misión, na República Dominicana. Alí tamén mostrou un grande respecto polas persoas e polos costumes do país. A xente adoitaba bañarse en coiros e el nunca criticou esa situación como de pecado porque para aquelas xentes era algo natural.

As súas relacións cos evanxélicos eran moi boas, tanto que á misa de despedida, cando a súa volta a España, asistiron tamén xentes protestantes. Ese espírito ecuménico tamén foi practicado polo padre Seixas cando viviu máis tarde en Vigo, mantendo moi boas relacións cos protestantes e cos pentecostais.

A súa integración no país foi tan fonda e natural que algún dominicano chegou a dicir “el padre es solo blanco por fuera porque por dentro es la mitad negro y la mitad indio”.

Algo que toleraba moi mal Seixas era a discriminación racial. Na República Dominicana os mulatos críanse superiores aos negros e el sempre loitou contra esa situación. Moitas veces se lle ten escoitado dicir que a escravitude era o pecado máis grande da humanidade. En certa ocasión, como signo de loita contra esa discriminación, chega a preparar a habitación que tiña reservada na parroquia para o bispo cando viña de visita, e nela aposenta a un negro.

De volta en Vigo, como un pioneiro dos tempos presentes, nos que tantos negros están malvivindo entre nós por mor da pobreza e explotación que dos seus países facemos, o padre Seixas acolleu e axudou a máis dunha familia guineana de raza negra, incluso buscándolles traballo e chegando a ser o seu capelán. Recordamos funerais con intervencións na súa lingua indíxena, na igrexa das Trinitarias, onde tiñan lugar as misas en galego. Tamén nisto foi para todos un exemplo a seguir hoxe, cando entre nós temos tantos negros vivindo en condicións de miseria en pisos e habitacións ategados de xente que apenas gañan uns poucos euros vendendo DVDs, reloxo, ou gorros.

Na República Dominicana vive a ditadura de Trujillo e logo o goberno do progresista Juan Bosch, quen foi derrocado polo exército. Os constitucionalistas loitaron dirixidos polo coronel Caamaño, fillo de galegos. Aínda que non se meteu na guerrilla, tiña simpatía polos revolucionarios, chegando a defender a uns mozos nun consello de guerra, e conseguindo salvarlos.

Cando Seixas xa estaba enfermo, veuno visitar, aproveitando unha viaxe que fixo a Madrid, Fulgencio Espinal, un activo revolucionario da súa parroquia que chegou a ser ministro Adxunto á Presidencia e a quen el defendera cando era revolucionario.

A liturxia en galego

É neste terreo da súa prolífica actividade onde para nós é máis coñecido, pois tivo un destacado papel na defensa da liturxia en galego e no seu espallamento por toda Galicia. Como xa dixemos antes, celebra a primeira misa de Rosalía en galego, en San Domingos de Bonaval, o día 25 de xullo de 1965. Entre os asistentes está D. Ramón Otero Pedrayo, quen á saída da misa manifesta “agora xa podo morrer contento”.

De volta da República Dominicana, Seixas queda en Galicia por encargo do asistente da Compañía en España, para facer presente a igrexa e a Compañía de Xesús en Galicia, na súa lingua e na súa cultura. Para el Galicia convértese en país de misión.

Participa nas xestións previas á aprobación da liturxia en galego en xaneiro de 1969, así como na recolleita de sinaturas de apoio, en

entrevistas con monseñor Tarancón e co cardeal Quiroga, e no impulso das xestións que a este fin se estaban levando a cabo en Roma.

Funda a Comunidade de Vida Cristiá Nosa Señora da Guía e Santiago Apóstolo para servir de axuda no labor de espallamento da liturxia en galego. Domingo Fernández del Riego é peza fundamental neste apoio. Seixas deixou dito que “a igrexa galega naceu e medrou en boa parte nunha farmacia, na de Domingo Fernández del Riego”. Grazas a el incorporouse o coro “Ondas do Mar de Vigo” aos cantos da misa. Este coro aínda hoxe sigue cantando nas dúas misas que cada semana se celebran en Vigo na igrexa dos Apóstolos da Compañía de Xesús, e os seus cantos acompañaron a inauguración da estela de pedra ergueita en recordo do padre Seixas.

Promove a creación dun grupo de homilías enviando todas as semanas unhas cincocentas homilías dominicais en galego a outros tantos cregos de Galicia.

En canto á celebración de misas en galego, pon en marcha dúas das pioneiras en Galicia, a da igrexa das Trinitarias e a da igrexa dos Apóstolos, en Vigo. Seixas, fiel ao seu compromiso de misión, recorre gran parte de Galicia e xunto co coro inicia coas súas celebracións a liturxia en galego en moitas das nosas parroquias.

Colabora coa Comisión Litúrxica Interdiocesana e impulsa a elaboración dos primeiros textos provisionais dos leccionarios dominicais e tamén dos rituais do bautismo e do casamento, que foron editados a ciclostilo e prestaron un gran servizo, pois que durante anos foron o único material existente para este propósito (ata a década dos 90 non foron editados os textos definitivos).

A liturxia en galego non podería entenderse sen o incomparable labor do padre Seixas. De seguro que hoxe seguen facendo moita falta outros padres seixas, e Galicia pode seguir a considerarse como país de misión, xa que liturxia se encontra nunha situación marxinal na vida da nosa igrexa, que segue bastante allea á incorporación da nosa fala dentro dela.

Paralelamente Seixas traballa na recompilación de nomes galegos para poñerlles ao meniños e meniñas, consciente da importancia

que para nós como pobo ten, non só que bauticemos os nosos nenos e nenas en galego, senón que lles poñamos nomes de noso. Esta recompilación foi publicada por SEPT no ano 1997 co título “400 nomes galegos para homes e mulleres” e del lévanse editados máis de 65.000 exemplares, tendo prestado un servizo impagable para a imposición de nomes galegos no bautizo.

A modo de colofón

Temos percorrido na lembranza moitas das cousas que Seixas fixo en vida. Non son nin moito menos un compendio exhaustivo do moito que el fixo, pero si unha mostra abondosa do que el significou para Galicia e para vida da igrexa galega.

Se o seu labor chama extraordinariamente a atención, o que resultaba máis rechamante nel era a súa humildade e bondade, que non facían sospeitar todo os valores que levaba consigo. Seixas atraía coa súa santidad e bondade, anegadas de entrega incondicional e eficacia evanxélicas, lonxe da propaganda e do boato.

Por iso eran necesarios os actos que fixemos, para recoñecemento e agradecemento de todo o ben e bo que fixo, e para exemplo noso.

¡Que grande necesidade ten o noso mundo e a nosa Galicia de persoas cheas do amor de Deus como o padre Seixas Subirá!

Quico Domínguez

Comunidade de Vida Cristiana
Nosa Señora da Guía e Santiago Apóstolo



Sensación de desacougo

Xosé Luís Barreiro Rivas

1. Cando o convoi brinca nas vías

A xente que tivo a experiencia de viaxar nun tren accidentado adoita contar a forte sensación de desacougo que se percibe cando o convoi empeza a tremer e anuncia a inminente saída das vías. Ás veces esa sensación non dura máis que os poucos segundos dunha freada imposible, que son suficientes, segundo parece, para que a mente baralle todas as posibilidades e formas que reviste o descarrilamento xa inexorable. Así describiría eu, xa que logo, a desagradable sensación que vivimos dende finais de decembro de 2006 na política española, no que a forte freada imposta ás políticas de Rodríguez Zapatero fai matinar nas moitas formas de descarrilamento que nos poden agardar na curva xa encetada dun traxecto tortuoso.

ETA, sempre presente, voou polos aires as esperanzas dunha paz doada e inminente, para poñernos de novo diante dunha calella escura e sen saída, adobiada con sangue e dor, sen

causa nin sentido. Os eternos problemas sociais –vivenda, inseguridade, violencia urbana e drogadicción– repuntan con forza inesperada, como se fosen quebras fatais e inevitables dun sistema mal afinado e pouco articulado. A confrontación política amosa tamén unha virulencia e un desencontro inusitados, sen dar a mínima tregua para a colaboración entre o PP e o PSOE. As vellas arelas dunha reforma consensuada do estado esfúmanse. O novo Estatuto de Galicia, como se fose a Arca de Noé, embarranca en Monte Pío. Os indicios de corrupción, especialmente urbanística, agroman por todo o país. E todo indica que ninguén controla con eficiencia e pericia as rendas dun país que pasa por un intre histórico cheo de riscos.

Vaiamos, pois, por partes.

2. O fracaso de Monte Pío

O xa famoso estatuto de nación, mal negociado, peor estudado, e sometido sen dor ás tensións entre partidos, fracasou sen paliativos na reunión celebrada no pazo de Monte Pío o día 17 de xaneiro. Se vostede

adoita ler esta crónica, non lle soará raro e novo este final. Pero se non segue por nós a actualidade do fogar de Breogán, ímoslle lembrar por qué temos falado desta posibilidade xa confirmada como se fixeramos a crónica dunha morte anunciada.

O primeiro erro –que nos permite usar o contrastado principio de que quen mal anda mal acaba– hai que remontalo á lexislatura anterior, cando, no marco dos movementos xerados polo Plan Ibarretxe e polos movementos de reforma do estatuto catalán, o xa esquecido Fraga Iribarne, daquela presidente, decidiu manterse alleo a calquera proxecto de reforma do Estatuto de Galicia, como se con iso quixera reforzar o nacionalismo españolista no que está embarcado o PP, e como se quixese converter este noso país –que chega tarde a todos os grandes procesos históricos– nunha reserva de patriotismo e bo facer do que toda España puidese tirar cando chegasen momentos de crise. A fórmula que o vixente estatuto establece para a súa reforma implica unha proposición de lei aprobada por maioría cualificada de dous terzos do Parlamento de Galicia, a súa posterior tramitación polo Congreso dos Deputados como lei orgánica, e a probación final do pobo galego mediante referendo. E por iso se explica que se o partido claramente maioritario renuncia á responsabilidade de impulsar unha reforma, poucas posibilidades quedan xa para un consenso político amplo que poida substituír esta carencia.

O segundo grande erro cometérono, por partida dobre, os membros da coalición gobernante, xa que, ademais de asumir como propia unha reforma que estaba enteiramente nas mans do PP, foron incapaces de presentar un proxecto común e de administrar o capital de consenso que subxacía nos anteprojectos elaborados pola comisión cidadá (convocada polo BNG) e pola Fundación Iniciativas 21, que traballara unha lei de bases por encargo do PSOE. Porque deste xeito afrontaron unha negociación a tres bandas, en vez de facelo a dúas, déronlle oportunidades ao PP para ensanchar a fenda que sempre hai entre socialistas e nacionalistas, e déronlle a Núñez Feijoo, sobre todo, a oportunidade –imposible de rexeitar– de facer fracasar o proxecto estrela desta lexislatura.

O erro terceiro tamén é estrutural, ao marcar unha oportunidade e un ritmo de reforma que viñan enganchados ao proxecto catalán. Porque desta vez non era certo que Cataluña e Galicia estivesen no mesmo barco, nin que o noso estatuto puidese entrar con comodidade pola senda aberta polo estatuto de Maragall. As propostas económicas de Cataluña eran para nós unha ameaza, a xeira de reformas de financiamento polo que empezaron a ir os estatutos reformados antes e despois do catalán poñían en evidencia a febleza da nosa posición e a falla de ideas realistas e ben elaboradas que puidesen abrírnos un camiño satisfactorio e específico, e a proposta do chamado estatuto de

nación converteuse finalmente nun ichó no que o PP de Núñez Feijoo acabou cazando os seus adversarios.

Compre dicir, ademais, que o estatuto catalán rematou nunha chapuza de previsible curto percorrido que non animou ao pobo a entusiasmarse coa reforma, polo que todo o proceso quedou abocado a unha parálise inevitable que soamente se prolongou, artificialmente, coa finalidade de buscar a fórmula de ruptura menos custosa, ou pola evidente intención que tiñan os partidos de fuxir da queima do fracaso ou de trasladarlle todas as responsabilidades aos outros dous partidos.

Tamén compre subliñar, finalmente, que o proceso negociador, en si mesmo considerado, foi un disparate, no que os líderes delegaban oportunamente as claves dun consenso imposible, e no que se convocou unha última reunión, ao máis alto nivel, cando o proceso xa estaba fracasado. Quizais por iso teñamos que considerar este proceso xa rematado e frustrado, coa convicción de que non será posible soerguer outra nova negociación ata que se reconstrúan as claves do consenso, que han de pasar, necesariamente, pola forma en que evolucione electoralmente o Partido Popular. Moitos anos, pois.

Hai que dicir, porén, que este fracaso é colectivo, e que en modo ningún pode quedar reducido a unha quebra da credibilidade dos partidos políticos. Porque este longo e frustrado proceso de negociación

estatutaria tamén deixa en evidencia un pobo que endexamais se entusiasma con proxectos que lle son esenciais, a unha prensa que, polo menos ao principio, non soubo afastarse das claves de análise ofrecidas polo proceso catalán, e a unha idea de nación que, incapaz de arrastrar cara o éxito a súa propia denominación, deixa moi claro que xa temos perdas, dende hai tempo, as estelas políticas de Euskadi e Cataluña.

3. ETA volveu ás andadas

Esta crónica tamén adiantou, con moita precisión, o posible fracaso das negociacións –ou conversas, como se adoita dicir– con ETA. Non era previsible para ninguén, e para nós tampouco, a forma virulenta na que este proceso, noutrora esperanzador, ía rematar. Ninguén podía pensar que ETA ía actuar sen declarar o fin da tregua, nin, moito menos aínda, que esa actuación ía ser tan extremadamente violenta e mortal para dous cidadáns ecuatorianos. Pero, sen ser exactamente previsible, era moi probable, pola forma en que se xestionou, que a tregua e as conversas fracasasen.

Nunca ocultei as miñas simpatías por un proceso de conversas que xulgo inevitable e que estou convencido de que se iniciou nun contexto moi propicio para levalo a efecto. Tamén teño subliñado con frecuencia a valentía coa que actuou Rodríguez Zapatero cando, convencido de que esta actuación era necesaria, tratou de afastar ao seu goberno da senda estéril pola que

camiñaban –e volven a camiñar, se Deus non o remedia– as políticas antiterroristas inspiradas polo PP. E mesmo quero deixar claro, para evitar toda dúbida, de que sigo crendo que as conversas de paz son imprescindibles, e que non queda máis remedio que reconstruír un ambiente de negociación que, ademais de estar mellor lexitimado en orixe, sexa menos dependente de condicionamentos imposibles que fican sempre nas mans dos terroristas. Creo que este proceso adoeceu sempre do intre inicial no que, baixo a aparencia de condicionar a acción de ETA, se lle deron de feito todas as chaves do proceso. Pero, con todo e con iso, coído que o erro máis grande que cometeu Rodríguez Zapatero foi o de non ser capaz de rachar expresamente co pacto antiterrorista, o de deixar o seu discurso vinculado ao PP e privalo por tanto da suficiencia moral coa que é necesario afrontar as operacións de risco político, e a de afrontar un contraditorio proceso no que se daba a entender que era posible lograr un acordo impoluto no que nada se ía ceder, nada se ía cambiar, nada se ía dicir doutro xeito, e nada se ía modificar nas estruturas electorais do País Vasco. Ou sexa, un imposible metafísico.

A autorización para negociar, que Rodríguez Zapatero lle solicitou ao Congreso dos Deputados, implicaba de feito unha ruptura do pacto antiterrorista. E por iso era de prever que, unha vez iniciada a nova xeira, todas as condicións impostas polo mencionado pacto aos directores da

loita contra ETA (identidade ETA/Batasuna, Lei de Partidos, unanimidade política das novas decisións e consenso obrigado co líder da oposición) ían ser barreiras imposibles de saltar para un proceso de conversas racional e realista. E de aí deducín sempre a necesidade de denunciar e rachar formalmente o pacto antiterrorista, para facer viable, aínda que sexa difícil, o que sempre xulguei e xulgo necesario.

Compre subliñar tamén que as miñas reservas fronte á Lei de Partidos e ao modelo de identificación directa entre ETA e Batasuna son substanciais, xa que entendo que supoñen unha irracional ampliación do problema que, se ben permite dar máis veces no branco, cunha aparencia de eficacia, provoca grandes confusións e xera unha longa reste de agravios e inxustizas que enlodan o ambiente político e social vasco sen achegar ningunha solución ao fondo do problema. E tampouco dubido de que a Lei de Partidos implica un atallo na loita contra o terror que, se ben é certo que inicialmente contribúe a asfixiar os contornos políticos de ETA, faino a custa de frisar constantemente a persecución dos dereitos de opinión e reunión e de atentar contra un dos fundamentos principais do sistema democrático. Penso ademais que estes atallos, que teñen tanta aparencia de eficacia inicial, convértense no longo prazo en serios problemas para unha verdadeira progresión cara a paz, como sucedeu, sen dúbida ningunha, no chamado “proceso de paz” inspirado por Rodríguez Zapatero.

E neste marco explícase con bastante facilidade a mala xestión do proceso de paz levada a cabo polo goberno de Rodríguez Zapatero, que, lonxe de presentar o tratamento da tregua como un proceso novidoso, que esixía liberarse de certas limitacións impostas polo pacto antiterrorista, quixo facer compatible a xestión desa tregua cun discurso que, tutelado de xeito predominante polo Partido Popular, e convertido nunha reste de afirmacións simplificadas que negaban a conveniencia do dereito de dialogar con ETA, acabou metendo o “proceso” nunha calella sen saída.

Este intento de sorber e soprar a un mesmo tempo viuse moi ben representado nos intelixentes intentos feitos por Pérez Rubalcaba, que trataban de crear un novo escenario para a xestión do problema terrorista, confrontados cos plúmbeos e tautolóxicos discursos da vicepresidenta Fernández de la Vega, que, empeñada en conciliar a política de Rodríguez Zapatero coa de Rajoy e Zaplana, acabou implantando na opinión pública os grandes principios (non modificar nada, non ceder nada, non realizar as modificacións legais que fixeran posible a presenza electoral dos abertzales e non recoñecer ningún cambio de situación que fixese evidente a caducidade do pacto antiterrorista) que condenaban moralmente o proceso negociador e facían imposible o seu recoñecemento e apoio por parte da cidadanía.

O peor de todo foi o achique do PSOE diante da argumentación moral do PP, como se as obviedades do vello discurso fosen máis defendibles que os argumentos complexos que debían vertebrar o novo, e como se Rodríguez Zapatero tivese por certo que a única lexitimación do seu plan tiña que vir do éxito, como se fixese seu o coñecido apotegma de Maquiavelo: “cando o feito te acuse que o éxito te desculpe”.

A piques de pechar esta crónica manifestouse en toda a súa virulencia discursiva o endiañado caso do etarra De Juana Chaos, que coa súa teimuda e sostida folga de fame conseguiu aflorar as contradicións e improvisacións da política antiterrorista consagrada no pacto polas liberdades e contra o terrorismo. Porque, despois de terse magnificado a presunta alarma social que impediu a súa excarceración legal, meteu ao aparato xudicial e penitenciario do estado nunha maraña de contradicións e erros que nunca debería terse producido.

Xa que logo, quédanos por diante un longo e laborioso esforzo para reconstruír novas bases para un diálogo necesario. Un camiño que teremos que facer contracorrente e sen folgos, e co aparello do estado fondamente cohibido fronte ao discurso da oposición, sen ánimos nin capacidades para afirmar e implantar socialmente os principios que son necesarios para sacar adiante este intento de paz que non foi posible, entre outras cousas, pola contradición radical que vive no seu

seo o goberno de Rodríguez Zapatero.

4. Territorio, corrupción e vivenda

En xaneiro de 2007 tamén vimos medrar a hidra do urbanismo salvaxe, que vai ensanchando a estúpida sospeita de que todo canto se fai no eido do urbanismo municipal, da promoción de vivendas e na ordenación e uso do territorio, está baixo sospeita. É certo, e non cabe negalo, que o afloramento de casos de corrupción en toda España, e moi especialmente nas áreas turísticas, alimenta esta sospeita. Pero non ten senso que os galegos importemos de xeito acrítico a axenda política e mediática doutras áreas do estado, e empecemos a tomar medidas (suspensión de plans, moratoria de licenzas na zona costeira, etc.) antes de ter un diagnóstico propio do noso problema e unha avaliación da urxencia e dos custos das medidas correctoras.

Neste campo mesturáronse tamén moitas propostas improvisadas tiradas do contexto crítico xerado pola vaga de lumes forestais de agosto, ata o punto de crear unha sensación de improvisación, rectificación e caos que en nada favorece o bo enfoque e solución dos graves problemas acaecidos.

A culminación deste despropósito foi o intento de importar directamente as improvisadas propostas feitas en Cataluña e Euskadi para gravar os pisos deshabitados, sen enmarcar as medidas no marco da constitucionalidade, sen advertir a enorme dificultade que implica a definición dos supostos punibles e as súas excepcións, e sen analizar a formación social deste fenómeno de acumulación de vivenda e a tipoloxía social dos aforradores que estarían afectados por estas medidas.

A apreizable paralización das políticas públicas galegas, e a falta de iniciativas de reforma, está provocando un fenómeno de imitación acrítica das políticas externas, nomeadamente vascas e catalás, que xera moitas alarmas, rectificacións e improvisación, e que en nada beneficia a acción de autogoberno. En grandes liñas pode dicirse que o fracaso do estatuto de autonomía xurde desta transposición de obxectivos e oportunidades directamente importadas da política catalá. E bo sería que se lle prestase pronta atención a un desvío como este que, ademais de non traer beneficio para os intereses colectivos, pode influír de xeito moi negativo na xa feble cultura política que exhibimos os galegos.

Xosé Luís Barreiro Rivas



Autonomía cultural

Xoán Bernárdez Vilar

Se é traición loitar contra algo tan pouco natural como é non ser independente, entón estou orgulloso de ser un rebelde.

Roger Casement, 1916.

O 20 de decembro de 1907, ou sexa, hai pouco máis de noventa e nove anos, a banda Municipal de La Habana, dirixida polo mestre Guillermo Tomás, interpretaba, por primeira vez na historia, no Gran Teatro da capital da illa, a música que Pascual Veiga (1842-1906) compuxera para o poema *Os Pinos* de Eduardo Pondal (1835-1917). O texto definitivo do mesmo fora publicado o 22 de maio de 1890 nun folleto do certame convocado polo *Orfeón da Coruña* para elixir a mellor marcha rexional galega. O mesmo apareceu de inmediato no periódico *Galicia* de La Habana, cidade na que o 13 de decembro de 1908 o Centro Galego o declarou Himno Oficial de Galicia.

As informacións que se teñen acerca da estrea do 20 de decembro de 1907 dannos conta de que, no momento no que isto aconteceu, estaban presentes os membros do *Orfeón Ecos de Galicia*, mais non que estes interviñesen no

acto. Parece ser, pois, que o debut do noso himno se fixo nada máis que en versión instrumental. Tan só despois de 1908, e en Galicia, comezou a interpretarse, tanto vocal como instrumentalmente, por parte tanto dos *rexionalistas* como dos *agraristas* e dos *nacionalistas* do país. Mais, entre 1923 e 1930 o himno estivo oficialmente prohibido, ata o extremo de se converter nun absoluto descoñecido. Así na proclamación da República do 14 de abril de 1931, na nosa terra cantouse, non *Os Pinos*, senón *A Marsellesa*.

Máis tarde, en pleno proceso da chamada transición, cando se elaborou e plebiscitou o estatuto actualmente vixente, estableceuse que o Himno Oficial de Galicia era a composición *Os Pinos* de Eduardo Pondal, con música de Pascual Veiga, especificándose ao mesmo tempo que este “deberá de ser interpretado nos actos oficiais solemnes de Galicia e das entidades locais do seu territorio”. Porén, no mesmo regulamento non hai ningunha indicación respecto a conceptos artísticos, estilo, arranxos, ou número de voces ou instrumentos que deban intervir na súa interpretación.

Evidentemente, con base en tales disposicións, e por completo á marxe da indubidable calidade dos que o interpretaron, nada podemos dicir, nin a favor nin en contra, da actuación coa que fomos *obsequiados* en decembro pasado con motivo da conmemoración do 25 aniversario da constitución do noso Parlamento. O que si nos asombra, o que resulta por demais sorprendente, é que haxa quen defenda a capa e espada tal iniciativa, aproveitando a ocasión para atacar, con dureza, e argumentos bastante peregrinos, a cantos se sentiron feridos pola mesma e ironizando acerca de se estarían máis satisfeitos se, en lugar de Cuchús Pimentel e Delio Domínguez, tivesen intervido artistas irlandeses, escoceses, ou algúns outros, de todos coñecidos, de calidade inferior. Non é un crime, efectivamente, o que acaba de facerse no Parlamento con esta versión tan pouco habitual do noso himno. Mais, en todo caso, parécenos que sería necesario que viñese acompañada dunha explicación seria e convincente, cousa que non se fixo, acerca do porqué de tamaña decisión, que deixou fóra da conmemoración ás tradicionais masas corais, e as bandas de música ou de gaiteiros do país, coas que todos viñamos sentíndonos identificados. O que fai pensar que, detrás de tal determinación, se pode agochar unha pouco recomendable intencionalidade.

Audiovisual

O director de cine e realizador de TV, Lorenç Soler, acaba de recibir a medalla de ouro da Academia Galega do Audiovisual polo seu traballo como profesional. O acto tivo lugar na

Coruña, con intervención de María Bouzas, presidenta da academia.

Banda Deseñada

Hoxe témonos que ocupar, e renderlle homenaxe, a dous grandes das fitas de animación. O primeiro, Joseph Barbera, nado en Nova York en 1911, de orixe siciliana, e fundador máis tarde, xunto con William Hanna, da firma Hanna-Barbera, que produciu obras tan absolutamente inesquecibles como foron *Tom e Jerry*, distinguida con sete Oscars, *The Huckleberry Hound Show*, os *Picapedra*, os *Supersónicos* ou *Scooby-Doo*. Joseph Barbera acaba de nos abandonar. Faleceu o pasado 18 de decembro á idade de 95 anos.

O segundo é Iwao Takamoto quen, ao remate da Segunda Guerra Mundial, e con 15 anos, se presentou nos estudos Disney cos seus bosquejos, conseguindo traballo neles, ata o punto de colaborar con outros deseñadores ao longo de 20 anos. Interveu no *Libro da Selva*, *A Bela Dormente*, *101 dálmatas*, ou *A dama e o vagabundo*, entre outros destacados filmes. Posteriormente pasou aos estudos Hanna-Barbera nos que, do seu pincel seguiron a saír numerosos personaxes, especialmente cans, como o propio Scooby-Doo. Takamoto morreu en Los Angeles á idade de 81 anos o pasado 9 de xaneiro do 2007.

No mesmo mes estivo tamén aberta en Madrid a exposición retrospectiva *A historieta Galega*. Baixo a dirección de Gemma Sesar e Fausto Isorna, a mostra foi dividida en catro apartados que recollían os traballos máis representativos de creadores tan

significados como Xaquín Marín, Reimundo Patiño (†), Miguel Robledo, Pinto, Chinto, Miguelanxo Prado, Fran Jaraba, Pepe Carreiro e o propio Fausto Isorna, abrangendo dende os anos setenta do pasado século ata os álbums recentemente publicados.

Paralela a esta, e ata o 11 de febreiro, permaneceu aberta ao público no museo *Verbum-Casa das Palabras* de Vigo, a exposición *Cinco anos de BD Banda*, na que se amosaron obras de 34 autores galegos que publicaron ao longo dos últimos cinco anos na revista *BD Banda*, en 2005 gañadora do Premio do Salón de Barcelona. Con anterioridade a exposición estivera no Salón do Cómic de Cornellá.

Cine e Teatro

A obra *O afundimento do Titánic*, da que é autor Breogán Riveiro, foi a gañadora do *Premio Internacional Barriga Verde para Teatro de Títeres 2006*, na modalidade de monicreques para rapaces. A modalidade para adultos resultou deserta. Riveiro trata de facer comprender con este traballo a importancia da unión entre os seres humanos para poder sobrevivir ás grandes dificultades.

O 23 de novembro foron concedidos en Vigo os *Premios Chano Piñeiro de Cinematografía*. O lugar elixido foi o antigo Cine Fraga, no que Chano Piñeiro estreara o seu filme *Sempre Xonxa*. Coa asistencia do presidente de Galicia e outras autoridades, Elena Soto e Antón Reixa fixeron a presentación do acto, amenizado pola música de Milladoiro e a presenza de Uxía Blanco, a protagonista do filme. Os directores Cuerda e Amenábar

recibiron o premio en calidade de creadores foráneos, mentres que a viúva de Piñeiro, M^a Luz Montes, recollía o galardón honorífico, e os actores Manuel Lozano (*A Lingua das bolboretas*) e Tamar Novas (*Mar adentro*), agradecían a oportunidade recibida.

O 19 de decembro foi representada no Multiusos do Sar, en Compostela, a ópera *Carmina Burana*, da que é autor Carl Orff. O acto contou cunha escenografía pertencente ao que foi o seu alumno Walter Haupt, e a produción musical de Franz Abraham. Nel actuaron máis de douscentos actores axudados por proxeccións luminosas. Karl Orff concibiu esta obra –publicada en 1937– baseándose en 25 poemas dos séculos XII e XIII debidos a estudantes, monxes, goliardos e vagabundos, atopados en 1803 no mosteiro Benediktbeuern de Munich.

Congresos. Comunicacions

Acaba de ser inaugurado no Paseo Marítimo da Coruña o dobre edificio, sede tanto da nova *Fundación Rodríguez Iglesias*, como do *Proxecto Galicia de Hércules Edicións*, ao que está estreitamente vinculada, e dos que é presidente o propio Francisco Rodríguez Iglesias. As conclusións ás que acerca da nosa cultura chegaron os estudosos que veñen participando no proxecto, fóronlle presentadas ao presidente de Galicia no mesmo acto.

A Consellaría de Cultura e Deporte ven de adxudicar a primeira fase do proxecto de conservación e revalorización da muralla romana de Lugo, así como dos restos arqueolóxicos existentes nas proximidades da Porta

de Santiago e do vicerreitorado, onde apareceron os restos dun templo romano dedicado á divindade Mitra e dunha vila romana de grandes dimensións. Todos estes restos van poder ser contemplados *in situ*, e serán dotados dunha cuberta de protección.

Decesos

Bonifacio Borreiros Fernández, ex director xeneral de Cultura no período 1987-89, faleceu o pasado 5 de decembro na Coruña. Borreiros Fernández nacera no Ferrol en 1953.

Xosé Agrelo Hermo viñera ao mundo en Noia o 10 de abril de 1937. Despois estudou no Seminario de Compostela e na Escola Normal de Maxisterio da Coruña, para acabar como profesor de E.X.B., preto de Muros, e bibliotecario, e colaborador da súa revista *Alameda*, no liceo da vila na que nacera. Xosé Agrelo Hermo foi tamén autor, publicando biografías, ensaios, narrativa infantil, teatro e relato. O seu primeiro traballo foi *O espantapáxaros* (1972), ao que despois seguiron outras dez obras principais, a derradeira delas *Derrota e singraduras de Joaquín Vieta* (2005). Dirixiu tamén teatro nos colexios, ao tempo que actuaba como actor no grupo Candea. Promoveu, así mesmo, grupos de representación infantil, e escribía en xornais. Xubilado no ano 2003 recibiu a medalla de ouro da vila de Muros. Entón puido dedicarse en corpo e alma á editorial Toxosoutos de Noia, que xa viña dirixindo dende 1988, sen dúbida ningunha a máis preocupada, a través das súas numerosas coleccións, en defender a nosa cultura. A Agrelo, de feito,

pódeselle conferir o título de *axitador cultural*. Lamentablemente para todos foise o pasado 21 de novembro, deixando un enorme baleiro e unha inmensa, e inacabada, obra en marcha.

Etnografía

O colectivo ecoloxista Verdegaia, é dicir, *Terra verde*, acaba de conceder os seus premios anuais. O acto tivo lugar en Ourense o pasado 25 de novembro. O galardón á mellor actuación ambiental 2006 correspondeulle ao *Foro Social de Cangas*, un colectivo que agrupa a máis de 22 asociacións do Morrazo e de Vigo, pola súa actividade en defensa do litoral desta bisbarra. En canto ao da peor actuación ambiental do ano, correspondeulle á empresa Brenntag Iberia a causa do desastre do río Umia, e a ausencia de medidas de prevención fronte á toxicidade dos produtos almacenados nas súas instalacións de Caldas de Reis, o que, xunto coa irresponsable localización de seu recinto dende hai xa bastantes anos, fai extensivo tal *premio* a todas as administracións implicadas.

Penso que non son moitos os que ignoran que os apelidos, os nomes de pía, e mesmo os topónimos do noso país, foron mudados á forza, e de xeito case que arbitrario e irresponsable, a partir de mediados do século XIX, aplicándose criterios de ignorancia dificilmente cribles na actualidade. Nós mesmo tivemos ocasión de falar con xentes que, aínda convencidos de que se apelidaban Xiráldez, Mosqueira, Laxe, ou Miguéns, por pór uns exemplos, portaban documentos de identidade nos que figuraban como Giráldez, Mosquera, Lage ou Miguez.

Unha grande parte dos nosos topónimos foron afortunada e recentemente recuperados, aínda que, a pesar do interese posto, non coa sorte debida, posto que se seguen a observar, aínda que menos que antes, aberracións pouco admisibles. Mais, remitíndonos de novo aos apelidos, podemos dicir que unha lei do 5 de novembro do ano 1999 permite tanto galeguizar os nomes como tornar os apelidos ao seu xeito orixinal, ou mesmo alterar a orde dos mesmos, coa finalidade de transmitir á posterioridade os máis xenuinamente galegos, deixando un tanto á parte os Rodríguez, Fernández, Pérez ou Gómez, tan abondosos. Unha ollada ao noso arredor permite que nos decatemos de que hai moitas máis mulleres con apelidos galegos que homes, e, entre estes, as formas do país aparecen en maior número de ocasións en segundo termo. Será posible inverter nalgún momento esta fatal progresión? Polo de agora a realidade é que segue a haber rexistros que se negan tanto a inscribir neonatos con nomes do país, como a mudarlles os apelidos, malia a indicada lei de 1999.

As letras

O Parlamento aprobou o pasado 12 de decembro a *Lei do Libro e da Lectura* presentada pola *Consellaría de Cultura*. Segundo a conselleira, esta lei establece como estratéxico o sector, e que o libro non sexa unha mercadoría máis, senón un produto de contido cultural. Como consecuencia vai ser informatizado tanto o *Centro Superior Bibliográfico*, como as redes de bibliotecas, e incrementaranse os fondos para mercar libros.

Dende primeiros de ano estase a repartir de xeito gratuíto polas rúas das nosas cidades o novo xornal *De luns a venres*, creado polo Grupo Progreso de Lugo, o mesmo que controla a *Axencia Galega de Noticias*, a canle *Localia*, e mailo *Diario de Pontevedra*. Trátase, como podedes advertir, do primeiro diario galego destas características, o cal, ademais, ofrece servizos en internet. Este mesmo grupo tamén puxo en marcha unha revista de contido económico, baixo o título de Nova +.

Segundo as pescudas efectuadas por Xosé-Henrique Costas, existen outros 30 poemas da autoría de Álvaro Cunqueiro que ata agora se viñan tomando por traducións, o que fai que teñamos que incrementar a súa obra. Cunqueiro verteu tamén á nosa lingua traballos publicados en cincuenta idiomas, en moitos casos utilizando tan só o dicionario. Mais, con motivo do seu XXV aniversario, algúns dos seus poemas foron traducidos a dezasete idiomas, entre eles o bérber.

Novas en xeral

O pasado 24 de novembro, Ramón Villares, antigo decano da Facultade de Historia de Compostela, e reitor da mesma universidade, pronunciou no seu salón nobre o discurso de entrada na Real Academia Galega. Nel fixo unha lectura histórico-ideolóxica do pensamento galeguista do *Arredor de si* de Otero Pedrayo, a quen considera un afervoado defensor da identidade nacional, en razón da nosa cultura de raíz europea, celta e cristiá. Na resposta, o Académico Víctor Freixanes admitiu a existencia dunha xeración de historiadores que se ven

incorporando pouco a pouco ao discurso nacional.

O 23 de decembro, a TVE emitiu o documental *O nacemento dunha ilusión*, para conmemorar o primeiro centenario da Real Academia Galega. Nel interviñeron varios académicos e intelectuais de relevancia.

Temos que rectificar unha parte da información que pasamos no anterior número de *Encrucillada*, sobre María Mariño Carou, a poetisa á que se lle dedica este ano o *Día das Letras Galegas*. Pois, aínda que é certo que naceu en Noia, non o fixo en 1918, senón en 1907. Era filla dun mecánico. En 1936 a Guerra colleuna en Euskadi, casando á súa volta co mestre compostelán Roberto Posse Carballido, uns oito anos máis novo ca ela, motivo que a fixo mudar a data do seu nacemento, pasando despois a residir en Parada do Courel. Da amizade alí de María co entón moi novo Uxío Novoneyra xurdiu a publicación da súa obra *Palabra no Tempo*, en Edicións Celta, de Lugo, en 1963. O seu outro traballo, que considerábase inédito ata o día de hoxe, *Verba que co-meza*, fora xa publicado en realidade polo Concello de Noia en 1992. Ao iniciarse 2007, Xerais ven de tirar do prelo un tomo coa *Obra Completa* desta autora.

Premios

O premio *Raíña Lupa de Literatura Infantil*, convocado pola Deputación da Coruña, foi para o ferrolán Antonio Iáñez pola súa obra *Viaxe a Libunca*, segundo o propio autor, o país dos mortos. Iáñez xa fora finalista deste

premio noutras dúas ocasións, así como do *Merlín*. Nesta do 2006 do *Raíña Lupa*, con el, chegou á final Xerardo Quintiá.

Mariña Pérez, compostelá, obtivo o *Lueiro Rei* de narrativa curta, patrocinado polo Concello do Grove, coa novela *Canícula*. Finalista do mesmo foi *Aínda*, de Xavier Franco.

Para Marilar Aleixandre foi o prestixioso *Premio de Poesía Caixanova* polo seu poemario *Mudanzas*, que vai ser publicado na colección *Arte de Trobar* que edita a propia entidade patrocinadora, en colaboración co PEN Clube de Galicia.

O 16 de decembro e no *Recreo Cultural da Estrada*, tivo lugar a entrega dos *Premios San Martiño de Normalización Lingüística* que, nesta XVI edición, recaeron en Xosé Manuel Beiras Torrado e Francisco Pillado. Estes premios, promovidos pola *Asociación Cultural O Bardo* teñen como finalidade destacar a persoeiros, institucións ou proxectos que destaquen na defensa e promoción do idioma.

O xurado do *Premio María Moliner do Ministerio de Cultura*, acaba de seleccionar, entre máis de 7.500 iniciativas, o programa *Tu biblioTK: el mundo a tu alcance*, promovido pola Biblioteca Municipal do Porriño, como o mellor proxecto de animación á lectura. No pasado ano este centro desenvolveu cun ciclo de cine, concursos de fotografía e poesía, a campaña *Lúa con luvas*, e conmemorou o sesenta aniversario da publicación d'*O Principiño*.

Xoán Bernárdez Vilar
Xoaberna(@mundo-r.com)



Razóns para a esperanza

Rubén Aramburu Molet

É un luns frío de xaneiro. O primeiro, e din dos últimos fríos que nos dará o 2007, previsto como o máis quente desde hai 300 anos. Hai pouco un científico explicaba o cambio climático e a posíbel destrución do planeta coa seguinte metáfora: somos un auto que se dirixe contra un muro a máis de 100 km, conseguimos, con algunhas medidas pousar o pe no freo, pero non detivemos a marcha, o choque parece inevitábel. Din os expertos que o calendario dos maías situaba no 2012 unha gran apocalipse planetaria. Pero os que enchen os petos de cartos, os que viven sen importarlles os ninguén, as grandes estruturas satánicas deste mundo, as transnacionais do capital e os medios de comunicación que as amparan entretendo ao persoal con estupideces e facéndolle soñar que a vida ou é hipoteca ou non é, permanecen impasibles. Os científicos alertan: o reloxo da apocalipse di que quedan 5 minutos. Os cambios de temperaturas débennlle afectar moito ás mentes, como se reflicte na clase política. O debate no parlamento español a causa do atentado de ETA no aeroporto de Barajas convértese nun ring de boxeo ou nun circo. En Alcorcón, Madrid, miles de

mozos enfróntanse a paus coas bandas latinas. E no Monte Pío en Compostela, entendemos que os políticos deben cobrar por horas, de aí que precisaran seis horas para dicir o que todos agardabamos antes de comezar a xuntanza. E a pouco que miremos, todos os patios de veciñas e veciños están crispados. Asisto en Riazor ao *derby* Depor-Celta. Séntese algo de medo ao mirar aqueles mozos *blues* e *celtarras*, tanta agresividade, tanta rabia e violencia. Menos mal que todo vai no fútbol e alí descargan as tensións e arroutos violentos. Pero que pasaría se toda esa carraxe explotase contra os negros, ou os marroquís, latinos...? Grazas a Deus que os millonarios xogadores non teñen tempo para ideoloxías. A imaxe mais patética foi o aforcamento de Sadam Hussein, velaí o trunfo da nova orde mundial? Desenvólvense 30 guerras no mundo a primeiros de ano, aínda que nós so almorecemos con unha, coa que interesa.

Entre tanto barullo apetece o silencio, a desconexión dos medios e redes para poder sintonizar as ondas do propio ser e da vida. Velaí que un documental, *O Gran Silencio*, de case tres horas en silencio, provoca colas nos cines de toda Europa por

riba das películas mais comerciais e publicitadas. Rodado no Mosteiro de Grande Chartreuse, nos Alpes franceses, mostra a vida dunha comunidade de monxes entregados á contemplación desde o silencio. O director, Philip Gröning tivo que agardar 16 anos para poder rodar a película. Premio Especial no Festival de Sundance, e designado como o mellor documental europeo. O director, “seguindo o espírito dos monxes” douu o premio en metálico para unha ONG. Nas primeiras semanas máis de 400.000 persoas asisten á proxección en España e quedan, din, impactadas. Imponse a reflexión pastoral: a autenticidade sempre convence, a alternativa interroga e provoca.

Morre o Abbé Pierre aos 94 anos. A persoa máis querida polos franceses. Ata o presidente da República expresa o seu pesar nun comunicado e organiza unha homenaxe nacional en Notre Dame. O pasamento do Abbé aparece en case todas as portadas dos xornais europeos, as axencias católicas ignoran a noticia. Toda unha vida de compromiso, de denuncias e loitas, de misericordia e de xustiza. Deus pasou por Francia no Abbé Pierre e os “Trapeiros de Emaús”. Hai razóns para a esperanza.

Mundo

Tras o éxito da viaxe do papa a Turquía e o seu encontro cos líderes relixiosos do islam con oración ou meditación nunha mesquita, sen dúbida que o máis soado foi a “cantada” de Varsovia. Xa se fala do segundo gol metido a Ratzinger. Sabemos que na curia vaticana hai

certo malestar por parte do antes todopoderoso grupo diplomático que tiña nas súas mans o goberno da igrexa. Pero intentemos crer que non foi ningunha artimaña nin advertencia. O arcebispo de Varsovia acabado de nomear, Stanislaw Wielgus, tivo que dimitir aos dous días do seu nomeamento ao probarse a súa colaboración coa policía secreta do anterior réxime comunista polaco. Comentan que foi Bieito XVI quen tomou a decisión sen titubeos, desconcertando á curia romana. Pero por que se chegou ata tal extremo, cando había semanas que circulaban novas sobre o asunto? A que o cambio radical cando había uns días o propio papa e a Santa Sé reiteraban o apoio a Wielgus? Por que aparecen agora as acusacións e non mentres foi bispo de Plok durante oito anos? Falase dunha campaña antiigreja dalgúns sectores políticos, e tamén dalgunha sombra alongada que antes tiña poder en Roma... son ruxerruxes e como somos serios non queremos facerlles caso. Pero tras a crise de Ratisbona, este novo incidente non lle ven nada ben nin a Bieito XVI nin á igrexa. Fose un erro do nuncio, ou a mentira do propio Wielgus, ou o ataque político, no Vaticano propóñense estreimar as precaucións en adiante.

A primeiros de ano recibimos o tradicional *Mensaxe da Xornada Mundial da Paz* que o papa dirixe a todo o mundo e en especial a todos os gobernantes. “A persoa humana, corazón da paz”. O papa volve á súa crítica ao relativismo, en especial na reflexión que fai sobre os dereitos humanos: “Se se basean [os dereitos] nunha concepción débil da persoa,

como non evitar que se debiliten eles mesmos? Ponse así de manifesto a profunda insuficiencia dunha concepción relativista da persoa cando se trata de xustificar e defender os seus dereitos” e recalca citando a Gandhi: “O Ganxes dos dereitos descende do Himalaia dos deberes”. Preocupa ao papa a situación medioambiental e fala de *ecoloxía humana*: “A experiencia demostra que toda actitude irrespectuosa co medio ambiente carrega danos á convivencia humana, e viceversa. Cada vez vese con máis claridade un nexo inseparábel entre a paz coa creación e a paz entre os homes”. Reflicte un dos problemas ambientais máis serios: o abastecemento enerxético e as consecuencias que a incorporación dos grandes países asiáticos á sociedade de consumo están provocando. Denuncia Bieito XVI que “Entremetres, nalgunhas rexións do planeta se vive en condicións de grande atraso, nas que o desenvolvemento está bloqueado, motivado pola suba dos prezos da enerxía... como reaccionarán os excluídos desta competición?” O papa remata cunha chamada urxente a todos os cristiáns a comprometerse a ser traballadores incansábeis a favor da paz e a defender a dignidade das persoas.

Ecumenismo

Miles de mozos de todo o mundo reuníronse en Zagreb convocados pola Comunidade de Taizé na chamada Peregrinación da Confianza, que se desenvolve todos os anos nas datas do nadal. O prior de Taizé, o irmán Alois escribiu a Carta de Calcuta que serviu de meditación xunto

co Evanxeo. Alois destacou que para Deus todo ser humano é sagrado e que “habita cada persoa sen excepción”. Como superar a violencia, a discriminación que existen entre os pobos, pero tamén no corazón das persoas? Bieito XVI enviou unha mensaxe a todos os mozos participantes, recordando o sufrimento vivido naquelas terras croatas e animándoos a ser signo de esperanza. O mesmo fixeron o patriarca de Constantinopla, Bartolomeu I, e o presidente da ONU, Kofi Annan.

Bieito XVI recibiu a visita do arcebispo de Atenas e primado de Grecia, Christodoulos, entre o 13 e o 16 de decembro, no que foi un novo achegamento coa Igrexa Ortodoxa. É un xesto significativo, xa que as relacións da igrexa grega co Vaticano sempre foron difíciles. Tras os encontros de rigor, o papa e o arcebispo de Atenas firmaron unha declaración conxunta na que din ter a vontade de “superaren no amor e na verdade as múltiples dificultades e as experiencias dolorosas do pasado e percorreren xuntos o arduo camiño do diálogo na verdade co fin de restablecer a plena comunión de fe no vínculo do amor”. Fan un chamado a todos os líderes relixiosos do mundo para reforzar o diálogo interrelixioso e traballar pola paz das nacións. Tamén advirten a inquietude “ao ver que as ciencias practican experimentacións sobre o ser humano que non respectan nin a dignidade nin a integridade da persoa en tódalas etapas da súa existencia, desde a concepción ata a súa fin natural”. Días despois, tamén foi recibido polo papa, o novo

patriarca de Alexandría dos Coptos, Antonios Naguib. Todo apunta a que Bieito XVI está apostando fortemente polo diálogo ecuménico entre cristiáns. Recordemos que en novembro foi importante a visita do primado da Igrexa Anglicana, Rowan Williams, do que demos conta na anterior crónica e na viaxe a Turquía o encontro con Bartolomeu I en Istanbul. A cousa non é tan doada coa Igrexa Rusa, segundo afirmou recentemente o cardeal Walter Kasper, o patriarca moscovita, Alejo I, segue reticente a unha visita do papa e moito menos dunha visita a Roma.

Entre as curiosidades que nos achega a xanela do mundo, está o caso do bispo emérito de San Pedro en Paraguai, Fernando Lugo, a quen Xoán Paulo II obrigou a renunciar no 2004. Lugo encabezaría a candidatura á presidencia da República apoiado por varias fronteiras e partidos políticos coa intención de rematar coa corrupción e a pobreza. Recientemente recibiu unha monición da Congregación dos Bispos cominandoo a recusar a candidatura. Parece que Fernando Lugo xa decidiu abandonar o estado clerical e ten serias posibilidades de converterse no próximo presidente do Paraguai, encabezando Resistencia Cidadá, e apoiado por centos de movementos sociais e indíxenas. Un novo compañeiro para Chávez, Moraes, Lula...? Parece que acabaron os tempos de Pinochet, despedido relixiosamente por bispos e sacerdotes, lexitimando durante o funeral o golpe de estado e os milleiros de asasinatos cometidos polo réxime.

Outro dos casos que deron que falar foi a negativa da Vigairía de

Ro-ma a celebrar as exequias relixiosas para Pier Giorgio Welbi, despois de que, a petición propia, os médicos desconectaran o respirador que o mantiña con vida e unha inmovilidade do 99%. Din que morreu bendicindo ao médico. A súa nai, unha velliña, quixo celebrar o funeral na parroquia, e atopouse coa negativa do clero. As xentes fixeron unha cerimonia civil na praza do pobo. Cando morreu Ramón Sampetro, en Xuño celebrouse o funeral coma se celebran todos, e a pesar das súas discrepancias co clero, enterrouse como *Deus manda*.

CELAM

Continúan os preparativos para a celebración da V Conferencia Xeral do Episcopado Latinoamericano e do Caribe en Aparecida, Brasil, no mes de maio. Nun momento crucial para toda a Iberoamérica, agárdase que esta asemblea dea resposta a moitos dos retos pastorais e sociais. A presenza de Bieito XVI está animando a participación das asembleas e delegacións diocesanas. Coñecemos algunhas reflexións como as do bispo de Chiapas, Felipe Arizmendi pedindo que esta asemblea sexa ocasión dunha revisión das igrexas locais, non só no plano teórico, senón achegando solucións ao gran problema da pobreza e da inxustiza en toda América, a discriminación e aniquilamento das nacións indíxenas e a globalización do mercado que exclúe os pobres.

España

Botamos unha ollada polo pelexo do touro. As cousas están máis tranquilas entre episcopado e

gobierno, e mesmo altos cargos do goberno socialista participan oficialmente en actos da Igrexa, sobre todo dos relixiosos, onde incluso son convidados a falar. Pero parece que a pregunta que máis preocupa en medios e ambientes é: a que foi o Cardeal Rouco a Roma hai pouco tempo? Polo que leo por aí, debe haber xente tan pouco ocupada ou tan preocupada de ascensos ou descensos que non perden ollo a calquera movemento, e de cada un, fan esexese. Escribiu Joseph Roth en *Confesión dun asasino* que nada hai tan emocionante e interesante como a vida privada dos outros. E pensando que un cardeal deberá ir a Roma de cando en vez, supoño que haberá cousas máis importantes nas que por a nosa atención.

O atentado de ETA en Barajas non deixou indiferente a ninguén e acabou cos esforzos de moitos. O presidente da Conferencia Episcopal e bispo de Bilbao, Ricardo Blázquez, falou semanas antes do atentado recoñecendo que o diálogo pasaba por unha fase de penumbra. Tras cualificar o atentado como unha “gadoupa terríbel que atenta contra a dignidade humana e a paz, e que escurece o futuro” non quixo renunciar á esperanza: “non cedemos ao desalento nin perdemos a esperanza de vernos liberados do terrorismo”. Foi durante a celebración na Basílica de Begoña con motivo da Xornada Mundial pola Paz, onde Blázquez chamou á unidade dos políticos e dos movementos sociais para lograr a erradicación do terrorismo. Non deben ter moito eco as palabras do presidente da CEE á

vista da posterior división e a negativa do PP a participar nas manifestacións contra o terrorismo en Madrid e Euskadi. Fronte á división política quedanos o esforzo das dioceses vascas que levan tempo traballando en varias campañas a favor da paz. En febreiro a Diocese de Bilbao convocou a unha xornada que responde a todo o traballo realizado na campaña “Móvetela paz”. Mons. Uriarte, bispo de San Sebastián manifestou que “o retorno á incomunicación e á violencia sería unha regresión humana e moral intolerábel, para lograr a reconciliación e a paz non hai outro camiño que o entendemento”. Cóntame colegas vascos que a división en ETA é un feito, que o atentado foi froito da desobediencia dun sector, pero que non o recoñecerán publicamente.

Dabamos conta no anterior número da publicación da Instrución Pastoral dos bispos españois: “Orientacións morais ante a situación de España”. O máis dun cento de grupos e movementos católicos que forman a plataforma Redes Cristiás fixeron público un comunicado no que rexeitan o ton pesimista dos bispos, que acentúan só os aspectos negativos da sociedade, sen facer un mínimo de autocrítica. O comunicado resalta e comparte algunhas das afirmacións dos bispos, pero bota de menos palabras que alenten, sobre todo ante a violencia, a un proceso que conduza cara a paz.

50 anos FERE-CECA

A Vicepresidenta do Goberno, María Teresa Fernández de la Vega, presidiu o 18 de xaneiro a inauguración oficial do cincuentenario

que celebra a presenza dos relixiosos na educación. Máis de 2.000 centros católicos en todo o estado no que estudan millón e medio de alumnos celebrarán este evento durante todo o ano, presididos polo lema: “Cremos na educación”. O salesiano Manuel de Castro, secretario xeral da FERE, manifestou que non se busca a autocompracencia nesta celebración, senón mirar cara adiante, reforzar a propia identidade e asumir novos retos.

Cristianismo e xustiza

Unha das apostas dos xesuítas tras a histórica congregación do 1973, cumpre 25 anos. Coa intención de desenvolver as liñas do Vaticano II axuda á reflexión e formación desde a práctica pola xustiza. Ten a súa sé en Cataluña. Publica periodicamente folletos de formación e análise aos que se pode acceder de balde. Foi moi interesante o último caderno no que analizaban o acceso á vivenda. Podedes entrar en www.fespinal.com e facer a subscripción ou *baixar* os materiais arquivados.

Galicia

Hai uns días o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, manifestou o seu descontento pola falta de compromiso co galego por parte da igrexa e o mundo xudicial. Non lle falta razón ao presidente e as veces parece que camiñamos cara atrás. Leo o boletín *Comunidade* da Diocese de Ourense con bos contidos e presentación: agás o nome do boletín e un artigo, o demais está en castelán.

Seguimos coa celebración do Ano Xubilar de San Rosendo e Celanova

convértese en centro de peregrinación, repetindo os esquemas de Santiago: peregrinación de parroquias, movementos, dioceses, amas de casa... O Instituto Teolóxico Compostelán sumouse á celebración e con motivo da festa de San Tomé de Aquino organizou un acto académico o 24 de xaneiro no que o profesor da Universidade de Santiago Díaz e Díaz pronunciou a conferencia: “San Rosendo e a predicación apostólica”. Gustaríame responder á invitación do director do ITC, Segundo Pérez, pero atópome cunha variedade de ofertas no mesmo día: en Pontevedra a Delegación de Familia convoca a unha interesante conferencia de Javier Urrea, prestixioso educador, que foi Defensor do Menor na Comunidade de Madrid, dentro do marco da Semana da Familia, que coincide coa Semana de Oración pola Unidade dos Cristiáns, cuxa delegación se ve obrigada a suspender varios actos pero mantén a celebración ecuménica pois está organizada polos evanxélicos. Seguindo a exhortación do papa, no Ángelus do domingo pasado acudo a rezar cos irmáns separados.

Nos primeiros días de decembro celebrouse en Vigo unha fermosa homenaxe ao xesuíta P. Seixas, aos doce anos do seu pasamento. A Comunidade de Vida Cristiá Nosa Señora da Guía e Santiago foi a organizadora dos actos. O día 1 de decembro tiveron lugar uns “Encuentros e diálogos arredor da persoa do P. Seixas” no Colexio Apóstolo Santiago dos xesuítas en Teles. Ao día seguinte, inaugurouse unha estela na súa memoria na rúa de Coia que leva o nome do relixioso e

celebrouse unha eucaristía na Igrexa dos Apóstolos. Os actos contaron cunha numerosa asistencia con representación de todos os sectores sociais, políticos e eclesiais. Editouse un folleto escolma das Conversas co P. Seixas, e os 1.200 exemplares esgotáronse en poucos días, o que dá unha idea do recordo agradecido de tanta xente á personalidade de Seixas.

Bartolomé Sánchez Canals, ou Bartolo como lle chamabamos case todos, reitor do Seminario Maior de Santiago, faleceu o día 12 de decembro aos 57 anos tras varios de loita cun cancro. O día de Santa Lucía centos de sacerdotes, varios bispos e moitos amigos de toda Galicia, acudiron ao seu enterro no claustro da catedral de Santiago da que era cóengo. Deixou unha fonda pegada en moita xente de Pontevedra. onde pasou anos colaborando na parroquia de S. Bartolomeu e no Centro de Teoloxía para Segrases. O arcebispo de Santiago, Xulián Barrio, pronunciou unha sentida homilía na morte do que era un dos seus colaboradores máis próximos.

A Coordinadora de Crentes Galegos presentou o Documento da Paz-07 orientado este ano cara á preocupación ambientalista. Pobreza e medio ambiente non son fenómenos estraños senón que case sempre van xuntos, afirma o documento. A economía é a alternativa ao actual sistema produtivo que só busca o beneficio inmediato e a máxima explotación. Chama o texto a crear unha conciencia planetaria ao exemplo de Francisco de Asís, buscando unha relación fraterna con todos os seres do universo. Esta

conciencia ecolóxica pasa polo compromiso coa loita pola xustiza e o benestar social, xa que os causantes da inxustiza social son os mesmos que causan a inxustiza ecolóxica.

En novembro celebráronse en Santiago as I Xornadas de Católicos e Vida Pública organizadas pola Asociación Católica de Propagandistas, na que participaron uns 500 leigos. Andrés García Vilariño, delegado do Apostolado Segrar da Diocese, o Coronel de Palma, o presidente da COPE participaron na sesión inaugural. O compromiso do leigo foi un dos temas desenvolvidos nas xornadas, que discorreron entre mesas redondas e relatorios nas que participaron representantes de distintos grupos e movementos. As xornadas foron clausuradas polo arcebispo de Santiago, Xulián Barrio.

Tamén se celebrou en Santiago, o 2 de decembro, a primeira sesión das Xornadas de Comunicación Institucional organizadas polas Delegacións Diocesanas de Comunicación Institucional de Galicia e dirixidas a vigairos, delegados, traballadores de curia, reitores de seminario e responsables de organismos diocesanos. O obxectivo desta primeira sesión celebrada no Seminario Maior de Santiago foi incidir na comunicación interna e externa da igrexa, sobre todo nas dioceses. Arturo Merayo, decano de Ciencias da Comunicación da Universidade Católica de Murcia, dirixiu o traballo.

Foi moi sonada e tivo repercusión nos medios de todo o estado a iniciativa duns 80 cregos da Diocese de Lugo que, constituídos en accionistas, decidiron construír un

aparcadoiro nos terreos do Seminario de Lugo. O aparcadoiro foi bendito e inaugurado polo bispo, frei Xosé, o 28 de decembro. O bo da historia é que a diocese non perde patrimonio, hai compromiso de dedicar parte dos ingresos a Cáritas e os propios cregos poden autofinanciarse.

En Ourense o día 15 de decembro, 8 seminaristas recibiron os ritos de lectorado e acolitado, de camiño a recibir a orde presbiteral. En Santiago foi o día 17 cando 6 mozos, 4 diocesanos e 2 franciscanos, recibiron o diaconado nunha cerimonia celebrada na catedral. No mesmo espazo celebrouse o 30 de decembro a tradicional festa da Translación do Apóstolo Santiago, que tivo como oferente, no nome do rei, ao presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño. Ese mesmo día ETA facía estoupar unha potente bomba na T-4 do aeroporto de Barajas que matou a dous inmigrantes ecuatorianos. Tanto o presidente da Xunta como o arcebispo de Santiago fixeron referencia ao feito e pediron a paz.

O cardeal Rouco Varela logrou o pleno nunha conferencia organizada polo Club Faro de Vigo na cidade olívica o 12 de xaneiro. Rouco foi o primeiro conferenciante do ano no ciclo programado por Faro de Vigo. O tema discorreu sobre as relacións igrexa-estado. Días despois, interveu o prestixioso sociólogo da Universidade de Deusto, Javier Elzo que acaba de

publicar nunha editorial católica un interesante estudo sobre os mozos e a felicidade.

Ao rematar esta primeira crónica do 2007, quero lembrar ao mestre e amigo, frei Xosé Isorna, que durante uns 20 anos estivo á fronte da misa na TVG, e hai que recoñecer que axudou a que moita xente acollese a liturxia na nosa lingua. Recordo as mañás dos do-mingos no Hospital de Pontevedra, cando moitos enfermos pedían que lles puxeran a misa do frade na televisión. O P. Isorna preparaba con esmero aquelas misas, moitas veces sen medios, preocupándose de buscar coros, lectores, axudantes... Escoitamos a súa voz característica en tantas retransmisións da Semana Santa, do día do Apóstolo, das visitas do papa... Sabemos que a súa presenza era valorada e querida polos traballadores do ente. Cando se faga historia da TVG, ademais de Gayoso (tamén da familia franciscana) e Pemán, terá un sitio o bo do P. Isorna. Chégalle unha xubilación tardía, pero que non freará a súa actividade como colaborador na Delegación de Medios de Comunicación de Santiago e outras moitas lideiras.

Para os cristiáns trátase de reaccionar fronte ao sufrimento mediante o compartir e a ofrenda. Se fronte ao sufrimento propio, ou se fronte ao sufrimento alleo se entra nunha comunión cos demais, entón préndese unha luz. Abbé Pierre.

Rubén Aramburo Molet



Un silencio que interpela máis que moitas palabras

Victorino Pérez Prieto

Estreárona a finais de novembro pasado na capital, pero non chegou ás pantallas galegas ata hai finais de xaneiro. Xa non contaba con vela aquí e aproveitei para facelo nunha viaxe a Madrid. Levaba case dous meses en cartel e non nos apuramos polas entradas, coidando que non habería problema; a sorpresa foi que estaba a sala a rebordar e houbo que ver a película na segunda fila de butacas. E velaí unha das cousas que máis me impactou. Cal é razón pola que un filme de case tres horas de duración, sen un guión falado e sen banda sonora musical, sen unha trama de acción, que fala de experiencias relixiosas, etc. pode botar meses na carteleira comercial e captar a atención de centos de miles de espectadores na secularizada Europa? Pura curiosidade morbosa de que sucede tralos muros dun mosteiro, ou algo máis? Con razón dixo *Le Monde*: “Contra todo prognóstico, o recollemento monacal pode vender cine”.

Estamos a falar do filme *O gran silencio* (*Die große Stille*, Alemaña 2005, 164 min.), do cineasta alemán Philip Gröning, que chega tras un gran éxito comercial en Alemaña e ter conseguido varios premios; un deles, o European Film Academy, destacou a “capacidade de narrar a mística da fe e a necesidade de calma e silencio”.

Philip Gröning (Düsseldorf, 1959) é un realizador pouco coñecido entre nós; pero que ten unha historia persoal que axuda a comprender como puido embarcarse nun proxecto tan peculiar. Estudou Medicina e Psicoloxía, antes de entrar na Escola de Cine en Munich en 1982 e andou moito polo mundo adiante. Ademais de rodar varias curtametraxes moi valoradas, as súas anteriores longametraxes son pouco coñecidas aquí: *Summer* (1989), *The terrorist* (1993), *L'Amour*, *L'Argent* (2000).

O filme mostra o día a día dentro do mosteiro cartuxo Grande Chartreuse, nos Alpes franceses, preto de Grenoble. Unha película

austera, case mística, na que o título corresponde fielmente á vida desa comunidade monástica. Silencio, contemplación, oración e traballo. Só rompen ese silencio os pasos dos monxes, as portas que se abren, os pequenos ruídos do traballo diario, o vento no bosque, as follas das árbores e as folerpas de neve ao caer, as campás e os cantos litúrxicos. Tamén unhas palabras dun monxe cego cara ao remate do filme, agradecendo a Deus o seu amor (“Se Deus non enche a túa vida, non te empeñes en ser feliz”). E uns poucos rótulos, sobre todo un par deles que se repiten: as palabras de Xesús de Nazaré “Quen non renuncia ás súas riquezas e non me segue, non pode ser discípulo meu”; e as de Xeremías “Seducíchesme, Señor, e deixeime seducir”.

Pero *O gran silencio*, moito máis que unha reportaxe documental ben feita, é unha película excepcional, non só por ousada, senón por boa e cativadora; non sei se “a quintaesencia do cine”, como alguén chegou a cualificala, pero si cine de cinco estrelas, aínda que non lle guste nin teña que gustarlle a todos, sobre todo pola súa aridez, parella ao seu lirismo. E non é un puro documental, porque o director sabe que unha imaxe por si soa é ambigua, pero é a secuencia que constrúe o realizador segundo unha concepción, a que vai construindo o discurso e a obra filmica: “O espectador sente que hai unha liberdade de interpretar a imaxe, pero non é unha liberdade abstracta, está dirixida dentro duns límites que lle pon o director”, aínda que o espectador sexa libre para elaborar a súa ollada. Con todo, contrariamente ao que algún pode pensar, non é una película militante, nin de propaganda, senón unha obra de arte e unha busca da esencia da vida.

É un filme dunha gran beleza que pode semellar arcaica, pero tan moderna que resulta vangardista: “Quería mostrar o tempo biolóxico, e a iso axudábame o super8”, comenta o director, cando lle preguntan pola calidade borrosa dalgunhas secuencias, cun granulado espectacular.

Con algunha semellanza co “cine dogma” (Lars Von Trier e a súa relixiosa “Rompendo as ondas”), está rodada en gran parte con cámara en man, sen luz artificial (condición posta polos monxes e que lle facilita algúns recursos fílmicos extremos) e por unha soa persoa, o director, que tivo que agardar dezaseis anos para poder rodala en seis meses, recluso cos monxes. Pero tamén coa sobriedade dos grandes creadores dos poucos filmes autenticamente relixiosos da historia do cinema: Dreyer, Bresson, Bergman ou Tarkovski.

Ademais, Gröning realizou un filme moi “cartuxo”, cun ascetismo formal só comparable á realidade mostrada: abundancia de primeiros planos e planos detalle, plano fixo cunha cámara situada moitas veces nun recuncho, coa discreción e o sixilo do invitado que mira e admira, movementos de cámara lentos... como querendo entrar no misterio destas vidas tan “doutro mundo”. Pero a pesar da pobreza e austeridade do filme, non faltan detalles de humor (a conversa sobre si seguir facendo a ablución ritual das mans antes da comida ou non, o recreo dos monxes na neve, coma uns nenos...) e de tenrura (unhas mans poñendo amorosamente un unguento na pel áspera dun vello monxe).

O gran silencio, non é outra cousa que un modo de vida. Un modo de vida que, evidentemente non é para todos. Pero é lexítimo para os que o escollen; máis aínda, a súa coherencia é unha interpelación para os que non facemos ese camiño. Cando un sabe algo da vida monástica por dentro, sabe a gran verdade que hai nela para o encontro con Deus e con un mesmo, a pesar de que non estea ausente de contradicións e mesmo de pecado, como a de todos os fillos de Adán.

Alguén me comentou que lle parecía unha película pouco “cristiá”, pois nela aparece pouco Xesús Cristo, sobre todo o Cristo comprometido na liberación, no compromiso contra a opresión da humanidade. Pero, como recoñecía o mesmo director, estes monxes viven sen medo e como homes libres, a pesar de tantas normas e restrición que rexen a súa vida. Certo que a miña teoloxía non é de todo igual á do único monxe que fala na película; pero isto é aquí secundario; o seu discurso e a súa vida, *tamén* son verdadeiros e máis coherentes que o meu.

Ademais do aspecto relixioso, hai máis cousas; aínda que non expresen un discurso ambientalista con palabras, a súa vida é moito máis fiel aos tres erros do ecoloxismo: restrinxir, reciclar, reutilizar. Eles viven nunha pobreza –que non miseria– da que son conscientes e que aceptan voluntariamente. Coidan con esmero os seus austeros alimentos, gardan e reutilizan ata os botóns e os pequenos anacos de tea dos seus hábitos; non tiran nada, pero non acumulan diñeiro.

Sen dúbida, unha desas películas que hai que *ver*; entre outras cousas porque non pode ser *contada*. Pero tamén porque a súa paz pode reconciliarnos e axudarnos a vencer algúns dos nosos medos.

Victorino Pérez Prieto

Teólogo e escritor



Bill Huebsch

La catequesis de toda la comunidad

Sal Terrae, Santander, 2005, 151 pp.

Esta obra do especialista estadounidense en catequese Bill Huebsch propón unha renovación da catequese. Aposta por unha catequese que involucre a toda a comunidade, novos e vellos, laicos e cregos. O libro ven arroupado por unha presentación da edición española que corre a cargo do bispo de Tortosa, Javier Salinas, e outra da edición francesa feita por Henri Derroite. Nelas introdúcesenos na temática abordada no libro, a catequese actual, sinalando os lazos existentes entre a catequese e a comunidade, tanto no maxisterio coma na teoloxía recente.

O libro divídese en dúas partes e uns apéndices. Na primeira parte explora o marco dentro do cal se sitúa actualmente a catequese nos EEUU, chámalle “marco escolar” por ser semellante aos programas escolares de dito país. Logo ofrécenos un panorama xeral do novo marco que el propón, o chamando “marco da catequese de toda a comunidade”. Na segunda parte examina algúns aspectos prácticos deste novo marco, tales son: a unión da liturxia e a catequese, o centramento cristolóxico da catequese, as familias como centro da catequese e a catequese interxeracional. Logo veñen seis apéndices moi útiles para catequistas e axentes de pastoral. Neles explica como se ten que desenvolver este tipo de catequese, mostra

modelos de acerca-mento á xente que se atopa afastada da igrexa, incide na necesidade de potenciar o saber escoitar á xente, no emprego dunha nova linguaxe nas asembleas catequéticas, etc. Remata o libro cun epílogo do xesuíta André Fossion no que nos fala da reconstrución da catequese en tempos de crise e finalmente proporciónanos unha suxestiva e variada bibliografía na que poder seguir afondando na temática sobre a que versa o libro.

A idea central do libro é a proposta dunha catequese de toda a comunidade. Chega o autor a esta conclusión logo de estudar a maneira na que Xesús ensinaba, analizar as ensinanzas ao respecto do Concilio Vaticano II xunto coas orientacións do Directorio Xeral para a Catequese e despois de ver na comunidade catequética un consenso emerxente sobre a súa proposta. Por tanto fundamenta a súa proposta dende a Biblia o Maxisterio e a teoloxía actual. É un libro que non só aborda a teoría sobre a catequese senón que tamén se refire ás prácticas que posibilitan novos camiños para xerar vida cristiá. Trátase dunha catequese desde, en e para a comunidade, que se vincule coa liturxia. Isto lógrase coa participación da familia, ámbito no que se constrúe a realidade comunitaria da vida.

En canto á edición do libro cabe dicir que, como acostuma a editorial

Sal Terrae, está moi lograda e só atopei unha errata de expresión na páxina 135. Persoalmente comparto a teoría e a praxe que o autor nos expón salvo cando, na páxina 68, aborda o programa de catequese apropiado para o bautismo. Di o seguinte: “Cada persoa implicada en la catequesis debe tener al menos dos experiencias de bautismo cada año. Esto incluye la preparación para el bautismo, el rito en sí y una mistagogía de seguimiento”. ¿Deixa entón de ser o bautismo un sacramento que implica carácter? ¿Logo o bautismo non causa a graza *ex opere operato*? Penso que esta

proposta implica un distanciamento destes elementos esenciais do sacramento do bautismo que non se poden esquecer polas ansias de estar experimentando varias veces ao ano a sensación do bautismo. É un sacramento único que se recibe unha soa vez na vida, se ben é certo que debemos, os bautizados, ter experiencias do bautismo nas nosas vidas sentíndonos cristiáns, o cal non implica a necesidade de bautizarnos varias veces ao ano. Coido que ambos elementos son importantes e que se poden integrar sen crear escisións dogmáticas nin pastorais.

Marcelino García Bermúdez

Montaner Abasolo, M^a Carmen

La autoestima del profesorado de religión

Grupo Editorial Entheos, S.L.. Madrid, 2006

O profesorado de relixión está de noraboa pola publicación desta obra de María del Carmen Montaner Abasolo, doutora en pedagogía e profesora de relixión dende hai vinte anos. Dende unha concepción humanista, personalista e cristiá, e dende a súa experiencia docente, a autora atreveuse a un discurso sobre a educación e o valor e papel que a ensinanza relixiosa escolar ten no sistema educativo actual. Parte da realidade do profesorado de relixión (en concreto na realidade valenciana) e céntrase en dúas cuestións fundamentais: a autoestima do profesorado e as diversas interaccións educativas que o seu traballo suscita.

Fala de profesionalidade, de diálogo ecuménico, de retos de futuro..., e no epílogo fai interesantes suxestións para poder encher as lagoas que atopa no ensino da relixión hoxe no Estado Español, tanto dende o punto de vista da actuación cos alumnos e alumnas como no seu actuar docente. É doado identificar na realidade docente as cuestións que aborda, os problemas de fondo. As suxestións resultan claras e clarificadoras. A súa lectura resulta moi recomendable para todos aqueles que se moven no mundo da educación relixiosa escolar e queiran darlle un enfoque realista nun estado pluricultural como o noso.

O libro, prologado por Carlos Este-

ban Garcés, director da revista *Religión y Escuela*, preséntase en

CD, o que fai máis doada a súa consulta e manexo.

Marisa Vidal Collazo

Manuel Mejuto Sesto (coord.)

A Leducia de ser Catequista: Manolo Cillero Hermida na lembarnza

Santiago, 2006

Pasaron xa vinte anos desde que tiven a honra de escribir nesta revista unhas moi sentidas palabras para despedir ao noso amigo Manolo Cillero que, de xeito inesperado, se fora de entre nós a vivir no gran misterio da vida que non vemos. Era bo amigo, desprendido, traballador sen acougo e colaborador entusiasta en cantas actividades emerxían da mormeira dunha igrexa ritualista, previsible e rutineira que, porén, estaba a ser sacudida polos impulsos do Vaticano II e mesmo polos inicios do Concilio Pastoral de Galicia. Nese contexto de renovación dinámica e desde a súa responsabilidade na Pastoral Catequética das dioceses galegas deixou Manolo ben marcadas as pegadas da súa sabenza e do seu esforzo, de xeito que o seu nome quedou brillante na nosa lembranza. Pero o tempo pasa inexorablemente, e todo o que foi unha morea de iniciativas e realizacións reducíase pouco a pouco, na memoria colectiva, á sinxeleza dun nome que, iso si, aínda vive nos ámbitos onde debера ter continuidade o seu traballo.

Diante do cadaleito onde visitamos os seus restos, un grande amigo seu, Manuel Mejuto, fíxose a si mesmo a promesa de que non había permitir que o seu labor fecundo quedase no esquecemento.

E non só as actividades realizadas senón, sobre todo, os seus métodos de traballo que aínda coída suficientemente válidos. E deste xeito, aos vinte anos do seu pasamento, polo esforzo do seu amigo, aparece este libro que debe gardar escrita a súa lembranza. Fomos varias persoas as que tivemos a honra de colaborar na súa redacción, pero é a man do Manuel Mejuto a que puxo o máis do traballo tanto nos contidos como na posibilidade de edición. Agora o lector poderá facer un seguimento do que foi a vida do noso catequista, así como das palabras de agradecemento e admiración que nel deixaron escritas moitas das persoas que con el colaboraron ou gozaron da súa amizade. Pero tamén quedaron patentes os seus esquemas de traballo onde se adiviña o rigor co que preparaba as súas actividades, a filosofía de base que sustentaba o seu bo facer, así como os métodos minuciosamente aplicados que aínda poden servir de exemplo e de garantía para os catequistas de hoxe.

Todos cantos coñecemos de preto a súa vida e a súa actividade asinaremos sen dúbida a xusteza do título que Mejuto lle puxo ao seu libro: a leducia de ser catequista.

Bernardo García Cendán



**30 anos de Encrucillada, o venres, 23 de marzo,
no Consello da Cultura Galega**

- 19:00** Presentación.
19:10 Palabras de *Andrés Torres Queiruga*.
19:25 Relatorio de *Ramón Villares*.
20:00 Presentación do novo equipo redactor da revista *Encrucillada*.
e dos libros de *Xaquín Campo Freire* e *Victorino Pérez Prieto*.
20:20 Pequeno concerto de música galega a cargo do grupo "*Raza loba*".
21:00 Viño de honra.



Valcárcel, Xesús Manuel: *Tratado de amor universal*, Bubela Editorial, Santiago de Compostela, 2006, 80 páxs.

O libro é un ensaio moi particular sobre o amor, nunha forma que se pretende intermedia entre o tratado filosófico e o discurso poético, para ofrecer unha visión alternativa do tema, arredándose expresa e polemicamente da tradición occidental maioritaria de tratamento do mesmo.

VV.AA.: *Europa, Europa*. Tórculo edicións, Santiago 2006, 332 páxs.

Álvaro Xosé López Mira e Celso Cancela Outeda, coordinaron este libro que prologou José Luís Rodríguez Zapatero e onde dezasete especialistas enfrontan os diversos problemas da Europa actual: liberdade, seguridade e xustiza; o poder rexional; a necesidade dunha política exterior; o futuro: *quo vadis*, Europa?

VV.AA. *A memoria esquecida: Peladas, presas, paseadas*, Xunta de Galicia, Santiago 135 páxs.

É unha obra do Servizo Galego de Igualdade coa colaboración da revista feminista *Andaina*. Recolle anacos de historia vivida por algunhas mulleres durante a guerra civil e a guerrilla durante o franquismo. Moi pouco en proporción ao que houbo e que se foi perdendo, tanto polas dificultades obvias como polo papel secundario que se lle dou á muller nestes estudos.

Pérez López, Segundo L. *San Rosendo e Mondoñedo. Razóns dun*

centenario (907-2007) Salamanca 2006, 196 páxs.

Folga loar a figura de San Rosendo e a actualidade que poden ter moitas das súas inquietudes e reflexións. O autor amosa ben o valor da súa personalidade e o que supuxo para a Galicia medieval, e aínda hoxe lle poderíamos facer algún caso máis...

VV.AA. *Catro relatos*. Concello de Lugo, 2006, 60 páxs.

Recole os catro traballos premiados no VIII certame de narración curta, Anxel Fole, dous en galego da autoría de Iván García Campos e Francisco Rosado, e dous en castelán de Javier Pérez e José Manuel Moreno.

VV.AA. *O terceiro Estatuto Galego: Propostas desde a Ciencia Política*, Tórculo, Santiago 2006, 416 páxs.

Álvaro Xosé López Mira, coordina esta colección de traballos sobre o terceiro estatuto, na que doce profesores da Universidade de Vigo, analizan os diferentes aspectos: galeguidade, autonomía, condición europea, dereito etc.

Díaz Castro, Xosé María: *Nimbos*, Xunta de Galicia e Editorial Galaxia, Vigo 2006, 94 páxs.

Afonso Blanco Torrado prologa esta edición que o poeta lugués publicou no 1961. Benvinda polo que supón de difusión deste gran poeta.

Román-Odio, Clara: *Octavio paz en los debates críticos y estéticos del siglo XX*, Tres Ctres, Santa Comba 2006, 293 páxs.

A autora, de orixe portorriqueña, é catedrática de Literatura Hispanoamericana en Estados Unidos. Analiza unha extensa bibliografía crítica do autor, para valorar a súa achega ao século XX, no panorama da estética e da ética. Descóbrenos o segredo de que apareza como un autor posmoderno.

VV.AA. *O nome e o símbolo dos elementos químicos*, Xunta de Galicia, Santiago 1006, 100 páxinas.

Nin máis nin menos que o que reza o título. Unha introdución e tres capítulos fálannos dos antecedentes, das orixes, dos nomes, da historia e utilidade dos elementos. Ilustracións. Remata cunha bibliografía moi completa. Son autores M. R. Bermejo, A. M. González-Noya e M. Vázquez.

VV.AA. *Yunque: Periódico de vanguardia política (Lugo 1931-32)* Edición facsimilar.

CALENDARIO DO CONTRIBUÍNTE

Xa pasamos os recibos que estaban domiciliados.

Pero quen se anime a enviar a autorización co número de conta, aínda está a tempo para abril. Tamén podemos facer ingreso en calquera das contas bancarias, pondo nome de remitente.

Como sempre queremos evitar os *reembolsos*, que faremos en maio a quen non teña feito o pago.

Aínda nos queda algunha débeda pendente do ano pasado.

Agradecemos colaboración e xenerosidade. Así cumprimos trinta anos.